

A nosa voz en Europa

Boletín

Xuño 2017–Maio 2019

Dereitos humanos,
sociais e políticos

Medio ambiente

Agricultura e alimentación

Pesca

Mulleres

Enerxía

Políticas económicas

Xestión territorial

Saúde

Emprego

Internacional

—

Preguntas parlamentarias

Actividades

3

Índice

- 2** Dereitos humanos, sociais e políticos
 - 22** Medio ambiente
 - 38** Agricultura e alimentación
 - 49** Pesca
 - 55** Mulleres
 - 61** Enerxía
 - 63** Políticas económicas
 - 74** Xestión territorial
 - 77** Saúde
 - 80** Emprego
 - 81** Internacional
-
- 85** Preguntas parlamentarias
 - 89** Actividades
-

Lidia Senra Rodríguez

Deputada galega no Parlamento Europeo e membro do Grupo Parlamentario da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL).

Coa vontade informar sobre o traballo que vimos realizando ao longo da lexislatura 2014-2019 no Parlamento Europeo, compilamos neste terceiro número da revista «A nosa voz en Europa» parte das actividades realizadas desde mediados do ano 2017 até o mes de maio de 2019. Esta recta final estivo moi marcada pola defensa dos dereitos humanos e sociais, as loitas medioambientais, a xestión territorial, a defensa dunhas pensións dignas, a loita contra o auxo do fascismo e, por suposto, a nova Política Agraria Común (PAC) e o Regulamento das medidas técnicas da Política Pesqueira Común (PPC), onde cabe destacar as iniciativas levadas adiante na defensa da pesca artesanal. Atrás fican cinco anos durante os cales diferentes sindicatos e colectivos organizados do noso país trouxeron a súa voz ás institucións europeas participando en diferentes actividades. Cinco anos nos cales a información e formación mediante visitas, reunións, entrevistas, debates e xornadas estiveron moi presentes para achegar e comprender mellor as políticas das institucións europeas, como nos afectan e como podemos traballar para as pór ao servizo da clase traballadora e das clases populares.

Moitas grazas a todo o equipo, aos grupos de traballo e a todas as persoas que o fixestes posíbel.

Dereitos humanos, sociais e políticos



Reclamamos a liberación dos presos políticos saharauís

En xullo de 2017 participamos nun acto en Sarria pola liberación dos 24 presos políticos saharauís encarcerados pola súa participación no campamento Gdeim Izik, xulgados pola xustiza marroquí por reivindicar o dereito de autodeterminación do pobo saharauí e a ter acceso aos seus recursos naturais. O evento, organizado por Resistencia Saharaui en colaboración coa Asociación Cultural Rúa da Música, congregou varias decenas de persoas que se xuntaron para informarse e debater, ver o documental *Gdeim Izik - El campamento de la Resistencia Saharaui* e gozar coa música de Noe González e Borja López, TheCoolExperience e Yslem Fillo do Deserto.

No mes de setembro, persoas achegadas aos presos políticos saharauís do campamento Gdeim Izik trasladáronnos a denuncia dunha nova vulneración dos dereitos humanos destes líderes sociais, vítimas dun xuízo civil cheo de irregularidades por parte do Goberno de Marrocos en xuño dese mesmo ano. Seguimos de preto a situación dos dezanove presos de Gdeim Izik e denunciámos, tanto publicamente como a nivel institucional dentro da UE, as vulneracións de dereitos humanos que o Goberno de Marrocos segue obstinado en cometer contra estes activistas sociais e as súas familias. **1/2**

Instamos aos estados español e francés a respectar os dereitos humanos das persoas presas

Como integrantes do Grupo de Amizade co País Vasco do Parlamento Europeo (PE) participamos na conferencia «Proceso de Desarmamento: Cara a unha paz duradeira no País Vasco», que tivo lugar no Parlamento Europeo o 5 de setembro de 2017. Co obxectivo principal de falar polo miúdo do proceso de desarmamento de ETA e pór sobre a mesa os retos que aínda fican pendentes, este evento contou coa participación do pastor metodista irlandés Harold Good, observador nos procesos irlandés e vasco, quen apelou ao principio de reciprocidade para demandar aos estados francés e español o achegamento das persoas presas. En representación da sociedade civil, Anaiz Funosas, voceira do movemento civil Bake Bidea, subliñou que está a ser precisamente a sociedade a forza que está a funcionar como principal panca no proceso de paz. **3**

Accións de apoio ao pobo catalán nas semanas previas ao referendo do 1 de outubro

Nas semanas previas á realización do referendo catalán do 1 de outubro participamos en distintas iniciativas de apoio ao dereito a decidir dos pobos, impulsadas desde o Parlamento Europeo. A inicios de setembro emitimos un comunicado de prensa en que condenamos a agresividade coa que o Goberno do Estado español comezou a tentar bloquear o exercicio de democracia activado polo Parlament a través da aprobación da convocatoria do referendo de autodeterminación de Catalunya. Uns días máis tarde, a través dunha pregunta, denunciámos diante da Comisión Europea (CE) a intromisión da Policía Nacional nunha empresa da Coruña baixo o pretexto de investigar a posibilidade de que estivese a fabricar urnas de metacrilato susceptibles de seren empregadas no referendo de Catalunya. Xunto con outras 16 eurodeputadas e eurodeputados, remitimos unha carta ao vicepresidente da Comisión Europea, Frans Timmermans, pódoo en coñecemento da suspensión cautelar dun acto polo dereito a decidir previsto en Madrid, e expresando a nosa consternación polo ataque ás liberdades civís no Estado español. Lidia Senra tamén formou parte do grupo de máis de 30 deputadas e deputados que asinaron conxuntamente unha pregunta dirixida ao presidente da Comisión Europea, Jean Claude Juncker, para denunciar que o Fiscal Xeral do Estado chamou a declarar a 712 alcaldes e alcaldesas –un 75% do total de alcaldías de toda Catalunya– por teren manifestado apoiar a realización do referendo do vindeiro 1 de outubro. A eurodeputada galega acusou o Goberno español de estar «tecendo unha estratexia coercitiva para espallar o temor entre a cidadanía, para contaxiar un sentimento de vulnerabilidade co que tentar bloquear o dereito das persoas, dos pobos, a decidir democraticamente sobre o seu futuro».

Tamén co-asinamos unha carta conxunta de varios grupos parlamentarios dirixida ao presidente do Goberno español na que recriminamos a Mariano Rajoy o feito de que Catalunya estivera sometida a un Estado de Sitio non declarado nas semanas previas ao 1 de Outubro, situación que, de facto, vulnera tanto os Tratados como a Carta da UE. O Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), do cal formamos parte, emituiu ademais un pronunciamento para facer pública a fonda preocupación pola detención de 14 altos funcionarios cataláns por parte do Estado español.



Desprazámonos a Catalunya para seguir o referendo do 1 de outubro dentro dunha delegación parlamentaria internacional

Do 29 de setembro ao 2 de outubro, Lidia Senra estivo facendo parte dunha delegación parlamentaria internacional organizada por Diplocat. Nas horas previas ao referendo, Senra mantivo varios encontros en Barcelona, que incluíron reunións coa presidenta do Parlament catalán, Carme Forcadell, na sede da institución catalá; e co presidente do Goberno catalán, Carles Puigdemont, e o conselleiro de Asuntos Exteriores, Relacións Institucionais e Transparencia, Raül Romeva, no

Palau da Generalitat. Tamén tivo a oportunidade de escoitar a diferentes persoas expertas académicas en materia económica e política, así como a diferentes representantes da sociedade civil catalá. **4 a 6**

Pedimos que a UE invoque o Artigo 7 do Tratado da Unión Europea e non consintan máis vulneracións dos DDHH en Catalunya

Nos días seguintes ao referendo catalán, coincidindo coa sesión plenaria do Parlamento Europeo en Estrasburgo, Lidia Senra tomou a palabra para pedir unha maior implicación da Unión Europea para facer fronte á

situación de vulneración de dereitos humanos que o Estado español está a provocar en Catalunya. Á vista do expresado por Felipe VI no discurso televisado logo do 1-O, «ficou claro que o Estado non está disposto a dialogar», lamentou a eurodeputada galega, «non só empregou un ton intolerante e parcial, senón que non tivo nin un só xesto coas vítimas da brutal represión policial». Fíxose eco tamén das valoracións do Equipo Internacional de Investigación de Expertos e Expertas Electorais desprazadas a Catalunya, citando textualmente parte do seu informe: «Asistimos a acontecementos que ningunha persoa observadora de eleccións debe testemuñar xamais. Agardamos non volver presenciar nunca escenas desta natureza. Vimos numerosas e repetidas violacións dos dereitos civís e humanos. Aínda máis, fica claro que foi unha operación orquestrada, de estilo militar, coidadosamente planeada. Deixounos atónitos que oficiais armados e enmascarados entraran nas mesas electorais co propósito de impedir un proceso democrático pacífico».

Ademais, nunha reunión mantida polo Grupo Confederal da Esquerda Verde Nórdica/Esquerda Unitaria Europea (GUE/NGL) durante esa mesma sesión plenaria de principios de outubro, a eurodeputada galega trasladou ás formacións políticas deste seu grupo parlamentario a nivel europeo a emoción vivida en Catalunya o pasado domingo. «Nunca esqueceré ver as persoas maiores, e non tan maiores, nas mesas dos colexios electorais, chorando de impotencia e de rabia ante a situación que estaban a vivir. Eu nunca esqueceré como cada persoa que conseguía votar vivíao como unha enorme vitoria e un grande triunfo democrático», relatou.

A globalización non é reformábel, cómpre derrubala

Na sesión plenaria de principios de setembro de 2017 tomamos a palabra para posicionarnos en contra dun informe sobre Impacto do comercio internacional e das políticas comerciais da UE nas cadeas de valor mundiais por considerar que é un lavado de cara á globalización e á Organización Mundial do Comercio (OMC), instrumentos do capitalismo para dominar o mundo e seguir concentrando a riqueza. Fronte ao modelo homoxeneizador e de concentración do poder impulsado polo capitalismo na súa fase neoliberal, chamamos a construír relacións entre os pobos en pé de igualdade, recuperando o seu dereito a decidir, relocalizando a produción, devolvendo os dereitos sociais, políticos e laborais roubados; protexendo os recursos naturais e o clima. Denunciamos que a globalización da produción mundial se está a

utilizar como desculpa para xustificar a posta en marcha de políticas, medidas e leis que lexitiman afondar no proceso de concentración da riqueza á conta de desposuír de dereitos a clase traballadora e traspasando o dereito a decidir dos pobos, ademais de regalar competencias das institucións públicas ás transnacionais. A soberanía política, alimentaria e enerxética dos pobos é incompatible coa globalización.

Esiximos ao Goberno español que respecte a realidade plurinacional do Estado

A través dun comunicado de prensa criticamos en setembro de 2017 os actos de exaltación do patriotismo español que por esa altura estaba a impulsar o Goberno estatal do PP en vilas e cidades como Ordes, A Coruña, Marín ou Ferrol en colaboración con institucións públicas, cun claro carácter anacrónico e que lembran épocas máis propias do franquismo que da democracia.

Esixímoslle ao Goberno que aceptase dunha vez a realidade plurinacional do Estado e o dereito a decidir de cada unha das nacións que conforman esta realidade, e alertamos de que a proliferación de xuras de bandeira española para civís que se deron no noso país nos últimos tempos supón outro intento desesperado por exacerbar o nacionalismo español para agochar a crecente reivindicación do dereito dos pobos a decidir que se estaba a dar co *procés* de Catalunya.

A UE confirma que o Estado español debe actuar contra o delito de apoloxía do franquismo

A Comisión Europea respondeu en outubro de 2017 á denuncia realizada a finais dese verán pola eurodeputada Lidia Senra en relación ás declaracións públicas efectuadas pola Fundación Francisco Franco nas que aseguraba que ser a responsábel de xestionar as visitas guiadas ao Pazo de Meirás era para ela «unha honra e unha excelente oportunidade para mostrar ao gran público a grandeza da figura» do ditador. No escrito emitido pola CE esta entidade lembrou que a Decisión Marco da UE relativa á loita contra o racismo e a xenofobia (2008/913/JAI) obriga os Estados membro a tipificar como delito a apoloxía pública dos crimes de guerra. Ademais, especificou a CE, é competencia das autoridades do Estado investigar, procesar e xulgar os casos individuais de delitos de incitación ao odio, como ben puidera ser o caso da actitude da Fundación Franco,



non só polas declaracións públicas que ven realizando, senón tamén por estar beneficiándose economicamente da xestión dun Ben de Interese Cultural (BIC) como é o Pazo de Meirás, que non só foi regalado a Franco durante a Ditadura a través de 'doazóns' forzosas que tivo que facer o pobo, senón que ademais agora está a servir para financiar os seus defensores. **7/8**

Lidia Senra, entre o grupo de eurodeputadas e eurodeputados expulsado do Sáhara Occidental ocupado por Marrocos

O 27 de outubro de 2017 as autoridades marroquís negáronlles a entrada a El Aaiún, capital do territorio ocupado do Sáhara Occidental, a cinco persoas membros do Parlamento Europeo, entre as que viaxaba Lidia Senra. Todas elas forman parte do Intergrupo do Parlamento Europeo para o Sáhara Occidental e programaran reunións coas partes interesadas da sociedade civil en El Aaiún. «Marrocos non quere ningunha testemuña da continua violación que está a facer dos dereitos humanos do pobo saharauí nos Territorios Ocupados. Non quere testemuñas dos seus crimes», criticou a eurodeputada galega; «unha das cuestións das que precisamente queríamos obter máis información era sobre o feminicidio dunha moza saharauí asasinada por colonos marroquís fai apenas un par de semanas». Esta misión tiña tamén

como obxectivo manter xuntanzas con colectivos de defensa de dereitos humanos, activistas saharauís e familiares dos presos políticos, tanto dos dezasete universitarios presos –coñecidos como «os compañeiros de El Ouali», estudante asasinado por autoridades marroquís no ano 2016– como dos campamentos Gdeim Izik que foron dispersados polas autoridades marroquís a centos de quilómetros das súas familias, como xa tiña denunciado a propia Lidia Senra. **9/10**

Senra exhorta a UE a deixar de amparar o espolio do Sáhara Occidental e respecte as conclusións do TXUE

En xaneiro de 2018 o Tribunal de Xustiza da Unión Europea estableceu que o Acordo de Pesca asinado en 2006 entre a Unión Europea e Marrocos non podía en ningún caso ser aplicado ao Sáhara Occidental nin ás augas adxacentes. «O TXUE está a darlle a razón ao



pobo saharauí reiterando que este Acordo de Pesca se está a aplicar ilegalmente nun territorio ocupado, en contra do Dereito Internacional e impedindo que o Sáhara Occidental dispoña libremente dos seus recursos naturais», recalcou a través dunha nota de prensa a eurodeputada galega, representante suplente para o GUE/NGL na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo. Ao longo de toda a lexislatura puxemos sobre a mesa a ocupación ilegal do Sahara Occidental por Marrocos coa complicidade das potencias internacionais.

Xubilación en tempos de austeridade. Cal será o futuro do noso sistema de pensións?

Baixo o título «Xubilación en tempos de austeridade. Cal será o futuro do noso sistema de pensións?», a eurodeputada galega Lidia Senra, a grega Sofia Sakorafa e o grego Nikos Chountis, integradas no Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), coordinaron o 30 de xaneiro unha xornada de debate no Parlamento Europeo (PE) en Bruxelas. Desde Galiza desprazáronse trinta persoas do ámbito da loita social a prol do sistema público de pensións para participar neste evento na Eurocámara.

Entre elas, a integrante do Movemento Galego en Defensa das Pensións Públicas (MODEPEN) e voceira da Coordinadora Estatal pola Defensa do Sistema Público de Pensións, Victoria Portal Mariño, quen entrevistou como poñente para dar conta das mobilizacións sociais levadas a cabo nestes últimos anos e concretar as demandas específicas transmitidas desde a cidadanía para salvagardar o sistema público de pensións. **11 a 14**

Facer fronte á vulnerabilidade social en Haití, vía para rematar coa grave situación de escravitude infantil

O 8 de febreiro de 2018 o Parlamento Europeo (PE) aprobou unha proposta de resolución alertando da arrepianante situación de escravitude infantil en Haití vinculada ao traballo doméstico, na que se están a ver atrapadas e atrapados arredor de 400.000 menores, un 60% nenas. Lidia Senra, responsábel para o Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) na Delegación paritaria África-Caribe-Pacífico (ACP-UE), interveu no debate previo matizando que Haití non é un país «pobre», senón un país «empobrecido, afogado pola débeda imposta



15



16

por Francia e distintas institucións internacionais; devastado polo terremoto de 2010 e máis tarde polo furacán *Matthew*. O 77% dos seus habitantes viven con menos de 2 dólares ao día e atópase nunha situación de inseguridade alimentaria grave». A eurodeputada galega, que no mes de decembro de 2017 se desprazara a Haití no marco dunha delegación da ACP-UE que lle permitiu coñecer *in situ* a situación do país, explicou que, debido á vulnerabilidade social vinculada á situación económica que afoga a poboación, «un gran número de familias vense obrigadas a confiar os seus fillos e as súas fillas a outras persoas para garantir a supervivencia destas nenas e nenos; situación que en moitos casos acaba derivando en que sexan obrigadas e obrigados a realizar traballos domésticos, así como vítimas da explotación e da violencia tamén sexual». Un primeiro paso, propuxo, sería que as autoridades haitianas ratificasen a Convención 189 da OIT, «asegurando os controis necesarios para evitar a explotación infantil e a violencia, e prestando atención á violencia sexual no traballo doméstico». Senra reivindicou no pleno do PE que, para combater cuestións dunha gravidade tan alarmante como a escravitude infantil, a Unión Europea ten que adoptar medidas que realmente favorezan o desenvolvemento do país. Neste sentido, demandou que a UE non condicione as contías económicas vinculadas á axuda ao desenvolvemento a que o Goberno haitiano ratifique acordos de asociación económica coa UE. Entre a batería de medidas concretas propostas polo Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica, a eurodeputada galega apuntou a pertinencia de que, tendo en conta a grave carga de débeda que constrinxen a economía haitiana, «as axudas económicas non sexan concedidas en forma de préstamos, senón como doazón», advertindo entre as responsabilidades europeas que o Estado francés «debe reembolsar a débeda colonial». Por último, como responsábel para o GUE/NGL na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural, así como na Delegación ACP-UE, Lidia Senra esixiu «respecto polo dereito de Haití á Soberanía Alimentaria e apoio ao campesiñado para producir a alimentación para o seu pobo».



17



18



19

Iniciamos campaña de información sobre a intención da Comisión Europea de favorecer o mercado das pensións privadas cun novo produto paneuropeo

O 8 de febreiro de 2018 Lidia Senra ofreceu unha rolda de prensa en Pontevedra, acompañada por Victoria Portas Mariño, voceira da Coordinadora Estatal pola Defensa do Sistema Público de Pensións e membro do Movemento Galego en Defensa das Pensións Públicas (MODEPEN), e polo economista, sindicalista e docente Xabier Pérez Davila. O obxectivo foi alertar e denunciar publicamente que a CE viña de presentar unha Proposta de Regulamento para ofrecer un novo produto paneuropeo de pensións individuais coa intención de «alentar un mercado europeo das pensións privadas» para «favorecer» as entidades financeiras, compañías de seguros e de xestión de activos, que serán quen leven todos os beneficios. **15**

Esiximos á UE que cumpra a sentenza que impide á frota comunitaria faenar no Sáhara Occidental

En febreiro de 2018 a eurodeputada galega chamou as autoridades comunitarias a facer cumprir a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) que estableceu que o Acordo de Pesca asinado entre a Unión Europea e Marrocos non é aplicábel ao Sáhara Occidental, destacando que debería supor a saída dos barcos europeos que operan nas augas saharauís ao abeiro deste acordos e chamando a non seguir amparando a explotación duns recursos que non forman parte da zona de pesca marroquí. Arredor do 70% das licenzas outorgadas á frota europea en virtude do mencionado convenio refiren a augas saharauís. Na súa sentenza, o TXUE aclarou que incluír o territorio do Sáhara Occidental no ámbito de aplicación deste Acordo de Pesca conculcaría determinadas normas de Dereito Internacional xeral que son de aplicación ás relacións da Unión co Reino de Marrocos, en especial o principio de autodeterminación.

Instamos o Estado español a abolir a dispersión penitenciaria

Lidia Senra experimentou de forma directa en marzo de 2018 o que significa a dispersión penitenciaria, ao realizar por primeira vez unha visita ao interior dun cárcere, autorizada polo Ministerio de Interior para acceder en calidade de eurodeputada. Senra visitou a María Osorio, moza galega presa nese momento no centro penitenciario de León, en Mansilla de las Mulas. Até alí viaxou en coche desde Santiago de Compostela, percorrendo 400 quilómetros ida e outros 400 quilómetros volta; é dicir, 8 horas conducindo, con tramos en que había neve e dificultades para a boa circulación. «Esta situación, incluso con percorridos maiores, teñen que vivira as familias e amizades que van visitar os presos e presas afastadas todas as semanas. Cando as visitas son por locutorio, non lles permiten estar dentro máis de 40 minutos. É unha crueldade sometelas a facer semellante traxecto de distancia», denunciou a través dun comunicado de prensa. Nese mesmo mes remitiu unha carta dirixida á Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, dependente do Ministerio do Interior, na que pediu ser informada sobre o número de persoas galegas que estaban cumprindo condena nunha prisión situada fóra da Galiza, ao tempo que pediu coñecer o número de prazas de internos e internas que hai nas prisións galegas e cantas persoas están presas en cárceres galegos sendo de fóra. Ademais rexistrou unha pregunta por escrito dirixida á Comisión Europea instándoa a mediar para que se respecten os dereitos humanos e preguntando se ten constancia das persoas que hai sometidas a dispersión penitenciaria no Estado español. **16 a 19**

Reunímonos no Parlamento Europeo con familiares dos presos políticos cataláns

En marzo de 2018 reunímonos no Parlamento Europeo con Diana Riba (compañeira de Raül Romeva), Blanca Bragulat (compañeira de Jordi Turull), Susana Barreda (compañeira de Jordi Sánchez), Laura Masvidal (compañeira de Joaquim Forn), Montserrat Puigdemont (irmá de Carles Puigdemont), Elisabet Comín (irmá de Toni Comín) e Pol Leiva (sobriño de Jordi Cuixart). Como integrante da Plataforma de Diálogo UE-Catalunya, Lidia Senra comprometeuse a esixir que a UE poña fin ao silencio que a está a facer cómplice da vulneración de dereitos que o Goberno de Mariano Rajoy instigou contra o pobo catalán. **20/21**



20



21

Esiximos á CE a retirada inmediata do Produto Paneuropeo de Pensións Individuais

A loita contra o Produto Paneuropeo de Pensións Individuais foi unha das principais liñas da nosa axenda de traballo ao longo desta lexislatura. Logo de alertar publicamente en febreiro a través dunha rolda de prensa das intencións da CE, o 24 de abril de 2018 Lidia Senra e o eurodeputado portugués Miguel Viegas –ambos os dous do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL)–, rexistraron un total de dezaseis emendas ao informe presentado pola Comisión Europea para favorecer os sistemas privados de pensións a través do impulso do Produto Paneuropeo de Pensións Individuais (PEPP, polas súas siglas en inglés). Unha delas esixía especificamente a retirada desta proposta demandando no seu lugar a elaboración de medidas para fortalecer os sistemas públicos de pensións co obxectivo último de garantir pensións públicas a todas as persoas na Unión Europea. «A Comisión Europea está a sentar as bases para relativizar a responsabilidade pública dos Estados de fornecer pensións dignas de xubilación. O argumento de que quen teña pensións baixas pode completalas aforrando a través deste produto financeiro é tremendamente inxusto e discriminatorio. Os salarios son cada vez máis baixos, e tamén as prestacións

sociais; como pretenden que a xente aforre?», criticou Senra nese momento a través dunha nota de prensa.

Reivindicamos un novo marco de relacións UE-ACP: debe primar a soberanía dos pobos e pór fin ao neocolonialismo

A Unión Europea atópase en proceso de renovación do acordo de asociación vixente cos Estados de África, Caribe e Pacífico (ACP), relacións actualmente rexidas polo Acordo de Asociación de Cotonú, que establece que as partes deben retomar as negociacións antes da expiración deste texto en febreiro de 2020. No marco deste proceso de reforma, durante a sesión plenaria de xuño de 2018 debatéronse os puntos clave en que se basearán as futuras relacións da UE cos Estados ACP, así como a votación dunha proposta de resolución especificamente referida ás próximas negociacións do novo acordo de asociación entre a Unión Europea e o Grupo dos Estados de África, o Caribe e o Pacífico. A eurodeputada galega Lidia Senra, integrante en representación do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) na Asemblea Parlamentaria Paritaria UE-ACP (APP UE-ACP) desde o ano 2014, opúxose co seu voto a esta resolución e interveu no pleno do PE para criticar a traxectoria de espolio que vén viciando historicamente as relacións político-económicas mantidas entre a UE e os países ACP, resaltando o carácter neocolonial das pautas que seguen a rexer estes diálogos asimétricos entre as partes. «Os acordos mantidos até o de agora entre a Unión Europea e os países ACP, lonxe de contribuír ao seu desenvolvemento, están a perpetuar unha situación de pobreza e miseria. Buscan unicamente materia prima barata, custes laborais baixos e normativas ambientais laxas, ademais de facilitar que as corporacións multinacionais poidan comercializar estes produtos con aranceis reducidos ou aranceis cero».

Pedimos coherencia á UE na súa posición a respecto da represión social na India

Xunto coa eurodeputada laborista Julie Ward, a eurodeputada galega Lidia Senra remitiu en xuño de 2018 unha carta ao presidente do Parlamento Europeo, Antonio Tajani, para expresar a súa preocupación pola presenza no PE da Ministra de Asuntos Exteriores da India, Sushma Swaraj, o 21 de xuño de 2018 con motivo do Día Internacional do Ioga. Durante o actual período do Parlamento Europeo, lembraron, foron dirixidas



Criticamos que a UE estea máis preocupada por perpetuar o espolio que por rematar co neocolonialismo

No marco da renovación do acordo de asociación vixente até 2020 entre a UE e os Estados de África, Caribe e Pacífico (ACP), en xuño de 2018 tivo lugar en Bruxelas a XXXV Sesión da Asemblea Parlamentaria Paritaria UE-ACP. A eurodeputada galega Lidia Senra, integrante da ACP-UE en representación do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) na Asemblea Parlamentaria Paritaria UE-ACP (APP UE-ACP) desde o ano 2014, subliñou nas súas intervencións a pertinencia de que este novo escenario de negociación fose aproveitado para establecer «un renovado marco de relacións entre a UE e os países ACP que remate co espolio neocolonial e poña en primeiro lugar a soberanía dos pobos». **22/23**



Dirixímonos á Comisaria Mijatovic para reiterar a denuncia da vulneración de DDHH no Estado español

O 17 de xullo de 2018 Lidia Senra remitiu unha carta á nova Comisaria de Dereitos Humanos (DDHH) no Consello de Europa, Dunja Mijatovic, co obxectivo de facerlle chegar a preocupación polos numerosos casos de vulneración de dereitos humanos e liberdades producidos no Estado español nestes últimos anos. Xunto coa carta achegamos tamén un expediente entregado xa ao gabinete do anterior Comisario de DDHH do Consello, Nils Muiznieks, nunha xuntanza mantida en setembro de 2017. A través deste documento a eurodeputada galega proporcionou exemplos concretos do aumento da represión social, a vulneración do dereito á manifestación e á liberdade de expresión e información, a situación nas prisións, o incumprimento da Lei de Memoria Histórica, a vulneración dos dereitos lingüísticos e dos símbolos de Galiza, a vulneración do dereito á folga ou a denominada Lei Mordaza.



á Comisión Europea polo menos dúas preguntas escritas interesándose pola posición da UE nos casos de represión contra persoas defensoras dos dereitos humanos na India, destacando a situación do profesor universitario GN Saibaba. Cunha discapacidade física do 90%, agravada nos últimos meses por unha pancreatite aguda, Saibaba foi condenado a cadea perpetua por amosar publicamente o seu apoio aos dereitos dos pobos Adivasis e Dalits e a súa crítica á estratexia governamental de contra-insurxencia «Operación Cacería Verde». Finalmente a xornada conmemorativa do Día Internacional do Ioga no PE tivo lugar contando coa participación da Ministra Sushma Swaraj, pero non do Presidente do Parlamento, Antonio Tajani, como si estaba anunciado inicialmente.

Reclamamos igualdade para a lingua galega no pleno do Parlamento Europeo

Durante a sesión plenaria de setembro de 2018, ao fío do debate dun informe sobre igualdade lingüística na era dixital, Lidia Senra interveu para esixir igualdade para a lingua galega en todos os ámbitos e que todos



os eurodeputados e eurodeputadas poidan expresarse en sede parlamentaria nas súas respectivas linguas, tamén nas que as institucións europeas chaman linguas minoritarias e que en realidade «son linguas ocultas e minorizadas pola imposición á forza e durante séculos das linguas alleas para convertelas en predominantes». A eurodeputada galega defendeu que «o recoñecemento por parte das institucións europeas do galego e de todas as linguas dos pobos que conforman a realidade plurinacional dos Estados membros é fundamental e non pode depender só das decisións que toman os Estados que nos oprimen como pobos». Así, fixo fincapé na grave situación que está a atravesar a lingua galega no noso país onde, segundo os datos do informe «Lingua e Sociedade 1992-2016» elaborado pola Real Academia Galega, só o 30% das persoas de entre 15 e 19 anos falan o galego, fronte ao 75% das persoas maiores de 75 anos. O descenso nas xeracións máis novas é dramático e non cesará se non mudamos tamén a tendencia na presenza da lingua en internet. «O galego representa menos do 0,01% dos contidos web. O galego ten que estar en igualdade de condicións presente en internet nesta era dixital para permitir que as persoas galego falantes poidamos desenvolvernos na rede con total normalidade en galego», reclamou Senra. **24**

Solicitamos á UE a suspensión dos acordos vixentes coa India até que cese a represión contra activistas

Nove eurodeputadas e eurodeputados subscribiron en setembro de 2018 unha carta á Alta Representante da Unión Europea para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, Federica Mogherini, para denunciar o ataque contra activistas polos dereitos humanos na India. Instaron o ente comunitario a suspender todos os acordos co Goberno indio «até que as e os activistas polos dereitos humanos sexan liberadas e liberados e se poña fin á persecución contra os pobos Adivasi, Dalits, minorías relixiosas, pobos de Cachemira e Manipur». Pediron tamén a inmediata liberación do profesor GN Saibaba e das persoas activistas –poetas, escritores e escritoras, directoras e directores de cine, profesorado, avogadas e avogados... Varavara Rao, Anand Teltumbde, Gautam Navlakha, Vernon Gonsalves, Arun Ferreira, Surendra Gadling, Shoma Sen, Sudhir Dhawle, Rona Wilson, Mahesh Raut e Sudha Bharadwaj–. No texto enviado a Mogherini, as eurodeputadas e eurodeputados recolleron, asemade, a preocupación manifestada publicamente por organizacións como Amnistía Internacional ou a ONU, ao tempo que lle lembran que a propia UE, na resposta proporcionada á pregunta parlamentaria que rexistramos no ano 2016, admitiu que a Delegación da UE en Nova Delhi ten feito chamamentos por motivos humanitarios á Comisión Nacional de Dereitos Humanos. O clima de tensión e denuncia na India está a ser cada vez máis pronunciado e acadando unha maior difusión internacional. Mostra desta visibilización foi, por exemplo, a repercusión do *hashtag* #MeTooUrbanNaxalite logo das detencións de defensores dos dereitos humanos producidas a finais de agosto de 2018.

Senra á UE: «Retiren o PEPP e pónanse a traballar xa para garantir sistemas públicos de pensións»

Por petición expresa do Grupo da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) tivo lugar durante a sesión plenaria do mes de setembro de 2018 o debate «O futuro das pensións: a loita contra a privatización e o fortalecemento dos sistemas de seguridade social pública universal». Lúcia Senra reiterou unha vez máis a esixencia da retirada do Produto de Pensións Individuais (PEPP), unha proposta da Comisión Europea que, como subliñou o propio GUE/NGL uns días antes a través dunha nota de prensa, responde aos

intereses de empresas de investimento global como *Black Rock*. «Queremos que os orzamentos públicos garantan as pensións públicas, o fin da fenda de xénero nas pensións e tamén da discriminación das persoas que traballan na agricultura, no mar e autónomas en xeral». «O Artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos di que todos e todas temos dereito a un nivel de vida axeitado, os e as pensionistas tamén. Fagamos que se respecte», defendeu Lúcia Senra. **25**

Xornada «O futuro das pensións en Galiza, no Estado español e en Europa»

En 2018 unhas xornadas europeas analizaron os días 28 e 29 de setembro no Palacio de Congresos de Santiago o futuro das pensións en Galiza, no Estado español e en Europa. Realizadas en coordinación co Movemento Galego pola Defensa das Pensións (MODEPEN), participaron persoas referentes na defensa das pensións e do sistema público en distintos Estados, co obxectivo de pór en común as situacións de ameaza das pensións públicas dignas polos intentos do capitalismo e do neoliberalismo de enriquecerse cada vez máis á conta do erario de todos e de todas, así como estratexias para facerlle fronte. A sesión do venres pola mañá estivo centrada nas experiencias dos países «rescatados» de Europa. A primeira parte correu da man de Dimítris Stratoúllis, ex viceministro da Seguridade Social e membro do Secretariado Político de Unidade Popular de Grecia; María Isabel Lemos, membro da Dirección Nacional da Inter-Reformados/Confederação Geral dos Trabalhadores Portugueses-Intersindical Nacional (CGTP-IN); e John Brady, deputado no Parlamento de Irlanda polo Sinn Féin. Na segunda parte deste panel participaron Victoria Portas, portavoz da Coordinadora Estatal pola Defensa do Sistema Público de Pensións e integrante de MODEPEN; Xabier Pérez Davila, economista, escritor e membro de MODEPEN; o doutor en Dereito, inspector de Traballo e Seguridade Social e profesor na Universidade de Valencia Héctor Illueca; e Ramón Franquesa, profesor de Economía na Universidade de Barcelona. O venres pola tarde tivo lugar un coloquio para abordar experiencias noutros países europeos que contou coa participación de Christophe Janot, secretario federal da Federación Nacional de Industrias Químicas de Francia (FNIC); Birgitta Sevejdorf, antiga alcaldesa do Consello do Condado de Estocolmo; e Henri Purje, asesor de política económica do grupo da Alianza de Esquerda no Parlamento de Finlandia. A sesión do sábado 29 deu comezo cun relatorio de Carolina Gala Durán, profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade Autónoma de Barcelona sobre «Muller, pensións e atención



#DefendeAGalega, Lidia Senra interveu durante a sesión plenaria do Parlamento Europeo para chamar a atención sobre o ataque ao pluralismo informativo no noso país. «Neste Parlamento, con moita frecuencia denunciámos con preocupación a manipulación informativa e a falta de pluralidade nos medios de comunicación en diferentes países; na plenaria do mes pasado fixémoslo con Hungría. Hoxe quero denunciar aquí a falta de pluralidade, a manipulación e o control ao que o Goberno galego ten sometida a radio e televisión pública galega». a deterioración e uso partidista continuo da CRTVG, explicou na Eurocámara, non só ten convertido a canle pública galega «nun voceiro ao servizo do Partido Popular», senón que está a implicar un durísimo ambiente laboral na Compañía, con apertura de expedientes disciplinarios e ameazas de despido ás traballadoras e traballadores que denuncian a manipulación neste ente público. «Este feito levou os traballadores e traballadoras da compañía a mobilizarse. Levan xa 19 xornadas de venres negro, unha xornalista e un xornalista dimitiron como presentadores dun dos informativos e o 8 de setembro organizaron unha xornada de mobilización polas rúas da capital galega». Facendo uso da súa quenda de intervención libre, a eurodeputada aproveitou para enumerar as reivindicacións das traballadoras e traballadores da CRTVG: «O fin do control por parte do goberno galego da radio e televisión públicas, que se respecte a imparcialidade e pluralidade que deben ter os medios de comunicación e o respecto polos dereitos laborais das e dos traballadores». **30**



ás persoas dependentes», introducido por Miguel Arenas, avogado laboralista, profesor colaborador na Universitat Oberta de Catalunya. Seguidamente tivo lugar unha charla sobre «Repartición ou capitalización», con Miren Etxezarreta, economista, profesora da Universidade Autónoma de Barcelona. No evento tamén participaron a deputada de En Marea no Parlamento Galego, Paula Vázquez Verao, e a concelleira de Políticas Sociais de Santiago, Concha Fernández. **26 a 29**

Denunciamos no pleno do Parlamento Europeo a manipulación e o uso partidista da CRTVG

Logo de ter rexistrado tres preguntas parlamentarias dirixidas á Comisión Europea solicitando que se investigue a situación por parte de diferentes organismos europeos e que desenvolva a Lei 9/2011 dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, entrada a noite do 2 de outubro de 2018, e vestindo unha camiseta na que se podía ler a reivindicación

Opómonos á intención da UE de legalizar a ocupación do Sáhara Occidental a través de acordos económicos con Marrocos

O 10 de decembro de 2015 unha sentenza histórica do Tribunal de Xustiza da UE anulou o tratado de libre comercio da UE con Marrocos por violar os dereitos do pobo saharauí. Nela o TXUE especificaba que o Sáhara Occidental non forma parte de Marrocos, polo que se a UE permite a importación de produtos obtidos dun terceiro país violando os dereitos fundamentais –é dicir, un territorio baixo ocupación–, estaría incentivando indirectamente esas violacións de dereitos. A principios de 2018 unha nova sentenza do TXUE estableceu que o Acordo de Pesca asinado en 2006 entre a Unión Europea e Marrocos non é aplicábel ao Sáhara Occidental. No marco deste contexto, e ao fin dos movementos de cara a tentar pechar estes acordos antes de que finalizase a lexislatura 2014-2020, as relacións comerciais entre a UE e Marrocos foron abordadas o 9 de outubro por partida dupla no Parlamento Europeo: na sesión da mañá da



Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural – onde o representante da Comisión Europea xustificou o avance das negociacións en base á realización dunha suposta consulta á poboación, sen entrar en máis detalles– e na sesión de tarde da Comisión de Pesca. Lidia Senra, coordinadora do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) na Comisión de Agricultura e membro suplente na de Pesca –e que en outubro de 2017 formou parte da delegación de eurodeputadas e eurodeputados expulsados do Sáhara Occidental ocupado–, tomou a palabra en ambas as dúas comisións para amosar a súa fonda crítica co proceder do ente comunitario. Na sesión de tarde da Comisión de Pesca, a eurodeputada Lidia Senra preguntou directamente sobre este aspecto ao representante da Fronte Polisaria, quen respondeu que esa consulta se realizou «con Marrocos e o contorno do Goberno de Marrocos (...) A Comisión ignorou a Fronte Polisaria (...) e falan de poboación, non do pobo saharauí», polo tanto non consultou o lexítimo representante do pobo saharauí, nin respectou os marcos estipulados polas sentenzas do TXUE. Ante esta realidade a eurodeputada galega cualificou de «chapuza» a consulta realizada pola UE para pretender dotar de validez un acordo ilegal segundo o dereito internacional. Esta posición foi reafirmada por 89 organizacións e a propia Fronte Polisaria, que no mes de febreiro de 2019 fixeron pública unha carta en que desmontan a versión da Comisión Europea afirmando que «ao 83% dos grupos que, segundo a Comisión da UE, participaron nunha ‘consulta’ relacionada co comercio do Sahara Occidental, nunca se lles pediu participar, ou non participaron, en ningún proceso de consulta». Fronte ás manobras do Goberno de Marrocos e da UE para eludir cumprir as sentenzas do TXUE, a eurodeputada galega pediu á UE o cesamento da súa actitude parcial e o respecto escrupuloso do Artigo 73 da Carta da Organización das Nacións Unidas sobre os Territorios Non Autónomos, como é neste caso o Sáhara Occidental ocupado por Marrocos. En novembro de 2018, Lidia Senra presentou tamén varias emendas á resolución non legislativa da Comisión de

Comercio Internacional (INTA) do Parlamento Europeo sobre a proposta de Decisión do Consello relativa á celebración do Acordo en forma de Intercambio de Notas entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos sobre a modificación dos Protocolos nº 1 e nº 4 do Acordo Euromediterráneo polo que se crea unha Asociación entre as Comunidades Europeas e os seus Estados membros, por unha parte, e o Reino de Marrocos, por outra (O481/2018 – C8-0000/2018– 2018/0256M(NLE)). A este informe, que está a elaborar a Comisión de Comercio Internacional do Parlamento Europeo, foron achegados tamén os informes de opinión da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural (AGRI) e da Comisión de Pesca (PECH). Lidia Senra, coordinadora do GUE/NGL en AGRI e membro suplente de PECH, foi a deputada responsábel por parte do GUE/NGL do seguimento de ambos os dous informes de opinión, así como dun informe específico no que a Comisión de Agricultura é a competente para o fondo. **31**

Deploramos que o PE perdera a oportunidade de avanzar no cumprimento real do dereito á auga

O 24 de outubro de 2018 o Parlamento Europeo aprobou unha controvertida proposta de Directiva relativa á calidade das augas destinadas ao consumo humano. Lidia Senra votou en contra deste informe porque deixou fóra diversas emendas relevantes a nivel social e ambiental e porque constituía unha proposta, no seu conxunto, «demasiado xeral e que en absoluto garante o acceso á auga potábel e ao saneamento para toda a cidadanía; para alén de non enfrontar en ningún momento unha cuestión de fondo importantísima como é o feito de que a xestión da auga e o saneamento está na maioría das ocasións en mans de empresas privadas grazas á connivencia de gobernos a todos os niveis. Calquera texto legislativo sobre a auga non debería eludir o feito de que hai quen está a facer negocio cun dereito humano recoñecido como tal desde 1977 polas Nacións Unidas». A eurodeputada coincidiu ademais con outros colegas do GUE/NGL en subliñar que a proposta presentada pola Comisión Europea «distorce o contido da iniciativa Cidadá «Right2Water», diminúe a función de supervisión dos Estados e favorece que as empresas transnacionais do denominado «negocio da auga» poidan realizar elas mesmas as análises de augas que xestionan». **32**

Visita ao preso galego Adrián Mosquera no cárcere de Mansilla de las Mulas, en León

A eurodeputada galega Lidia Senra visitou o 26 de outubro o preso galego Adrián Mosquera Pazos no cárcere de Mansilla de las Mulas, en León. Viaxou en coche desde Santiago, 800 quilómetros entre ida e volta, unhas 8 horas conducindo sen case parar, que é o traxecto que teñen que facer todas as semanas familiares e amizades do preso se queren velo, na maioría das ocasións, só 40 minutos, que é o permitido nos locutorios. Con esta, Senra concluíu unha serie de viaxes que a levaron a visitar tamén, nos meses anteriores e nas respectivas cadeas en que estaban, a María Osorio –actualmente xa en liberdade–, Roberto Rodríguez Fiallega –nese momento preso no Centro Penitenciario de Dueñas, en Palencia–, Eduardo Vigo –nese momento preso no Centro Penitenciario de Ocaña I, en Toledo–, e Carlos Calvo Varela e Raúl Agulleiro Cartoy –nese momento presos no Centro Penitenciario de Asturias–. Senra solicitoulle ao Ministerio do Interior realizar estas visitas para poder coñecer de primeira man a situación en que están estas persoas reclusas e experimentar o que significa a dispersión penitenciaria e o afastamento, política que aplica o Estado español con algunhas persoas presas a pesar de que a propia UE a condena e recomenda abolila. O pleno do Parlamento Europeo aprobou en outubro de 2017 por unha amplísima maioría (474 votos a favor, 109 en contra e 34 abstencións), unha Resolución sobre Condicións e Sistemas Penitenciarios cuxo Artigo 29 di: «Condena a política penitenciaria de afastamento que aplican algúns Estados membros xa que constitúe un castigo engadido para as familias das persoas reclusas; insta a elaborar medidas que permitan o achegamento de todas as persoas reclusas que estean lonxe dos seus fogares (...); lembra que, segundo o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, recluír unha persoa nun cárcere situado tan lonxe da súa familia que as visitas sexan moi difíciles ou incluso imposíbeis pode constituír unha violación do Artigo 8 do Convenio Europeo dos Dereitos Humanos». Tamén o Artigo 28 da Resolución do Parlamento Europeo di: «Anima os Estados membro a que garantan que as persoas reclusas manteñen contactos periódicos con familiares e amizades, permitíndolles cumprir as súas penas en centros próximos ao seu domicilio e favorecendo as visitas, as chamadas telefónicas e o uso dos medios de comunicación electrónicos (...)». En maio de 2018, o Ministerio aseguroulle a Lidia Senra que naquela data o número de internos e internas que tiñan rexistrada provincia de residencia en Galiza e que non se encontran en centros penitenciarios galegos era de 260; e que, porén, as infraestruturas

penitenciarias dos penais galegos contan con prazas suficientes para albergar os internos e as internas que solicitan a asignación dun centro de cumprimento aquí. No marco desta liña de traballo, animamos ademais a todas as persoas con cargos públicos e deputados e deputadas, non só do Parlamento Europeo, senón tamén no Congreso do Estado español e no Parlamento Galego, a reclamar que se cumpran os dereitos dos presos e das presas e a tramitar a solicitude para poder visitar as prisións e comprobar de primeira man, falando con elas, as vulneracións de dereitos que padecen a diario as persoas privadas de liberdade. «É fundamental que quen ostentamos cargos públicos fagamos este exercicio de visibilización e de denuncia sobre o que pasa coa política penitenciaria no Estado español», argumentou Lidia Senra. Reclamou tamén que o Estado español estableza mecanismos que impidan dunha vez por todas que nas prisións se continúe a levar a cabo actuacións que van en contra da propia legalidade, como son os cacheos arbitrarios e inxustificables con espido integral que violan o dereito á intimidade corporal dos presos e presas.

Apoiamos un informe do PE que confirma que a austeridade da UE atacou as persoas máis vulnerábeis

Valoramos positivamente a aprobación dun Informe sobre os servizos de asistencia na Unión para a mellora da igualdade de xénero durante a sesión plenaria do Parlamento Europeo do mes de novembro de 2018. «Se ben é certo que ten aspectos moi mellorábeis, penso que é un aceptábel documento de análise, dunha certa profundidade e, sobre todo, que incorpora á posición oficial do Parlamento Europeo cuestións para nós fundamentais, como o recoñecemento de que foron precisamente as políticas europeas de austeridade as que agravaron a precariedade laboral, a pobreza, o desemprego e a exclusión social, limitando ou mesmo eliminando os servizos sociais e públicos», explicou Senra a través dunha nota de prensa. O informe revelou que o 80% dos coidados prestados na Unión corresponde a persoas coidadoras informais non remuneradas, un 75% mulleres. Ademais un 27,4% das mulleres con empregos a tempo parcial está tamén coidando de persoas con necesidades asistenciais, sexan crianzas ou adultas, fronte ao 4,6% dos homes. Esta situación, apuntou o Parlamento neste texto, viuse empeorada ademais pola redución das institucións asistenciais públicas para a infancia, persoas de idade avanzada e persoas con diversidade funcional, como consecuencia dos drásticos recortes nos orzamentos sociais dos Estados



membrados impostos de xeito coordinado sobre a base das normas e directrices de austeridade orzamentaria da Unión, en especial logo da crise financeira.

Contactamos co Centro Europeo polo Pluralismo e a Liberdade dos Medios para que investigue a CRTVG

O 20 de novembro de 2018 remitimos unha carta ao director do Centre for Media Pluralism and Media Freedom (CMPF), Parcu Pier Luigi, na que o informamos da manipulación informativa na Compañía da Radio Televisión de Galicia (CRTVG) e do uso totalmente partidista que a forza política no Goberno estaba a facer dos medios públicos galegos. Coincidindo co inicio da folga convocada polos traballadores e traballadoras da CRTVG, pedímoslle ao CMPF que inclúa no seu próximo estudo Media Pluralism Monitor (MPM) unha análise sobre o que está a acontecer na CRTVG e que realice unha investigación de campo en Galiza. Non en van, no último observatorio realizado por este centro en decembro de 2016, financiado pola Comisión Europea, recolleuse un risco medio e alto no Estado español no que respecta á pluralidade e á concentración da propiedade no sector dos medios de comunicación e da aplicación das normas da competencia. Na carta remitida ao CMPF denunciámos que a CRTVG, en lugar de gardar o principio de obxectividade e pluralidade, está totalmente ao servizo do partido no Goberno, neste caso do PP, que exerce un control absoluto dos contidos e programación, usándoos para o seu beneficio e interese, por riba do ben común e da cultura e información galega. Denunciámos tamén a represión contra traballadoras e traballadores na cadea e que, malia a aprobación da Lei 9/2011 do 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, que recolle a obrigatoriedade de crear un Estatuto Profesional da Corporación RTVG e dun Consello de Informativos, ningunha destas dúas medidas foi activada.

Lidia Senra esixe á UE a inmediata aplicación da Declaración dos Dereitos Labregos aprobada pola ONU

Con 119 votos a favor, 7 votos en contra e 49 abstencións, a Terceira Comisión (Social, Humanitaria e Cultural) da Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas (ONU) aprobou o 19 de novembro de 2018 a Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos labregos e labregas e doutras persoas que traballan nas zonas rurais. Este documento, ratificado logo en decembro, tomou como base a Declaración dos Dereitos das Labregas e Labregos do movemento social labrego mundial La Vía Campesina (LVC), do cal o Sindicato Labrego Galego forma parte en Galiza. A Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo levou a cabo o 22 de novembro un intercambio de opinións sobre a aprobación desta Declaración e sobre os desafíos mundiais que afectan os dereitos humanos no sector da agricultura. Malia a que a comparecencia tiña lugar no marco da semana que o Parlamento Europeo está a dedicar precisamente á conmemoración do 70 aniversario da aprobación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Declaración dos dereitos do campesiñado e outras persoas que habitan no medio rural foi desprazada até o último lugar da axenda de traballo, limitándose o tempo para o seu tratamento e debate. «Paréceme lamentábel que para unha vez que se aborda nesta comisión unha cuestión relacionada cos dereitos das labregas e labregos deixemos o último minuto e non poidamos ter un debate tranquilo», criticou Lidia Senra. Na súa intervención felicitou o traballo levado adiante polo movemento labrego mundial La Vía Campesina desde o ano 2001 e as súas organizacións aliadas. Non obstante, salientou, «resulta moi rechamante que toda a UE, agás dous votos a favor e tres en contra, se abstivera na votación. A que se debeu que se acordara este voto?», cuestionou á representante do Servizo Exterior da UE, convidada como poñente para informar sobre este tema. Non se pronunciou ao respecto.

‘O futuro das pensións’, unha publicación para informar e unir forzas para frear o desmantelamento do sistema público

A eurodeputada galega Lidia Senra, acompañada pola voceira da Coordinadora Estatal pola Defensa do Sistema Público de Pensións e integrante do Movemento Galego pola Defensa das Pensións Públicas (MODEPEN),



34

Victoria Portas, e polo escritor e economista Xabier Pérez Davila, presentaron o 7 de decembro de 2018 na Librería Couceiro de Santiago de Compostela o libro *O futuro das pensións. Galiza, Estado español e Europa*. A publicación, cuxa versión impresa foi repartida de forma gratuíta por toda Galiza e cuxa versión dixital está dispoñíbel na páxina web da eurodeputada, recolle textos dunha quincena de expertos e expertas en seguridade social, materia laboral e xubilación e pensións de diferentes partes do Estado español e doutros países da UE, participantes na xornada «O futuro das pensións. Galiza, Estado español e Europa» realizada en setembro dese mesmo ano en Compostela. A publicación foi presentada en diferentes actos en Lugo, Cangas, Pontevedra, Ribadeo, Vigo, A Coruña, A Estrada e Ferrol nos meses seguintes. **33**



35

Apertamos para que a UE obrigue o Estado español a respectar as Directivas de protección da infancia



36

O Estado español non está a protexer correctamente as persoas menores de idade que se ven na situación de ter que facer parte dun proceso xudicial, nomeadamente como testemuñas. Así o vén denunciando desde o Parlamento Europeo Lidia Senra desde que no ano 2015 acolleu en Bruxelas a xornada «O nesgo machista na aplicación das políticas: O caso da xustiza», que achegou unha perspectiva multidisciplinar desta situación. Posteriormente presentou unha pregunta parlamentaria dirixida á Comisión Europea para alertar de que no Estado español a miúdo a avaliación da declaración presentada por menores e as avaliacións



37

psicosociais están sendo levadas a cabo por profesionais sen formación específica para tratar con nenas e nenos, adolescentes ou menores vítimas. Nos meses seguintes, Senra apoiou a Asociación Galega contra o Maltrato a Menores (AGAMME) e outras organizacións no rexistro dunha denuncia a través da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo. En maio de 2017 a coordinadora de AGAMME, Estrella Gómez, volveu a Bruxelas para defender a súa petición diante do Parlamento e a Comisión Europea, explicando de que xeito se está a vulnerar no día a día no Estado español a Directiva 2011/93/UE, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual das persoas menores e a pornografía infantil, e a Directiva 2011/92/UE, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos. A Comisión de Peticións decidiu entón enviar unha carta ás autoridades españolas solicitando máis información ao respecto, a fin de poder afondar na denuncia realizada. Ao mes seguinte Lidia Senra celebrou unha segunda xornada no Parlamento Europeo, desta vez baixo a premisa «Unha xustiza adaptada á infancia: A consideración da voz das vítimas menores de idade», coordinada en colaboración con AGAMME e a Rede Internacional para os dereitos da infancia Fight4 Child. Pero o tempo foi pasando e o Estado español seguiu a eludir as súas responsabilidades nunha cuestión tan sensíbel como o tratamento das nenas e nenos en procesos xudiciais. O último paso na lexislatura 2014-2019 foi que a Comisión Europea, alertada polas preguntas e a petición rexistradas, decidiu enviar unha carta de emprazamento ao Estado español por non aplicar as normas da UE contra o abuso e a explotación sexual de menores e a pornografía infantil (Directiva 2011/93/UE). A apertura deste expediente sancionador por parte da UE ao Estado español fíxose pública en 2019, xusto un par de semanas despois de que a eurodeputada Lidia Senra dirixira unha nova pregunta escrita á Comisión Europea interesándose polo seguimento que este organismo se comprometera a realizar para garantir a correcta aplicación da Directiva 2012/29/UE. «Estamos ante unha situación gravísima e que ademais se vén denunciando reiteradamente desde distintos ámbitos. Temos que ser conscientes que son nenas e nenos quen está a sufrir as consecuencias. Que tipo de Estado é aquel que non cumpre correctamente todas as medidas posíbeis para a protección da infancia? Hai que actuar inmediatamente, e un dos xeitos de facelo é garantir dunha vez por todas que todas aquelas persoas que traballan en institucións públicas con menores, desde escolas a hospitais, pasando polo ámbito da xustiza, ou os deportes, o lecer, etc... todas, absolutamente todas, contén con formación específica e actualizada periodicamente en perspectiva de xénero e traballo con menores», denunciou Lidia Senra a través dunha nota de prensa. **34/35**

Lidia Senra chega ao Parlamento Europeo a loita pola recuperación da memoria histórica en Galiza

Co obxectivo de afondar en claves de análise que permitan elaborar unha resposta conxunta da esquerda europea para facer fronte ao auxo da extrema dereita na UE, o Grupo da Esquerda Unitaria Europea/ Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) celebrou o 30 de xaneiro no Parlamento Europeo a xornada internacional «Resistencia locais contra a extrema dereita en Europa», que puxo en común experiencias achegadas desde Francia, Italia, Alemaña, Austria, Grecia, Polonia, Croacia, Estado español, Bélxica, Letonia, Finlandia, Eslovenia e Galiza. Para dar conta de iniciativas desenvolvidas no noso país, Senra convidou a participar nesta xornada á Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMHAC), representada por Fernando Souto. Lidia Senra puxo en valor a realización desta xornada destacando que permitiu escoitar unha batería de accións para loitar contra o auxo da extrema dereita que se están a desenvolver a nivel local en toda Europa, moitas delas perfectamente adaptábeis duns Estados a outros. **36**

Asistimos ao xuízo aos presos políticos cataláns en Madrid

O mércores 27 de febreiro Lidia Senra viaxou a Madrid para participar no seguimento do xuízo contra 12 cargos políticos cataláns que estaba a ter lugar no Tribunal Supremo. Esta visita enmarcouse na participación dunha delegación de europarlamentarias e europarlamentarios integrantes da Plataforma de Diálogo UE-Cataluña do Parlamento Europeo. Senra, integrante desta iniciativa desde a súa fundación, estivo acompañada nesta delegación, entre outras persoas, polo eurodeputado francés José Bové (Partido Verde Europeo); a tamén francesa Marie-Pierre Vieu (Front de Gauche; GUE/NGL); o flamenco Mark Demesmaeker (Nova Alianza Flamenca; Grupo Europeo dos Conservadores e Reformistas, ECR); o estoniano Indrek Tarand (Partido Verde Europeo); os cataláns de ERC, pertencentes ao partido europeo dos Verdes/Alianza Libre Europea, Jordi Solé e Josep-Maria Terricabras; o tamén catalán Ramon Tremosa (PDeCAT; Alianza de Liberais e Demócratas por Europa, ALDE); e deputados dos parlamentos danés e flamenco. Esa mesma noite participaron nunha cea con familiares e avogados e avogadas dos presos cataláns, onde obtiveron impresións e análises con respecto á evolución do proceso xudicial. Ao día seguinte accederon á sala do Tribunal Supremo, onde asistiron ás declaracións de



oscila desde a posibilidade de que estas nenas e nenos abandonen voluntariamente os centros de retención de migrantes, pasando por teren sido obrigados por mafias a separarse do resto de familiares, até o secuestro para tráfico de órganos e prostitución. Unha vez máis, achegarnos ao rol que a UE está a ter con respecto ao drama humanitario que está acontecendo no seu propio territorio non pode provocar máis que vergoña e indignación. Preocupada por esta realidade, a eurodeputada do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/



Íñigo Urkullu, Gabriel Rufián e Albano Dante-Fachín. «Este xuízo nunca tiña que terse producido, os presos políticos teñen que ser liberados. Aquí estase xulgando a vontade dun pobo que loita pola autodeterminación. E é un ataque á democracia. É necesario que o Goberno español dialogue e sente a negociar con Catalunya», sinalou a eurodeputada galega. **37**

Lidia Senra promove en Bruxelas a mostra do galego Gabriel Tizón «A Europa d@s nen@s perdid@s»

As alarmas saltaron no ano 2016 cando un informe da Europol alertou de que polo menos 10.000 nenas e nenos refuxiados desapareceran nada máis pisar Europa. Porén, e malia que desde institucións a todos os niveis, organizacións gobernamentais e ONG's seguen a denunciar que esta situación persiste, as explicacións dilúense nun inconcreto abano que

Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), Lidia Senra promoveu a principios de abril en Bruxelas a exposición «A Europa d@s nen@s perdid@s», do fotógrafo galego Gabriel Tizón, no Centro Galego La Tentation ás 18.30 horas. Tizón trasladou tamén ás deputadas e deputados do GUE/NGL a súa experiencia ao longo de 14 países documentando o día a día das persoas refuxiadas que conseguen chegar a Europa. **38/39**

Solicitamos a reacción da Alta Representante da UE no caso do profesor universitario indio GN Saibaba

Lidia Senra dirixiuse á Alta Representante da UE e Vicepresidenta da Comisión Europea, Federica Mogherini, a través dunha carta enviada o 5 de abril de 2019 para trasladar a súa preocupación pola negativa do Tribunal Supremo de Nagpur de conceder a

liberdade baixo fianza ao profesor universitario indio GN Saibaba, no cárcere por avogar publicamente en favor dos dereitos dos pobos Adivasis e Dalits e denunciar a «Operación Green Hunt». Esta misiva deu continuidade ao diálogo aberto con Mogherini desde o ano 2016 a respecto da represión contra defensores e defensoras de dereitos humanos na India. Ao longo da presente lexislatura, Lidia Senra dirixiuse á CE a través de dúas preguntas parlamentarias escritas e dúas cartas asinadas con outras deputadas e deputados, incidindo na estratexia de persecución do Goberno indio contra este profesor que padece a parálise do 90% do seu corpo, condición empeorada nos últimos meses con novas afeccións na súa saúde.

Analizamos ‘O auxe do neofascismo e da extrema dereita en Europa’ a través dunhas xornadas na Coruña

O Paraninfo da Universidade da Coruña acolleu o 15 e 16 de marzo de 2019 análises e debates sobre ‘O auxe do neofascismo e da extrema dereita en Europa’. Baixo este título organizamos, en colaboración coa Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH) e a propia Universidade da Coruña, unhas xornadas nas que tentamos achegar un retrato do que é a extrema dereita en Europa hoxe en día, afondando na preocupante situación de perda de dereitos e liberdades á que estamos asistindo en diferentes países. A apertura correu a cargo da eurodeputada Lidia Senra, Fernando Souto Suárez –presidente da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña– e Julio E. Abalde Alonso –reitor da Universidade da Coruña–. A primeira sesión, ‘Retrato da extrema dereita en Europa’, contou cas intervencións de Gabriele Michalitsch, investigadora en Economía Política, Teorías Políticas e Economía Feministas no Departamento de Ciencias Políticas da Universidade de Viena; Pastora Filigrama, avogada defensora e especialista en dereitos humanos, membro do Sindicato Andaluz de Traballadores/as (SAT) e Sophia Siddiqui, membro do Institute of Race Relations (Reino Unido). Esta primeira parte das xornadas pechou cun concerto acústico de Satxa e Samu Acaracán. A segunda sesión deu inicio co coloquio ‘O papel dos medios de comunicación e das redes sociais na divulgación e propagación da mensaxe da extrema dereita, do racismo e do machismo. Como facerlle fronte ás súas estratexias?’. Nel tomaron a palabra Juan Miguel Baquero, xornalista especializado en Memoria Histórica e Dereitos Humanos, colaborador de eldiario.es, autor de ‘El país de la desmemoria’, ‘Las huellas en la tierra’ e ‘Que fuera mi tierra’ sobre as fosas comúns do franquismo en Andalucía; Antón Losada,

profesor titular de Ciencia Política da Universidade de Santiago de Compostela e politólogo; Natalia Monje, responsable de Comunicación de Ecos do Sur e Claudia Morán, vogal da asociación Xornalistas Galegas. David Lombao, xornalista, director de Prazagal, encargouse de presentar e moderar esta mesa. Pola tarde tivo lugar o panel ‘Liberdades, dereitos civís e dereitos humanos en perigo na sociedade actual’. Nel participaron Edurne Goikoetxea, membro de Altsasu Gurasoak; Adama Sow, manteiro senegalés que foi membro da Asociación Sen Papeis da Coruña e Miguelanxo Malvido, sindicalista, membro da Executiva Confederal da CIG. David Soto, profesor na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, presentou e moderou o debate. Esta segunda parte da xornada pechou cun recital poético a cargo de Emma Pedreira, Lía Santiso, Clara Vidal e Nuria Otero.



Medio Ambiente

Acusamos a UE de perverter coas súas accións o concepto de «desenvolvemento sustentábel»

Na sesión plenaria de xullo de 2017 votamos en contra do Informe presentado pola Comisión de Medio Ambiente, Saúde Pública e Seguridade Alimentaria e da Proposta de Resolución sobre A Acción da UE a favor da sustentabilidade. No debate deste texto denunciámos que hai moito tempo que a Comisión Europea, o Consello Europeo e o Parlamento veñen falando do desenvolvemento sustentábel, pero os feitos demostran que é só un fermoso concepto ao que recorrer. Denunciamos que, á hora de definir as políticas para levar a cabo este suposto desenvolvemento sustentábel, pervértese totalmente o significado porque no fondo o que perseguen desde a doutrina neoliberal que profesan a Comisión, o Consello e o Parlamento é que nada mude. Consideramos que hai que abandonar o desenvolvemento baseado no crecemento económico, na especulación e no consumo masivo instigado comercio global. Reivindicamos que hai que promover as soberanías alimentaria e enerxética, abandonar a agricultura industrial e marcar obxectivos de redución do consumo global de enerxía e de materiais. Abandonar tamén o uso de combustíbeis fósiles e a enerxía nuclear son outros dos puntos principais para levar a cabo. Ademais, defendemos a necesidade de promover a relocalización das industrias e da produción.

Lidia Senra elixida responsábel polo GUE/NGL do seguimento das medidas de apoio ao sector apícola europeo

Lidia Senra foi designada en agosto de 2017 deputada responsábel do seguimento da elaboración do informe Perspectivas e desafíos para o sector da apicultura da UE en representación do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/



Deputada ao Parlamento Europeo

Comisario de Medio Ambiente, Sr. Karmenu Vella
Comisario de Agricultura e Desenvolvemento Rural, Sr. Phil Hogan

Portugal, Galiza e Asturias sufriron na fin de semana do 14 e 15 de outubro unha grave vaga de incendios en grande parte do seu territorio, que causaron falecementos, pánico na poboación, centos de evacuacións e aldeas arrasadas.

Esta proliferación de incendios poderíase ter evitado cunha xestión política axitada. Sabíamos que isto podía acontecer, especialmente cando os gobernos seguen a promover políticas de abandono das zonas rurais, abocando ao peche ás pequenas e medianas explotacións agrícolas e alimentando unha política forestal desastrosa baseada no monocultivo de eucalipto e piñeiro.

A Comisión Europea anima aos Estados membros a priorizar os traballos de prevención do lume para evitar ter que consumir recursos en extinción de incendios. Destina a millóns de millóns de euros que abarcan a maior parte do financiamento que os Estados membros empregan nas medidas de prevención e recuperación, cuxa aplicación e eficacia deben ser seguidas de cerca. Por exemplo, o Programa de Desenvolvemento Rural do Estado español para o período 2014-2020 ten 900 millóns de euros para medidas de prevención de incendios e outros desastres naturais, dos cales 87 millóns deberían ser destinados a medidas de recuperación. A UE financia o 75% das medidas de prevención incluídas no PDR e, polo tanto, debería supervisar e esixir que estes fondos sexan efectivamente implementados e prioricen as medidas de prevención.

Ademais, na UE existimos tamén a un modelo de extinción de incendios moi precarizado, onde existen diferentes tipos de contratación, desde persoas contratadas durante todo o ano ata fixos discontinuos, eventuais, traballadores/as subcontratados/as de empresas privadas e persoal da administración local, estatal e exercito. Diante desta precariedade e descoordinación, defendemos a posta en marcha dun servizo de extinción de incendios público e de calidade, que garanta condicións dignas de traballo e que permitan manter as labores de prevención e coidado do monte ininterrompidamente durante todo o ano.

Fronte a actual política de prevención e extinción nefasta, esiximos a posta en marcha de medidas que teñan en conta os efectos do cambio climático e o incremento das temperaturas e das secas, que están provocando o aumento e a desertificación dos incendios forestais.

Son precisas políticas de revitalización do medio rural, o apoio decidido ao mantemento e instalación de labores e labores producidos alimentos en todo o territorio, así como por fin á forestación das terras agrícolas e ao monocultivo do eucalipto, e do piñeiro, e promover e apoiar a recuperación e o valor social dos bosques autóctonos, fonte de riqueza e de biodiversidade. É urxente que a Comisión Europea acometa unha reforma en profundidade da Política Agraria Común (PAC) que se basee nestes criterios.

Creemos, ademais, que é preciso facer unha fonda reflexión os incendios forestais que están afectando a moitos países da UE. Esta problemática ten un carácter internacional. Cómpre averiguar que intereses hai detrás do lume.

40



Deputada ao Parlamento Europeo

ASINANTES:

- | | |
|--|--|
| 1. Lidia Senra Rodríguez - MEP of GUE/NGL | 39. Marc Tarabella - MEP of S&D |
| 2. Paloma López Bermejo - MEP of GUE/NGL | 40. Maria Noichl - MEP of S&D |
| 3. Florent Marcellesi - MEP of Greens/EFA | 41. Karima Delli - MEP of Greens/EFA |
| 4. Marisa Matias - MEP of GUE/NGL | 42. Stelios Kyrioglou - MEP of GUE/NGL |
| 5. Luke Ming Flanagan - MEP of GUE/NGL | 43. Merja Kyllönen - MEP of GUE/NGL |
| 6. Marie-Pierre Vieu - MEP of GUE/NGL | 44. Martin Häusling - MEP of Greens/EFA |
| 7. Tania González Peñas - MEP of GUE/NGL | 45. Ángela Vallina - MEP of GUE/NGL |
| 8. Josep-Maria Terricabras - MEP of Greens/EFA | 46. Ernest Urtsaus - MEP of Greens/EFA |
| 9. Matt Carthy - MEP of GUE/NGL | 47. Ivica Tošić - MEP of EPP |
| 10. Martina Anderson - MEP of GUE/NGL | 48. Bart Staes - MEP of Greens/EFA |
| 11. Lynn Boylan - MEP of GUE/NGL | 49. Javier Couso - MEP of GUE/NGL |
| 12. Liadh Ní Riada - MEP of GUE/NGL | 50. Nikolaos Chountis - MEP of GUE/NGL |
| 13. Jordi Solé - MEP of Greens/EFA | 51. Carolina Punset - MEP of ALDE |
| 14. José Bové - MEP of Greens/EFA | 52. Inmaculada Rodríguez-Piñero - MEP of S&D |
| 15. Molly Scott Cato - MEP of Greens/EFA | |
| 16. Yannick Jadot - MEP of Greens/EFA | |
| 17. Pascal Durand - MEP of Greens/EFA | |
| 18. Stefan Eck - MEP of GUE/NGL | |
| 19. José Ignacio Faria - MEP of EPP | |
| 20. Eva Joly - MEP of Greens/EFA | |
| 21. Estefanía Torres - MEP of GUE/NGL | |
| 22. Michele Rivasi - MEP of Greens/EFA | |
| 23. Eric Andrieu - MEP of S&D | |
| 24. Jessi Kauristi - MEP of GUE/NGL | |
| 25. Sabine Lösing - MEP of GUE/NGL | |
| 26. Philippe Lamberts - MEP of Greens/EFA | |
| 27. Nicola Caputo - MEP of S&D | |
| 28. Maria Heubach - MEP of Greens/EFA | |
| 29. José Blanco - MEP of S&D | |
| 30. António Marinho e Pinto - MEP of ALDE | |
| 31. Viorica Dancila - MEP of S&D | |
| 32. Jonás Fernández - MEP of S&D | |
| 33. Enrique Guerrero - MEP of S&D | |
| 34. Clara E. Aguilera - MEP of S&D | |
| 35. Lola Sánchez Caldentey - MEP of GUE/NGL | |
| 36. Patrick Le Hyaric - MEP of GUE/NGL | |
| 37. Javier Narit - MEP of ALDE | |
| 38. Gabrielle Zimmer - MEP of GUE/NGL | |

41

NGL). Ao longo desta lexislatura vimos promovendo iniciativas neste eido, como por exemplo o encontro «Afrontando retos para a supervivencia das abellas en Europa» celebrado en marzo do ano 2016 no Parlamento Europeo; o rexistro dunha pregunta parlamentar sobre a «vespa asiática» (outubro de 2014); a promoción dunha declaración para acadar unha Estratexia europea de xestión, control e posíbel erradicación da Vespa *Velutina Nigrithorax* –asinada por máis de setenta eurodeputadas/os de todos os grupos políticos– ou o apoio a unha iniciativa europea de apoio ao mel e ao Día Mundial das Abellas.

Lidia Senra ponse en contacto con Juncker e pídlle que a CE interveña para frear os incendios

O luns 16 de outubro de 2017 Lidia Senra remitiu unha carta de urxencia dirixida ao presidente da Comisión Europea (CE), Jean Claude Juncker, amosando a súa preocupación ante a total incompetencia amosada polas autoridades galegas e estatais para resolver a situación de caos e alarma vivida en Galiza por causa da vaga de incendios forestais provocados na fin de semana. A través deste texto apremamos ao ente comunitario a tomar inmediatamente cartas no asunto pódose en contacto tanto co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, como co presidente do Goberno estatal nese momento, Mariano Rajoy, para coordinar un servizo efectivo de prevención e extinción que permita facerlle fronte ao que nese momento era prioritario: apagar canto antes os lumes que aínda continuaban a prender o pánico e a pór en risco vidas e inmóbeis após unha fin de semana fatídica que se saldou con catro persoas mortas. Nesta carta tamén denunciaremos que, unha vez máis, foi a poboación, ante a falta de resolución e incompetencia total por parte das autoridades galegas e estatais, a que tivo que organizarse para tentar salvar coas súas propias mans as súas vidas e pertenzas. Apenas ano e medio despois destes incendios, o Partido Popular español, dirixido polo galego Millán Mon, bloqueou na Comisión de Peticións do Parlamento Europeo unha solicitude rexistrada pola Asociación Petón do Lobo para que a UE investigase posíbeis deficiencias no emprego de fondos europeos en materia de incendios por parte da Xunta de Galicia.

Máis de medio cento de eurodeputadas secundan a chamada de Lidia Senra subscribindo unha carta á CE urxindo actuar contra os lumes

Unha semana máis tarde da primeira carta enviada a Juncker para denunciar a situación vivida na Galiza durante os incendios de outubro de 2017, Lidia Senra impulsou unha carta dirixida aos comisarios de Medio Ambiente e Agricultura da UE –Karmenu Vella e Phil Hogan– na que esixiu á UE a urxente posta en marcha de políticas de revitalización do rural. A eurodeputada galega demandou accións políticas que permitisen o mantemento e instalación de pequenas e medianas granxas familiares, así como un sistema público e permanente de prevención e loita contra os incendios que teña en conta os efectos da mudanza climática. A carta foi asinada por 52 deputadas e deputados de cinco grupos políticos europeos (GUE/NGL; Verdes-ALE; S&D; ALDE e EPP). Nesta comunicación Senra advertiu que vagas de lumes como as que afectaron o noso país na fin de semana do 15 de outubro de 2017, así como as provocada neses meses tamén en Portugal ou Asturias, «poderíanse ter evitado cunha xestión política axeitada en lugar de seguir a afondar no abandono do medio rural pechando explotacións agrarias e alimentando unha política forestal desastrosa baseada no monocultivo de piñeiros e eucaliptos». Como peche desta carta dirixida aos Comisarios de Agricultura e Medio Ambiente, a eurodeputada galega chamou a facer unha fonda reflexión desde as institucións europeas sobre os numerosos e agresivos incendios forestais que están a afectar á UE, «esta problemática ten un carácter internacional. Cómpre descubrir que intereses hai detrás do lume», instou. **40/41**

Denunciamos na CE a posíbel vulneración de directivas comunitarias por parte da Lei de Depredación de Galiza

No momento no que o Goberno de Alberto Núñez Feijoo aprobou a Lei de Fomento da Implantación das Iniciativas Empresariais en Galicia, máis correctamente nomeada Lei de Depredación de Galiza, manifestamos publicamente a nosa preocupación a través dun comunicado de prensa e denunciaremos que o único que fomenta este texto é o espolio e destrución dos nosos recursos naturais e, de paso, arrampla tamén cos xa de por si limitados dereitos da cidadanía para facer fronte ás ameazas das empresas que queren esquilmar o

noso país. Posteriormente rexistramos tamén varias preguntas parlamentarias e mantivemos contactos coa Dirección Xeral de Medio Ambiente. Froito destas comunicacións, a CE informounos de que o Estado español aínda non traspuxera naquela altura – finais de 2017– a Directiva 2014/52/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. A Comisión Europea incoou un procedemento de infracción contra en xullo de 2017. O 17 de maio de 2018 a



Comisión emitiu un ditame motivado –seguinte paso no procedemento de infracción–. En marzo de 2019 a CE confirmounos que o Estado español procedera a iniciar a transposición da normativa. **42**

Denunciamos a apertura de pistas por parte da Xunta nos montes queimados

En rolda conxunta co deputado galego de En Marea Davide Rodríguez e a estatal Alexandra Fernández, o 20 de outubro fixemos balance das respostas dadas pola Administración galega e estatal ante os incendios forestais acontecidos a principios dese mesmo mes.

Reclamamos á Xunta a posta en marcha de medidas urxentes que abordasen o problema dos incendios forestais de maneira global e que apostasen por unha ordenación territorial sustentábel, unha mudanza de política forestal e un rural vivo. Tamén criticamos a descoordinación no servizo de extinción e a falta de persoal a tempo. Tamén demandamos que a Xunta explicase cal estaba a ser o motivo polo cal se empregaba nese momento diñeiro público para abrir pistas polo medio dos montes queimados que ninguén pedira, criticando a grande irresponsabilidade de meter maquinaria pesada polo medio dos terreos queimados e pechar os camiños tradicionais.

Pedimos que a marca «CE» estea reservada exclusivamente aos produtos da Unión Europea

No marco do debate sobre a proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello para o establecemento de disposicións relativas á comercialización de produtos fertilizantes coa marca «CE» –modificando os Regulamentos (CE) nº 1069/2009 e (CE) nº 1107/2009– que tivo lugar durante a sesión plenaria de finais de outubro de 2017, Lída Senra esixiu á Unión Europea o establecemento de límites estritos ás substancias químicas nos fertilizantes e a prohibición total daquelas con risco de seren nocivas para a saúde das persoas, animais e medio ambiente. En aras de avanzar na redución do emprego de fertilizantes químicos, demandou o impulso ao desenvolvemento dun modelo agroecolóxico e dunha maior interrelación entre o gando e a agricultura, potenciando a utilización do esterco e fomentando a compostaxe nas propias fincas agrícolas. Deste xeito as labregas e labregos, así como os propios países, serían cada vez menos dependentes de insumos do exterior, o cal tamén evitaría un maior impacto ambiental e contribuiría á loita contra a mudanza climática.

Instamos ao Consello de Europa a pór fin ao monocultivo de eucalipto

O 25 de outubro de 2017 a eurodeputada galega Lída Senra reuniuse co director do Departamento de Cultura, Natureza e Patrimonio do Consello de Europa, Eladio Fernández-Galiano, responsábel nesta institución do seguimento do Convenio de Berna relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural. No marco deste convenio, o Consello de Europa está a tentar desde hai anos aprobar un «Código de Conduta

sobre Bosques Cultivados e Árbores Alóctonas» –de cumprimento voluntario–, que inclúe como especies invasoras algúns tipos de eucalipto e piñeiro. Tanto as patronais da industria da madeira como o propio Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente español están a exercer moita presión para que este código de conduta non se aprobe. De feito, o texto xa foi revisado varias veces por parte dos 47 Estados membro do Consello de Europa. Durante este intercambio de opinións, a eurodeputada galega expúxolle a Fernández-Galiano que «é totalmente imprescindíbel acabar co monocultivo do eucalipto», para o cal sería moi importante lograr a inclusión do eucalipto e o piñeiro na actual listaxe de especies exóticas e invasoras da propia Comisión Europea. «Entendemos que a vaga de incendios en Galiza e Portugal xa deixou máis que claro que os lumes son unha cuestión de saúde pública, e o seu control ten que estar moi por riba das presións dos Estados ou da patronal madeireira».

Xornada en Bruxelas: Defensa do patrimonio galego fronte á eucaliptización

En decembro de 2017 iniciamos a posta en marcha de actividades encamiñadas a internacionalizar no Parlamento Europeo a problemática de eucaliptización que sofre o patrimonio galego. A primeira actividade foi convocar unha delegación de 34 persoas pertencentes a 18 colectivos diferentes de defensa do patrimonio cultural, arqueolóxico e natural, ecoloxistas, arte rupestre e montes, que viaxaron até Bruxelas os días 6 e 7 de decembro para denunciar no ente comunitario a situación de ameaza que está a provocar o monocultivo de eucalipto na nosa terra. Esta visita foi pensada tendo en conta que o ano 2018 sería declarado pola UE como o Ano Europeo do Patrimonio Cultural, e articulouse ao redor de dúas xornadas de traballo baixo o título «Defensa do patrimonio galego fronte á eucaliptización». Participaron 34 persoas pertencentes aos colectivos SOS Arte Rupestre Galega, Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Salcedo, Sindicato Labrego Galego, Sociedade Antropolóxica Galega, Colado do Vento, Cousa de Raíces, Asociación para o Fomento do Deseño Sostible Kunterbunt, Adega, Asociación Nordés, Asociación Amig@s de historiadegalicia.gal, colectivo A Rula, Asociación Mariña Patrimonio, Asociación Cultural Irmandade de Santo Estevo, Amigos do Patrimonio de Castroverde, Anova Terra, Umia Vivo, Irmandade Illa de Tambo e o Colectivo da Defensa do Patrimonio A Forneiriña Eira da Xoana e Agroqueer. «A través da decisión conxunta do Parlamento Europeo e do Consello de dedicar todo o ano 2018 á posta en valor do patrimonio, subliñouse

moi especialmente o seu valor social, destacando que é un ben común que é necesario coidar e transmitir ás futuras xeracións. É máis, a Comisión Europea distingue como unha responsabilidade común o coidado do patrimonio cultural europeo», explicou Senra a través dun comunicado de prensa. «Neste contexto, queremos chamar a atención sobre o feito de que unha administración pública como é a Xunta de Galicia está a incumprir expresamente todo o recollido nesta decisión, e faremos todo o que estea nas nosas mans para levar adiante as iniciativas propostas desde as organizacións sociais para corrixir esta situación». Os colectivos desprazados a Bruxelas trasladaron as súas denuncias e reivindicacións a Myriam Dumortier, da Unidade de Biodiversidade da Dirección Xeral de Medio Ambiente, e Alejandro Ramilo, da Unidade Europa Creativa –programa marco da CE para o apoio do sector cultural–, incidindo en que o desleixo da Xunta de Galicia e a súa conivencia coa industria forestal-celulosa «están a provocar unha catástrofe ecolóxica e cultural que está a sufrir Galicia e, en consecuencia, Europa». Tendo en conta que o 95% da celulosa que produce a empresa ENCE vai destinada ao mercado europeo, sendo o principal receptor Alemaña, cun 23% da produción, as 32 persoas desprazadas a Bruxelas participaron tamén nunha xuntanza coas eurodeputadas alemás Maria Heubuch (Verdes), Sabin Losin (GUE/NGL) e o eurodeputado alemán Stefan Eck (GUE/NGL). Tivemos tamén un espazo de intercambio de experiencias artellado como unha ferramenta para a posta en común dunha análise interseccional do problema da eucaliptización, de cara a traballar conxuntamente no deseño de solucións e respostas resilientes a este problema que ameaza a nosa biodiversidade, e o noso patrimonio natural e cultural. Manuel Miranda en representación de Mariña Patrimonio, Brais Álvarez polo Sindicato Labrego Galego e o membro do colectivo A Rula, Antón Bouzas, explicaron a situación de deterioro e destrución do patrimonio galego vinculada ás prácticas do sector industrial madeireiro. Seguidamente, Roi Cuba, de Adegas, e Buenaventura Aparicio Casado, coordinador do Grupo de Investigación A Laxe da Irena, enmarcaron as consecuencias do desleixo da Xunta de Galicia no coidado do patrimonio cultural galego. Abordaron especificamente a problemática dos lumes e a afección destes e da eucaliptización sobre os petróglifos. O último panel da xornada focalizarase na procura de solucións para protexer o patrimonio fronte á eucaliptización. O presidente da Sociedade Antropolóxica Galega, Rafael Quintia, explicou o traballo desenvolvido neste sentido pola Comunidade de Montes de Salcedo; en tanto que Tania Gómez, integrante da Asociación Kunterbunt, presentará a rede de entidades a prol do bosque galego «Cousa de Raíces». **43 a 45**

Chamamos a frear o proxecto da megamina de Touro-O Pino

Persoas implicadas de forma moi activa na loita contra a minaría en diferentes lugares de Galiza reuníronse o 13 de xaneiro de 2018 no Pino na xornada «A mina de Touro-O Pino, un problema de todos e todas» para intercambiar experiencias, pór en común puntos de vista e debater sobre os efectos das explotacións mineiras. O evento, organizado pola eurodeputada Lidia Senra, estivo concibido ademais para arroupar a plataforma veciñal Mina Touro-O Pino Non, en pé de loita contra o proxecto de nova mina de extracción de cobre que pretende abrir na contorna Cobre San Rafael S.L., –empresa participada por Atalaya Mining, a mesma propietaria das minas de Riotinto en Huelva–, e que ocuparía unha área de 689 hectáreas, das que se extraerían 267 millóns de toneladas durante 16 anos e medio. No marco desta xornada tivo tamén lugar o coloquio «Galiza non é unha mina, pero hai quen pretende que o sexa», no que se realizou un repaso ás últimas loitas galegas contra a minaría. Interviwéron Braulio Amaro, voceiro da Plataforma pola defensa de Corcoesto e Bergantiños; Joam Evans, membro da Sociedade Columna Sanfins de Lousame e ContraMINAcción; Marga Prieto Ledo, coordinadora da loita contra a minaría salvaxe do Sindicato Labrego Galego (SLG) e representante da Comisión das minas da Terra Cha; e Mero Iglesias Dobarro, membro da Coordinadora Antiminas de Xanceda, en Mesía. Ao longo da xornada, ademais de Lidia Senra, interviñeron como relatoras a Doutora en Bioloxía e membro da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) Aurora Puentes e o doutorando en Historia da Universidade de Huelva e veciño de Nerva, Miguel Ángel Collado Aguilar. O encontro finalizou coa proxección do documental «As Encrobas, a ceo aberto» e posterior coloquio co director do filme, Xosé Antón Bocixa Rei. Previamente á realización desta xornada, Lidia Senra xa tiña posto sobre aviso á Comisión Europea e ao Parlamento Europeo sobre este proxecto, a través dunha pregunta parlamentaria feita por escrito en 2017, a través dunha intervención no pleno europeo en Estrasburgo e dunha carta que lle remitiu ao comisario europeo de Medio Ambiente, Karmenu Vella. **46 a 48**



Denunciamos que o PP eludiu traspasar a Directiva 2014/52/UE, que podería botar atrás a Lei de Depredación de Galiza

O 26 de xaneiro de 2018 alertamos a través dun comunicado de prensa que o Partido Popular, no Goberno central nesa altura, estaba eludindo traspasar a Directiva 2014/52/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, que modifica a Directiva 2011/92/UE. Así nolo confirmou directamente o Comisario Karmenu Vella na resposta a unha pregunta parlamentaria rexistrada por Lidia Senra en outubro na cal alertaba ao ente comunitario da alarma social creada pola aprobación con carácter de urxencia por parte do Partido Popular de Galicia da Lei de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais – máis

coñecida como Lei de Depredación de Galiza–, e consultaba á CE sobre a posíbel incompatibilidade da mesma coa nomeada Directiva medioambiental comunitaria. A información da Comisión puxo de manifesto os resultados da alianza do Partido Popular no Goberno do Estado e no Goberno da Xunta para esquilmar Galiza. Rajoy negouse a adoptar a normativa europea de medio ambiente antes do 16 de maio de 2017, e en outubro dese mesmo ano Feijoo aprobou con carácter de urxencia Lei de Depredación, que contradí á normativa europea de medio ambiente en cuestións tan claras como os prazos de exposición pública dos proxectos, que nalgúns casos foron reducidos pola Lei de Depredación a 15 días en lugar do mínimo de trinta esixido pola Directiva europea. As agresións ao medio ambiente en aras do lucro privado é tan manifesta que o Estado español acumulaba no ano 2017 o maior número de procedementos por infracción medioambiental dentro da UE. Ademais, o Partido Popular estaba a combinar a súa predisposición á destrución dos ecosistemas e á capitalización da Natureza cun cada vez maior incumprimento das normas europeas. Con data de 2016 o Goberno español acumulaba 32 casos abertos de infracción por demoras nas transposicións. Pechou o ano 2018 sendo o Estado da UE que acumula o maior número de infraccións ambientais abertas.

Instamos a CE e os Estados á activación urxente de medidas para protexer as abellas e polinizadores

Ao longo de toda a lexislatura Lidia Senra trasladou a través de distintas iniciativas as denuncias e preocupacións do sector apícola con respecto á situación das abellas, nomeadamente con cuestións de especial gravidade como os riscos derivados da praga da Vespa Velutina ou o impacto do emprego de produtos neonicotinoides na supervivencia dos polinizadores. Demandamos pór en práctica medidas para aumentar a protección xurídica e o apoio financeiro ás poboacións locais de abellas melíferas en toda a Unión, incluíndo a protección xurídica das zonas de conservación destas abellas, abrangendo tamén todo o referido aos neonicotinoides. O 1 de marzo o Parlamento Europeo (PE) aprobou en sesión plenaria un informe sobre perspectivas e desafíos para o sector apícola da Unión Europea que valoramos moi positivamente, xa que recolleu expresamente a preocupación derivada do significativo aumento da mortalidade das abellas melíferas e polinizadores silvestres en Europa, salientando as preocupantes repercusións que esta situación está a ter na agricultura, na biodiversidade e nos ecosistemas.



Rexistrada petición para que Bruxelas investigue as verteduras da antiga mina de Touro e o novo proxecto

Lidia Senra, acompañada por Ana Parga e Maribel Cabana, membros da Plataforma Veciñal Mina Touro-O Pino Non, anunciaron en rolda de prensa o 30 de abril de 2017 en Santiago a presentación por parte da citada Plataforma dunha petición na Comisión de Peticións do Parlamento Europeo. O obxectivo é que os entes comunitarios investiguen a vulneración de directivas europeas que supón a falta de restauración da antiga mina de cobre de Touro, que estivo operativa entre 1973 e 1986, e o proxecto de nova mega explotación mineira de cobre a ceo aberto en Touro e O Pino. A Plataforma Veciñal, arroupada por Lidia Senra, denunciou que trinta anos despois de cesar a actividade mineira en Touro por parte das empresas Sociedad Minera y Metalúrgica de Peñarroya e Río Tinto Patiño, os ríos que corren polas proximidades do antigo emprazamento da mina van totalmente contaminados e sofren continuas verteduras procedentes das balsas mineiras e de entullo que hoxe se usan como vertedoiros de residuos sen aparente control. Tamén puxeron en aviso ao Parlamento Europeo de que, a maiores diso, existe o risco dun novo proxecto mineiro, tamén de explotación a ceo aberto de cobre, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L., na mesma zona, sobre terreos dos concellos de Touro e O Pino. **49/50**

Senra urxe a empregar os cartos no desenvolvemento de verdadeiras políticas de fondo para loitar contra os lumes

Na sesión plenaria de finais de maio de 2018 o Parlamento Europeo aprobou a mobilización de distintas partidas correspondentes ao denominado Fondo de Solidariedade da Unión Europea (FSUE), incluíndo 3.228.675€ para medidas relacionadas coas consecuencias da vaga de incendios que tivo lugar en Galiza en outubro de 2017, e que provocaron a morte de catro persoas, a destrución de case 50.000 hectáreas e numerosos danos materiais. A eurodeputada galega Lidia Senra valorou positivamente esta medida en tanto que «supón unha contribución», mais lembrou que, segundo os datos proporcionados polo propio Estado Español na súa solicitude de fondos á UE, os danos directos totais están estimados en 129,1 millóns. De feito, os tres millóns e pico de euros aprobados hoxe constitúen unha cantidade significativamente inferior aos 120 millóns para prevención e 12 para reparación contemplados no plan de desenvolvemento rural 2014-2020 de Galiza, segundo a Comisión Europea informou a Senra en decembro de 2017 en resposta a unha pregunta rexistrada pola europarlamentaria. «Creo que nun día como hoxe é importante non perder de vista estas outras referencias económicas porque referenda algo que vimos reiterando desde hai tempo, tanto cos incendios como con outras cuestións: a solución de fondo non son os parches, senón os verdadeiros compromisos para empregar os cartos no deseño e aplicación das medidas políticas axeitadas. Parécenos ben que agora se mobilicen 3 millóns, pero aínda nos tería parecido mellor que se tivesen empregado eficazmente os 120 que se teñen que destinar a medidas de prevención», explicou a través dun comunicado de prensa.

‘Os incendios forestais na UE: Alternativas de protección’, xornada en Monforte de Lemos

O 9 de xuño de 2018 celebramos no Salón de Actos da Casa da Cultura de Monforte de Lemos a xornada ‘Os incendios forestais na UE: Alternativas de protección’, co obxectivo de intercambiar información e debater sobre os incendios forestais, as súas causas, a xestión que realizan as administracións e posíbeis opcións de prevención para tentar deter esta lacra que ano tras ano arrasa Galiza. Puxemos sobre a mesa alternativas ás devasas de terra espida que desertizan e desecan a terra, contaminan as augas e erosionan o monte, e afondamos en como manter e coidar as pistas forestais



para evitar os lumes sen que se produzan danos na paisaxe e na terra. O evento tamén tivo como obxectivo coñecer as actuacións que leva a cabo a Xunta de Galicia antes, durante e despois dos lumes, tendo aínda moi presentes os incendios de 2017 no Concello de Monforte, así como abordar as melloras que se poderían facer na extinción dos incendios e analizar as posibilidades de valoración do monte. A xornada comezou coa mesa 'Cortalumes verdes e outras alternativas aos cortalumes de terra espida', na cal interviñeron o gandeiro Antonio Rodríguez García, o axente medioambiental da Xunta Felipe Castro López, o técnico de explotacións forestais Claudio Quintillán Vallejo, e a concelleira de Monforte de Lemos por Esperta Monforte Maribel García Díaz. Seguidamente comezou o coloquio 'Avaliación das actuacións da Xunta antes, durante e despois dos lumes', no que participaron Luísa Pallares González, presidenta da Asociación de Veciños e Veciñas de

Chavaga; María Teresa Rodríguez Rodríguez, da mesma Asociación; Orlando Gregorio Álvarez Álvarez, biólogo e castañicultor no Courel; e Diego Sánchez Agra, enxeñeiro forestal e membro da Asociación Forestal Frouma. A sesión de tarde acolleu o panel 'Aprender dos erros. O sistema de emerxencias e extinción dos lumes forestais', no que participaron como relatores Benxamín Balboa Cereijo, bombeiro forestal; Davide Rodríguez Estévez, tamén bombeiro forestal e deputado de En Marea no Parlamento Galego; Manuel Martínez Méndez, bombeiro e representante sindical da CiG en Ourense, membro da Plataforma Asociativa de Sindicatos de Bombeiros Forestais; e Vanesa Garrido Blanco, membro de C@urel Vivo. A última das mesas, titulada 'Fronte ao abandono da terra, a valoración do monte', contou con Víctor Álvarez Arias, técnico da Consellería do Medio Rural e concelleiro en Lugo por LugoNovo; Félix Domínguez Cortiñas, alcalde de Manzaneda; e Paula Verao, deputada de En Marea no Parlamento Galego. **51 a 53**

Defendemos no PE un plan de xestión de residuos galego «100% público, que prime reducción, reciclaxe e reutilización»

Comisión de Peticións do Parlamento Europeo debateu o 11 de xullo de 2018 a denuncia realizada pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) ao respecto da violación da lexislación da UE por parte do plan de xestión de residuos da Xunta de Galicia. Os votos en contra do Partido Popular e a abstención do PSOE a nivel europeo provocaron o peche definitivo do proceso de denuncia aberto nesta comisión desde o ano 2015. Lidia Senra interveu nesa sesión da Comisión de Peticións, non só para apoiar co seu voto a posibilidade de seguir afondando nesta denuncia, senón tamén para trasladar na Eurocámara que «un cuarto de século despois, a realidade é que SOGAMA é un macrovertedoiro situado en terras de Cerceda, a piques de colapsar totalmente, cun alto índice de incineración

de residuos e que, como se recolle na propia petición, actualmente só reutiliza ou recicla un 10,5% dos residuos». Nesta insustentábel situación, abondou, «a reciclaxe, a redución, a reutilización, o medio ambiente, a saúde e a vida no rural son as grandes perdedoras». **54**

Apoiamos na Comisión de Peticións a loita para pôr fin á contaminación da mina de volframio de San Fins

A reapertura das minas de volframio de San Fins foi debatida o 11 de xullo de 2018 na Comisión de Peticións do PE a instancia da Asociación Autónoma e Ambiental Petón do Lobo. Senra tomou a palabra para reiterar á Comisión Europea que se trata dunha situación na que existen analíticas que demostran que á saída da mina os niveis de contaminación nas augas debido aos materiais pesados son alarmantemente altos, e que xa en 2017 un informe advertiu da posíbel ruptura dunha das presas da mina, o que podería producir un importante impacto ambiental. Ao fío desta denuncia na Comisión de Peticións, a galega quixo tamén abordar en presenza da Comisión Europea unha cuestión que a miúdo é expresada por persoas ou organizacións: «A falta de información e a dificultade para acceder aos expedientes dos proxectos, os prazos excesivamente curtos e en épocas de vacacións ou de máis traballo no agro, ou a falta de información directa ás persoas afectadas, está a ser habitual e sistemática; tanto a nivel do Estado como do Goberno de Galiza. Isto é absolutamente intolerábel. Déixanos na total indefensión, a cidadanía vese obrigada a estar pendente dos prazos e moitas veces chegan *in extremis* para poder presentar as alegacións pertinentes». **55**

Empregamos o Ano Europeo do Patrimonio Cultural para evidenciar a falta de compromiso institucional en Galiza

Lidia Senra, o deputado de En Marea no Parlamento Galego Davide Rodríguez e Jorge Lorenzo de En Marea Laza presentaron o 27 de xullo de 2018 en rolda de prensa en Ourense unha análise do impacto no patrimonio natural e cultural, na paisaxe e no medio rural das obras do AVE e outras actuacións na comarca de Monterrei. Jorge Lorenzo introduciu a comparecencia esbozando algúns dos exemplos máis destacados da zona, salientando os reiterados episodios de contaminación dos ríos Cereixo e Támega, o cemento



que arrodea un Ben de Interese Cultural (BIC) como é o Castelo de Monterrei ou a dilapidación de diñeiro no denominado Parque do Bosque Máxico, «que xa cambiou de nome tres veces, está sen construír e levou milleiros de euros dos fondos FEDER». Seguidamente o deputado Davide Rodríguez abondou na descrición deste escenario de abandono do noso patrimonio, subliñando que a contaminación por verteduras na zona de baño e recreativa de Laza na contorna do Támega véñense repetindo desde polo menos o ano 2013. Denunciaron tamén os estragos vinculados ás obras do AVE, que afectan de xeito moi negativo estradas da contorna de Taboadela, Laza e Castrelo do Val debido ao paso continuado de camións de transporte pesado, incidindo nunha situación de inseguridade e molestias para a veciñanza das zonas rurais. Lidia Senra reiterou unha vez máis a súa preocupación pola laxitude coa que se están a conceder as avaliacións de impacto ambiental vinculadas a este tipo de infraestruturas. Amosando unha imaxe na que se podía ler un cartel informativo das obras do AVE cofinanciado pola UE, criticou que estas actuacións «máis que un xeito de 'facen Europa', como di esta propaganda, están a ser un modo de desfacer Europa». En coherencia coa énfase cada vez maior que a Unión Europea está a facer no coidado do medio ambiente, incidiu, «non se deberían dar por válidas avaliacións de impacto ambiental que crean estas desfeitas», e cualificou esta situación de «tomadura de pelo á sociedade». **56**



57



58



59

Denunciamos que os traballos para retirar madeira queimada danaron o castro de Chavaga

Lidia Senra e a deputada de En Marea no Parlamento Galego, Paula Veroa, visitaron o 9 de agosto de 2018 o Castro da Coroa en Chavaga (Monforte de Lemos) para comprobar en persoa o deterioro que estaban a provocar os continuos traballos de tala e retirada da madeira que ardeu nos incendios de outubro de 2017. Senra e Veroa comprobaron as pegadas e desfeitas provocadas por maquinaria pesada, que abriu pasos para poder acceder á cima do castro, desfacendo incluso muros de pedra deste xacemento castrexo. O 23 de agosto, en comparecencia ante a prensa en Monforte, ambas as deputadas deron conta das iniciativas rexistradas tanto no Parlamento Galego, como no Parlamento

Europeo, e ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Xunta de Galicia para aclarar responsabilidades nestes danos. Lidia Senra rexistrou unha pregunta escrita á Comisión Europea denunciando a situación do castro de Chavaga e tamén remitiu un escrito á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia sobre esta situación. Igualmente, remitiu un escrito á Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Xunta de Galicia. E na mesma liña, Paula Vázquez Veroa rexistrou unha pregunta para resposta escrita no Parlamento Galego sobre o castro de Chavaga e o grupo parlamentario galego En Marea unha Proposición Non de Lei tamén sobre o castro, e tamén outra pregunta para resposta escrita sobre o Distrito Forestal VIII e a plantación de eucaliptos. Ademais, a finais de outubro de 2018 Senra e Veroa promoveron a constitución dunha plataforma por un sur de Lugo libre dos eucaliptos para defender os Distritos Forestais VII, VIII e IX. En decembro de 2018 a xefa do Servizo de Patrimonio Cultural da Delegación Territorial da Xunta en Lugo contactou con Senra para confirmar que o persoal técnico do Servizo de Patrimonio Cultural comprobara que se tiña realizado unha corta de arboredo e remocións de terra que afectaron á área de protección integral e á contorna de protección do castro da Coroa ou castro de Cabo, sen ter contado coa previa e preceptiva autorización da Consellería de Cultura. **57 a 59**

Criticamos a falta de determinación da UE á hora de facer cumprir as directivas medioambientais

En agosto de 2018 a Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo debateu os aspectos a incluír nun proxecto de opinión ao respecto dos procesos a través dos cales se concretan as obrigas de notificación das políticas medioambientais europeas adoptadas por parte dos Estados membro. Senra, responsábel do seguimento deste informe para o GUE/NGL, interveu para criticar que a propia Unión Europea está a dar por válidas avaliacións de impacto ambiental absolutamente improcedentes. «A día de hoxe estanse a autorizar actuacións que destrúen totalmente a paisaxe e que contaminan a auga e o aire. Estoume referindo por exemplo ás consecuencias das obras do tren de alta velocidade en Galiza. O seu impacto é terrorífico», exemplificou aludindo á Directiva 2004/35/CE relativa á responsabilidade en relación coa prevención e reparación de danos medioambientais, «e se a UE fíxese cumprir a súa propia normativa este proxecto non podería ser aprobado». En setembro de 2018 presentamos 15 emendas ao proxecto

final do informe sobre a proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á adaptación das obrigas de notificación no ámbito da política de medio ambiente. Varias das achegas rexistradas enfocáronse na Directiva 86/278/CEE, relativa á protección do medio ambiente e, en particular, dos solos, cando se utilizan lodos de depuradora na agricultura. Asemade, na liña de apostar por ferramentas propias que permitan á Comisión Europea verificar o correcto cumprimento das directivas, reiteramos a pertinencia de que a Comisión Europea dispoña dos recursos precisos para realizar inspeccións, de xeito que conte con información propia para contrastar os datos facilitados polos Estados membro.

Demandamos que a presenza de microplásticos sexa especificada na etiquetaxe dos produtos

Segundo os datos achegados pola propia UE, até un 85% do lixo mariño recollido nas praias son residuos plásticos. En setembro de 2018 a Comisión de Pesca do Parlamento Europeo elaborou un proxecto de opinión para achegar á Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello integrada na estratexia de redución do impacto ambiental de determinados produtos de plástico. Lidia Senra, integrante polo Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) nesta comisión, presentou 12 emendas ao proxecto de opinión co fin de ficaren recollidas iniciativas concretas a pór en marcha, como por exemplo a obriga de especificar nas etiquetas de todos os produtos a presenza de microplásticos. Lembramos tamén ás institucións comunitarias que para abordar correctamente a loita contra os residuos plásticos no medio mariño cómpre afrontar a xestión deste tipo de residuos –incluídos os microplásticos– tamén no chan e medio acuático en xeral. Un xeito de avanzar neste sentido sería que a Comisión Europea asumise a responsabilidade de prestar atención especial á situación real en que se encontran as plantas de depósito de residuos situadas nos Estados membro, a fin de verificar con datos obxectivos –non só os achegados polos propios Estados que as xestionan– o cumprimento das medidas propostas para evitar a diseminación de plásticos. Tamén insistimos na urxencia de que a Unión Europea impulse a creación dun programa público específico para a retirada de plásticos e outros obxectos dos fondos mariños.



60



61



62

A DX de Medio Ambiente da CE sobre COREN na Limia: «Está claro que aquí está habendo prácticas ilegais»

Representantes do Movemento Ecoloxista da Limia (MEL) e da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) reuníronse o martes 27 de novembro de 2018 en Bruxelas co Xefe da Unidade para o Uso e Xestión da Terra e con persoal experto na xestión de nitratos da Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea. O obxectivo desta xuntanza, facilitada por Lidia Senra, foi trasladar en detalle a denuncia da vulneración de distintas directivas europeas na Limia por mor dos

resíduos producidos polas macrogranxas industriais. A través de imaxes e empregando datos oficiais da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o presidente da Sociedade Galega de Historia Natural, Serafín González, explicou a evolución da contaminación xerada pola carga gandeira actual na comarca da Limia, a día de hoxe ao redor de 75.000 UGM [Unidade Gandeira Maior]. «En produción de residuos equivalen a unha poboación de 1.400.000 – 1.600.000 persoas. Noutras palabras: a metade de toda a poboación de Galiza concentrada en só o 1% da súa superficie». A exposición foi realmente reveladora, impactando especialmente as imaxes das balsas de residuos ao ar libre e sen tratamento, cuxo efecto contaminante foi expresado a través de táboas de datos que recollían a concentración de nitratos, fosfato e osíxeno disolto nas augas tanto superficiais como subterráneas. O presidente da SGHN apuntou tamén a pertinencia de que por parte da CE sexan solicitados datos ao respecto da calidade das augas no norte de Portugal, concretamente das poboacións que se abastecen de auga do río Limia. «En tres anos a concentración de nitratos nas augas subterráneas aumentou unha media do 39%. Dos 19 puntos de control da Confederación hai problemas –con máis ou menos frecuencia– en 6 deles, e 2 son captacións para o abastecemento humano nos concellos de Sandiás e Trasmiras. É dicir, hai unha poboación de entre 2.500/3.000 persoas que está consumindo nalgúns momentos augas que non só non son potábeis, senón que debido á súa concentración en nitratos, poden provocar o síndrome coñecido como de «bebés azuis» e, en persoas adultas, un incremento do risco de cancro», explicou Serafín González. Traducido á linguaxe administrativa europea, estaríanse producindo a vulneración da Directiva 2000/60/CE (marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas); Directiva 98/83/CE (calidade das augas destinadas ao consumo humano); Directiva 91/676/CEE (protección das augas contra a contaminación producida por nitratos empregados na agricultura); Directiva 2006/44/CE (calidade das augas continentais que requiren protección ou mellora para ser aptas para a vida dos peixes) e da Directiva 92/43/CEE (conservación dos hábitats e da fauna e flora silvestres). Diante desta exposición, o propio Xefe da Unidade para o Uso e Xestión da Terra non puido evitar exclamar: «Hai cousas que son decisións políticas, como por exemplo o tipo de modelo de desenvolvemento que se quere aplicar, pero logo está claro que aquí está habendo prácticas ilegais». O MEL e a SGHN teñen aberta tamén unha segunda vía de loita a través do Parlamento Europeo co rexistro da súa denuncia na Comisión de Peticións. Lidia Senra reivindicou a activación urxente de tres medidas: «En primeiro lugar hai que pór fin inmediato ás ilegalidades, nomeadamente ás verteduras

intensivas e descontroladas de xurros; establecer unha moratoria que non permita a instalación de novas granxas –cuestión que xa foi solicitada até en 33 ocasións pola SGHN– e, no marco da nova PAC, pór fin a este modelo de macroexplotacións industriais que o único que fan é destruír emprego. É fundamental protexer a auga e a saúde.» **60/61**

Lidia Senra e Paula V. Verao reclaman un plan integral para o desenvolvemento das zonas galegas de montaña

Lidia Senra, acompañada pola deputada de En Marea no Parlamento Galego, Paula Vázquez Verao, visitaron o 3 de xaneiro a feira de Becerreá. Senra e Verao reivindicaron a urxencia de que as Administracións públicas poñan en marcha canto antes un plan integral para o desenvolvemento das zonas de montaña galegas, dotado con capacidade orzamentaria suficiente para blindar todos os servizos sociais públicos hoxe en perigo ou serio deterioro. Durante a súa visita, Senra e Vázquez Verao tamén puideron comprobar unha vez máis a desorde forestal que afecta á zona da montaña lucense, con plantacións de eucaliptos a pé de río e de estrada. Senra preparou un escrito dirixido a Medio Rural para denunciar novamente o avance desta especie no Distrito Forestal VII, VIII e IX, xa que vulnera a Orde de 19 de maio de 2014, pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galiza. Esa orde recolle que o eucalipto fica excluído destas zonas. «Non respectan nin as propias leis que aproban. A Xunta ten que deixar de mirar para outro lado e facer que non se planten eucaliptos onde eles mesmos din que non se deben plantar», alerta a deputada europea, que tras a visita a Becerreá, ao día seguinte visitou zonas da Pobra do Brollón, tamén acompañada por Paula Vázquez Verao, para comprobar como hai lugares nos cales cortaron carballos e plantaron eucaliptos, en pleno Distrito Forestal VII. **62**

O PE pedirá ás autoridades galegas información relativa á usurpación de espazo público por parte do Real Club Náutico de Sanxenxo

A Comisión de Peticións do Parlamento Europeo decidiu o 22 de xaneiro de 2019 seguir aprofundando no estudo da tentativa de privatización das praias dos Barcos e A Pandeira (Sanxenxo), acordando dirixir



Panadeira desde o ano 2016, cando convidou varias das súas representantes a trasladaren directamente no Parlamento Europeo a súa reivindicación. Ademais do rexistro de preguntas parlamentarias solicitando información á Comisión Europea, Senra acompañou tamén o rexistro e seguimento desta denuncia na Comisión de Peticións. **63/64**

Lidia Senra denuncia ante o Comisario Europeo de Agricultura a contaminación de augas na Limia

Lidia Senra denunciou durante a sesión da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do 24 de xaneiro a contaminación provocada pola produción industrial do modelo COREN na comarca da Limia. A súa intervención tivo lugar durante a parte da axenda de traballo reservada para establecer un intercambio de puntos de vista co Comisario de Agricultura e Desenvolvemento Rural, Phil Hogan. «Agora mesmo en Galiza temos unha forte crise pola contaminación do cebo industrial. Na comarca da Limia a auga está fortemente contaminada e a solución que se está a dar é acaparar terra para convertela en depósitos de máis xurro que está empeorando aínda máis a contaminación da auga», exemplificou, «e todo isto estase a facer tamén cos cartos da PAC».



unha comunicación ás autoridades galegas co fin de obter máis información ao respecto. Esta decisión tivo lugar logo de que María Nita Rivas, en representación do colectivo SOS Panadeira, procedera a intervir para expor ante as eurodeputadas/os da Comisión de Peticións e representantes da Comisión Europea a situación vivida pola veciñanza de Sanxenxo ante as intencións da entidade privada Real Club Náutico de Sanxenxo (RCNSX) –vinculada ao influínte empresario Pedro Campos Calvo Sotelo, director do equipo de vela Team Telefónica e estreitamente ligado á Casa Real– de privatizar de facto as praias dos Barcos–A Iriña e A Panadeira a través da construción dun peirao para barcos deportivos. A veciñanza lévase mobilizando desde o ano 2013 e mesmo o Concello de Sanxenxo cortou o acceso ao porto aos camións, ao que a entidade RCNSX reaccionou transportando o material por mar e en ocasións mesmo de noite. Actualmente as praias urbanas dos Barcos–A Iriña e A Panadeira, ademais da modificación da súa orografía, están sensibelmente afectadas pola contaminación provocada pola ampliación do peirao da entidade privada RCNX. Ademais do colectivo social SOS Panadeira, o propio Concello de Sanxenxo, o Colexio Oficial de Biólogos e mesmo a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor amosaron a súa oposición a este proxecto que, ademais, incumpre o Plan de Utilización de Espazos Portuarios de Sanxenxo e o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia e, por se fora pouco, foi construído sen previa declaración de impacto medioambiental. A eurodeputada Lidia Senra, integrada no Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), vén acompañando as reivindicacións do colectivo SOS

Denunciamos o bloqueo do PP a unha investigación do PE sobre o uso de fondos europeos por parte da Xunta en materia de incendios

Máis da metade da superficie queimada no Estado español está en Galiza, onde se produce un 70% de todos os incendios. A Comisión de Peticións do Parlamento Europeo acolleu o 20 de febreiro de 2019 a denuncia de Ismael López en nome da Asociación Petón do Lobo ao respecto desta problemática. As propostas sobre as que a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo tiña que posicionarse eran manter aberta a petición pedindo máis información ás autoridades galegas e/ou estatais co fin de investigar esta situación e organizar unha visita de europarlamentarias/os a Galiza para comprobar *in situ* o que está acontecendo, ou pechar a petición. Esta decisión sométese ao voto dos/as eurodeputados/as presentes. O deputado galego do Partido Popular Francisco Millán Mon e o grupo de eurodeputadas/os do Partido Popular votaron en contra de que esta petición ficase aberta. Malia que distintos grupos políticos votaron en favor da mesma,



Colectivos da comarca de Santiago, Bergantiños, O Deza, Ordes, Pontevedra e O Salnés esixen en Bruxelas Aire, Auga e Terra limpas para Galiza

Unha delegación formada por 15 persoas representantes de colectivos cidadáns galegos viaxaron do 19 ao 21 de marzo a Bruxelas, por iniciativa da eurodeputada Lidia Senra, para denunciar que na nosa terra están a se incumprir as normativas medioambientais na xestión do lixo, na minaría, na depuración das augas, nos proxectos relacionados coa transición enerxética e por parte de moitas empresas que priorizan o saqueo dos recursos naturais e os beneficios económicos fronte ao respecto polo medio, pola saúde e polo futuro de vida da maioría da poboación. A Plataforma Non á ampliación da depuradora de Lourizán (Pontevedra), Plataforma Veciñal de Sanxenxo, Plataforma Casalonga Limpa de Residuos (Teo), Plataforma Salvemos Catasós (Lalín), Plataforma Mina Touro-O Pino Non, Plataforma pola Recuperación



ao ter maioría o PP logrou cubrirlle as costas á Xunta ante unha posíbel investigación da Unión Europea sobre os verdadeiros motivos que fan que o noso País arda ano tras ano. Unha vez máis, comprobamos como o Partido Popular antepón os intereses de empresas como ENCE, Greenalia, etc. aos dereitos sociais, económicos e ambientais do pobo galego. **65/66**

do Río Sar, Plataforma Non Eólicos Bustelo-Campelo-Monte Toural (Coristanco), Asociación de Afectados polo Vertedoiro de Lesta, Plataforma Salvemos a Comarca de Ordes, Comisión de Seguimento da Minaría e Defensa do Rural de Mesía-Frades, Plataforma de Afectados pola Destilería de Continunde (Rois), Sindicato Labrego Galego (SLG) e ContraMINAcción, acompañados pola deputada de En Marea no Parlamento Galego, Paula Vázquez Verao, integraron esta delegación. Logo dun



espazo de debate e análise coa eurodeputada Lidia Senra, o mércores 20 as representantes das 15 organizacións desprazadas a Bruxelas mantiveron un encontro con José Manuel Servert, membro do equipo xurídico da Unidade de Aplicación do Dereito Mediambiental da Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, onde expuxeron unha a unha as súas situacións e reivindicacións. Este grupo de colectivos visibilizou nas institucións europeas algúns dos problemas

medioambientais que se están a dar na nosa terra, como por exemplo a falta dunha planificación e ordenación do territorio axeitada, o emprego inadecuado de fondos europeos, a falta dunha vixilancia ambiental eficiente por parte da Xunta de Galicia, a distorsión do concepto «economía circular» para converter o noso rural en vertedoiros, a presións para instalar parques eólicos preto das vivendas ou en espazos protexidos, as ameazas de instalación de megaproectos mineiros moi agresivos e



destrutivos que poñen en perigo o futuro da agricultura e da gandaría, da saúde da poboación, mesmo do Camiño de Santiago e do marisqueo das nosas rías. Como parte das actividades de denuncia, pola tarde proxectouse no Centro Galego de Bruxelas La Tentation a reportaxe documental 'Redes contra a política do espolio. Aire, auga e terra limpas', realizada por Xosé Bocixa. O xoves a delegación galega asistiu á convocatoria da sesión da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo. **67 a 78**



Senra denuncia no pleno do PE que é a propia UE quen en ocasións impulsa actividades que contaminan as augas

O Parlamento Europeo aprobou o 22 de xaneiro un informe sobre a proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa á calidade das augas destinadas ao consumo humano. Lidia Senra votou en contra deste informe e interveu na Eurocámara para reivindicar unha vez máis o acceso á auga como «un dereito humano que hai que protexer da privatización e da contaminación; da forestación inadecuada, como a realizada a base de eucaliptos, e das grandes infraestruturas». Ese informe fora orixinalmente motivado pola iniciativa cidadá europea Right2Water. Sen embargo, o filtro institucional europeo aplicado ás demandas cidadás recollidas nesta iniciativa deron lugar a un texto intolerabelmente feble «que non só non garante o acceso á auga para todas as persoas, senón que tampouco establece uns parámetros para a auga potábel que respondan á preocupación que existe a día de hoxe con respecto á acumulación de substancias negativas para a saúde humana», alertou Senra. A eurodeputada chamou tamén a atención sobre a necesidade de ter unha visión holística do ciclo da auga. «En Galiza diversos colectivos veñen denunciando e reclamando actuacións urxentes para pór fin á contaminación das rías, ríos e acuíferos en xeral. Moitas destas situacións de contaminación están vinculadas ao modelo de desenvolvemento económico capitalista, como por exemplo as minas de San Fins e de Touro, as obras do tren de alta velocidade en Laza, macrovertedoiros como SOGAMA ou a agricultura industrial, como as granxas de porcos e polos de COREN na Limia», explicou ante as deputadas e deputados europeos.



Agricultura e Alimentación

Participamos nos actos da VII Conferencia Internacional de La Vía Campesina

Uns 500 labregos e labregas, integrantes de máis de 160 organizacións procedentes de 73 países de todo o mundo, xustáronse en Derio (Euskal Herria) na VII Conferencia Internacional de La Vía Campesina co obxectivo de intercambiar experiencias, debater e reafirmar o seu compromiso en construír un camiño común cara á soberanía alimentaria, baseado nos dereitos e na herdanza das labregas e labregos, poboacións rurais, pobos indíxenas e outros pequenos produtores e produtoras de alimentos. No marco

deste encontro internacional Lidia Senra achegou a súa experiencia como muller no ámbito político nun espazo de debate arredor deste tema que tivo lugar na V Asemblea de Mulleres de La Vía Campesina, celebrada baixo o lema de «Construímos movemento para cambiar o mundo, con feminismo e soberanía alimentaria». **79**

Contaminación de ovos con fipronil, unha mostra máis dos riscos da industrialización alimentaria

A finais de agosto do ano 2017 a Dirección Xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria da Comisión Europea acudiu á Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo para informar sobre un novo escándalo do modelo agro-industrial de produción de alimentos: o uso do pesticida prohibido fipronil en explotacións de galiñas poñedoras de varios Estados membros. Esta situación supuxo a retirada de ovos e produtos transformados na maioría de países da UE, así como en países extracomunitarios como o Brasil ou a China. Lidia Senra, coordinadora do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) na Comisión de Agricultura, interveu para demandar solucións que aborden o problema de fondo, urxindo á posta en marcha de medidas para mudar o modelo agro-industrial de produción. A eurodeputada galega criticou tamén a falta de determinación por parte da UE para aplicar o denominado «principio de precaución» e lembrou que





existe xa unha moi longa lista de escándalos vinculados á produción industrial de alimentos nos últimos anos, citando casos como o das vacas tolas, a dioxina nas fariñas das aves, a contaminación por E. Coli, a carne de cabalo detectada en lugar de tenreira, ou problemas anteriormente identificados nos ovos, como a salmonela.

Impulsamos a visibilización das mulleres labregas nos estudos estatísticos da Unión Europea

En outubro de 2017 a Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo aprobou un proxecto de informe sobre a proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo ás estatísticas integradas sobre explotacións agrícolas. Lidia Senra, coordinadora do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica

(GUE/NGL) nesta comisión parlamentaria, presentou unha batería de emendas ao texto co obxectivo de que os datos que conformarán no futuro o retrato do agro a nivel europeo deixen de invisibilizar o traballo realizado polas mulleres. Ao longo deste anos de aplicación de Política Agraria Común (PAC) a infrarrepresentación das labregas na propia elaboración de estudos estatísticos que son tomados como base está a condicionar o desenvolvemento mesmo das políticas agrarias e de desenvolvemento rural. Lidia Senra foi tamén relatora da Resolución sobre as mulleres e o seu papel nas zonas rurais, aprobada en marzo dese mesmo ano, na que o Parlamento Europeo instou os Estados membros a velar polo pleno recoñecemento da participación das mulleres na xestión das explotacións agrarias, promovendo e facilitando o seu acceso á propiedade e copropiedade das mesmas. **80**

O escándalo dos papeis de Monsanto evidencia o poder que os cartos lle dan ás grandes corporacións

O 11 de outubro de 2017 tivo lugar no Parlamento Europeo unha sesión conxunta das Comisións de Medio e de Agricultura titulada «Os papeis de Monsanto e o glifosato». Esta convocatoria procuraba afondar na información relativa á manipulación de datos científicos por parte da multinacional Monsanto con respecto aos efectos canceríxenos do glifosato, substancia base dun dos seus pesticidas máis vendidos, o Roundup, que nese momento contaba con licenza de comercialización na UE só até decembro dese mesmo ano. Esta audiencia tivo lugar logo de que documentos desclasificados no marco dun proceso xudicial que estaba tendo lugar nos Estados Unidos evidenciaran que esta corporación das sementes transxénicas e dos pesticidas era sabedora dos efectos canceríxenos do glifosato desde fai décadas. A evidencia da manipulación de datos por parte da compañía foi tal que mesmo rexeitou participar nesta audiencia pública convocada para tratar o tema. Esta negativa valeulle a prohibición da entrada dos seus «lobbistas» no Parlamento Europeo. **81**

Saudamos a aprobación do regulamento de produción ecolóxica da UE pero criticamos a súa vocación neoliberal

O 22 de novembro de 2017 a Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo (PE) aprobou unha proposta de regulamento do PE e o Consello Europeo para

aplicar á produción ecolóxica e etiquetado de produtos ecolóxicos. No marco dun auxe exponencial do consumo deste tipo de alimentos nos países membro, e dunha cada vez maior concienciación por parte da cidadanía das repercusións que a alimentación ten na nosa saúde, a negociación interinstitucional deste texto a nivel comunitario presentou unha relevante complexidade que deu conta da multiplicidade de intereses económicos e políticos inherentes ao mesmo. Nos dous anos precedentes á súa aprobación tiveron lugar até dezaioito xuntanzas Parlamento Europeo-Comisión Europea-Consello Europeo para a súa elaboración. A través dunha nota de prensa, Lidia Senra saudou a aprobación deste informe ao constituír «un instrumento necesario para a certificación ecolóxica, ferramenta á súa vez imprescindible para poder identificar os produtos ecolóxicos nos mercados». Non obstante, advertiu, «non podemos obviar que este é un acordo de mínimos», xa que «non responde satisfactoriamente ás reivindicacións de fondo e necesidades reais das labregas e labregos que precisamente levan loitando varias décadas para defender e socializar a agricultura ecolóxica e a agro-ecoloxía; por iso non podíamos apoialo co noso voto e decidimos absternos». Nomeadamente, Senra criticou a clara intención deste informe de intensificar aínda máis as dinámicas de comercialización mundial de alimentos ao redor do planeta; é dicir, someter a alimentación ecolóxica ás dinámicas comerciais neoliberais. «Para nós, a agricultura ecolóxica ten que ir máis aló, non pode entrar no comercio global de alimentos, senón basearse na produción de proximidade e de tempada. Até que punto podemos considerar como ecolóxico un alimento que presenta o forte impacto ambiental derivado do seu traslado a milleiros de quilómetros de distancia? Esas dinámicas comerciais contradín o propio significado que implica a agricultura ecolóxica». **82**

Criticamos as políticas continuístas da UE, que segue a insistir nunha PAC insostíbel social e ambientalmente

Baixo o título «O Futuro da Alimentación e da Agricultura», o Comisario de Agricultura da UE, Phil Hogan, presentou o 29 de novembro de 2017 a comunicación que deu inicio ao proceso de negociación da nova Política Agraria Común (PAC) a pór en práctica a partir do ano 2020. Nunha primeira análise, a responsábel na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo para o Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), Lidia Senra, destacou a través dun comunicado de prensa que este texto adoecía dunha



absoluta falta de asunción de responsabilidades no deterioro do medio rural europeo e, nomeadamente, no peche de milleiros de explotacións agrarias vinculado á aplicación da PAC que se veu desenvolvendo até o de agora. A deputada galega cualificou de «decepcionante» o feito de que este documento non afondase nas causas da volatilidade dos prezos, «precisamente unha das máis claras consecuencias da desregulamentación das políticas agrarias». A CE tampouco asumiu na súa proposta o empeoramento na calidade da alimentación vinculada aos procesos de produción agro-industrializados, así como o seu impacto na deterioración dos solos e dos ecosistemas. Senra reiterou a vontade do GUE/NGL de seguir traballando por outro modelo de políticas agrarias, que respondan ás necesidades da sociedade, e con moitas labregas e labregos producindo alimentos en todo o territorio, en base a un modelo agro-ecolóxico que contribúa a mitigar o cambio climático e coa soberanía alimentaria como marco de referencia.

O GUE/NGL reivindica unha PAC orientada á xustiza social e á alimentación saudábel para toda a poboación

Baixo o título «Construíndo un Manifesto para unha PAC xusta e ecolóxica», o 11 de xaneiro de 2018 o Grupo da Esquerda Verde Nórdica/Esquerda Unitaria Europea (GUE/NGL) convocou unha audiencia pública no Parlamento Europeo co obxectivo de obter insumos para reforzar a súa posición de grupo en materia de agricultura e facer fronte á futura reforma da Política Agraria Común que se vai desenvolver a partir de 2020. A eurodeputada galega Lidia Senra, responsábel do GUE/NGL na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural, introduciu este debate lembrando que a proposta anunciada pola Comisión Europea (CE) a finais do pasado ano «en lugar de xestionar políticas agrarias redunda precisamente no seu desregulamento, abocando unha cuestión tan sensíbel para a nosa saúde como é a alimentación ao estar supeditada aos intereses económicos das empresas privadas que forman parte do conglomerado agro-industrial, moitas delas ademais vinculadas tamén ao ámbito farmacolóxico». Coincidiu tamén con este posicionamento Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG) e representante europea do movemento mundial La Vía Campesina, unha das participantes nos paneis desenvolvidos durante esta audiencia. Vilalba chamou a atención sobre o feito de que o criterio que prevaleceu á hora de deseñar a reforma da política agraria europea presentada pola CE primou os intereses da agro-industria e o criterio especulativo: «As sucesivas reformas da PAC están enfocadas a favorecer a globalización económica ao pór a circular ao redor do planeta materias primas baratas, non hai o compromiso co coidado da poboación a través da alimentación que cabería agardar dunha institución pública». **83/84**

Senra: «A análise que a Comisión Europea fai da Política Agraria Común é un insulto á intelixencia»

Na sesión da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo celebrada o 22 de febreiro tivo lugar un debate con Rudolf Moegele, responsábel da Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea (CE), co obxectivo de afondar nas claves da vindeira Política Agraria Común recollidas no documento «O futuro da alimentación e a agricultura». A eurodeputada galega cualificou de «insulto á

intelixencia» a análise trasladada polo representante da Comisión ás europarlamentarias e europarlamentarios. «Cando estaba escoitando de novo a Comisión Europea tiven un pouco a sensación de que o seu posicionamento é un insulto á intelixencia. Seguen día tras día falando sen facer absolutamente ningunha proposta para pór unha solución real ao problema de fondo que temos aquí, que é a supervivencia de milleiros de familias labregas na Unión Europea.» Na súa intervención Senra tamén acusou a Comisión de estar enganando a sociedade aplicando unha política agraria que o que está a facer é seguir concentrando o diñeiro público e a riqueza en cada vez menos mans: «Deixen xa de enganarnos, por favor, estamos fartas. A sociedade está farta, e a que lles fala está farta de que desde o ano 1994 utilicen todo o que a sociedade quere cambiar para disfrazar unhas alternativas que van no sentido contrario. Por favor, deixen de enganarnos». **85**

Senra advirte que a posición da nova PAC aprobada esta semana non achega solución para a crise do rural

Lidia Senra ofreceu o 18 de maio de 2018 unha rolda de prensa en Santiago para valorar as perspectivas da Política Agraria Común (PAC) para o 2021-2027. A europarlamentaria explicou por que na Comisión de Agricultura do PE votou en contra da comunicación da Comisión Europea (CE) titulada «O futuro dos alimentos e da agricultura», que marcaba a posición inicial e as liñas de orientación cara á futura PAC. «Votamos en contra deste documento porque consideramos que non achega nin unha soa solución para resolver a grave crise que afecta aos labregos e labregas e ao medio rural na Unión Europea. Se realmente se quere ter un rural vivo e unha seguridade alimentaria e uns alimentos de calidade e se quere que o medio rural contribúa a solucionar os problemas derivados do cambio climático, ten que haber modificacións profundas no modelo que impulsa a UE. Se seguimos co mesmo modelo, como se pretende, os problemas agravaranse, no lugar de resolverse».

Delegación da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural ao Brasil

Lidia Senra formou parte da delegación de once eurodeputadas e eurodeputados de distintos grupos políticos, integrantes da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do PE, que se desprazaron a

Brasília e Cuiabá a principios do ano 2018 para levar a cabo unha recompilación e análise de información sobre a produción, comercio e exportacións de gando e carne de vacún, así como sobre os controis e rastrexabilidade que están a ser aplicados neste país. En consonancia coa preocupación expresada pola UE con relación á falta de transparencia nos protocolos de acreditación vinculados á exportación de carne brasileira –no ano 2017 a UE suspendeu as importacións logo de detectar «fallos sistémicos» nos controis de calidade de distintos tipos de produtos cárnicos–, ademais de manter reunións institucionais, a delegación de eurodeputadas e eurodeputados prestou especial atención a aspectos vinculados ao ámbito sanitario, tales como os procedementos de rastrexabilidade do gando, os sistemas de autocontrol

e auditoría, ou a propia fiabilidade das inspeccións realizadas polas autoridades nacionais. **86/87**

Lidia Senra presenta un plan para transversalizar a perspectiva de xénero na Comisión de Agricultura do PE

O 12 de Abril de 2018 Lidia Senra presentou na Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero do Parlamento Europeo (PE) as liñas que estruturan o plan de acción para avanzar na transversalización da perspectiva de xénero nos traballos que vai desenvolver a Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo. A deputada galega, ademais de ser a coordinadora do seu grupo parlamentario na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural desde o inicio da lexislatura, é tamén a responsábel a nivel do Parlamento Europeo (PE) para a transversalización da perspectiva de xénero neste comité. A capacitación continua en perspectiva de xénero do persoal técnico que traballa na Comisión de Agricultura; a procura do equilibrio de xénero nas persoas expertas convidadas como relatoras ás audiencias da Comisión, así como na composición das delegacións internacionais de eurodeputadas e eurodeputados; ou a designación dunha persoa que fará seguimento da implantación do plan, foron algúns dos puntos contemplados nesta folla de ruta no que respecta á organización das dinámicas internas de traballo. **88/89**





das lesións e mortes ocorridas no desempeño do traballo agrario, a exposición a praguicidas e outros agro-químicos constitúe a segunda fonte principal de risco para a saúde das labregas e labregos».

'A futura PAC para as zonas de montaña', xornada en Laza

Co obxectivo de impulsar o debate en Galiza para definir a futura Política Agraria Común (PAC) que queremos no noso rural, o 12 de maio de 2018 organizamos no Salón de Actos do Concello de Laza (Ourense) a xornada 'A futura PAC para as zonas de montaña', aberta a todas aquelas persoas interesadas en debater e fixar posición común, nun momento en que a Comisión Europea (CE) estaba negociando e elaborando as novas propostas lexislativas na materia. Interviñeron como relatores nas diferentes mesas persoas como Xosé Ramón Cendán, membro da Executiva Nacional do Sindicato Labrego Galego (SLG); a economista Ana Rodríguez Vázquez; o concelleiro de Lugo Novo, Víctor Álvarez García; a responsábel técnica de PAC do SLG, María Fernández Granja; o director técnico da Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia (OVICA), Carlos Rodríguez Rodríguez; o membro da Plataforma Española de Pastoralismo e Gandaría extensiva, Pedro M. Herrera; o gandeiro de Cimadevila Xosé Blanco Blanco; o deputado do Parlamento Galego e membro de Amarelante Sociedade Cooperativa Galega, Davide Rodríguez Estévez; Sonia Vidal Lamas, de Gandaría Rodríguez Vidal; Román Cid Álvarez, presidente da Asociación Abellas Nais; Samuel Formoso Salgado, gandeiro de vacas de carne; Eloi Prieto, gandeiro de ovellas; e Jorge Lorenzo Vila, veciño de Laza. **90**



Incide na sesión plenaria do PE nos riscos laborais implícitos no manexo de agro-tóxicos

A eurodeputada galega do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), Lidia Senra, interveu durante a sesión plenaria do Parlamento Europeo de maio de 2018 no debate correspondente a unha pregunta oral dirixida á Comisión Europea sobre seguridade laboral no sector agrario, que buscaba chamar a atención sobre os máis de 500 accidentes mortais que, segundo Eurostat, tiveron lugar na Unión Europea durante o ano 2015, así como solicitar a posta en marcha de medidas concretas ao respecto. Na súa intervención, a coordinadora do GUE/NGL na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural salientou o feito de que «se ben a maquinaria é a principal responsábel

Delegación da Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo a Finlandia

En maio de 2018 Lidia Senra formou parte dunha delegación do Parlamento Europeo a Finlandia co obxectivo de coñecer distintos aspectos do modelo produtivo finés. Participar nestas delegacións permite constatar as similitudes nos efectos negativos das políticas agrarias europeas para as labregas e labregos. Desde Finlandia a Galiza, o campesiñado é desprazado en favor de grandes centros de produción. «Finlandia ten agora a metade das 100.000 explotacións que tiña cando se adheriu á UE en 1995. A día de hoxe a escaseza de terras agrarias faina depender en gran medida de produtos alimenticios e agrícolas importados», destacou Lidia Senra a través dunha



nota de prensa durante esta viaxe. «A Política Agraria Común debería estar orientada precisamente a todo o contrario; porén a liña pola que está a apostar a Unión Europea para a vindeira modificación da PAC que se vai aplicar despois de 2021 segue a incidir na desarticulación do medio rural labrego». **91**

Insistimos na necesidade de socializar o debate sobre a nova Política Agraria Común

A Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo (PE) aprobou o 16 de maio de 2018 un informe de iniciativa propia (INI) para configurar a posición da Eurocámara con relación á proposta de Política Agraria Común (PAC) para o período 2021-2027. Para Lidia Senra este documento, lonxe de mellorar, agravou a posición europea, polo que se opuxo co seu voto. Interveu para reiterar a súa preocupación por estar a perder a oportunidade de realmente acadar unha política agraria común que garanta labregas e labregos, pequenas e medianas explotacións, producindo alimentos no territorio e mantendo un medio rural vivo.

«Unha PAC para o campesiñado e a cidadanía», 200 labregas e labregas trasladaron as súas propostas á Comisión Europea

Lidia Senra, coordinadora do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural, xunto cos coordinadores nesta comisión dos grupos da Alianza Progresista de Socialistas e Demócratas –o francés Eric Andrieu (S&D)– e dos Verdes/Alianza Libre Europea –o alemán Martin Häusling (Verdes/EFA)–, acolleron o 23 de maio de 2018 o maior evento de debate social que tivo lugar a nivel europeo antes da presentación oficial por parte da Comisión Europea da proposta de nova Política Agraria Común (PAC) para o período 2021-2027. Baixo a reivindicación «Unha PAC para o campesiñado e a cidadanía», este encontro foi realizado en colaboración coa coordinadora europea da organización social labrega global La Vía Campesina, que agrupa máis de 200 millóns de persoas que viven en zonas rurais de todo o planeta, e da cal forma parte o Sindicato Labrego Galego (SLG) a nivel europeo en Galiza. De feito, dez galegas e galegos desprazáronse a Bruxelas para participar neste acto, entre elas a propia Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane. En total, ao redor de 200 labregas e labregos chegados de Galiza, Portugal, Estado español, Lituania, Bélxica, Alemaña, Polonia, Suecia, Francia, Romanía, Letonia e Austria debateron e intercambiaron opinións directamente con representantes da Comisión Europea, do Comité das Rexións e do Comité Económico e Social Europeo. **92 a 94**

Lidia Senra: «A crise do agro europeo non se soluciona só repartindo axudas, senón cunha política pública e forte»

O 30 de maio de 2018 o Parlamento Europeo aprobou en sesión plenaria o informe proposto desde a Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural como posicionamento a adoptar pola Eurocámara no proceso de reformulación da Política Agraria Común (PAC) para o período 2021-2027. A coordinadora nesta comisión para o Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), Lidia Senra, que en reiteradas ocasións tiña amosado a súa preocupación por un texto que «mesmo empeora a posición inicial da Comisión Europea», votou novamente en contra deste informe e interveu no debate previo para condenar a estratexia de destrución paulatina do medio rural europeo da que están a ser cómplices as institucións comunitarias. «Os



92

graves problemas que están a afrontar os labregos e labregas a nivel da Unión Europea require máis que unha repartición de axudas, require de decisións políticas e dunha política agrícola pública e forte». Senra criticou as «grandes lagoas» tanto da comunicación da Comisión como do Parlamento, «se realmente a UE quere apostar por un medio rural labrego vivo, e non por extensións de terra ao servizo da grande agroindustria, é necesario garantir que as persoas que traballan producindo alimentos teñan prezos que cubran custos e traballo de produción; a PAC ten que situar claramente medidas que leven a un modelo de produción respectuoso co medio, a preservación das augas, do aire e dos solos. Tamén necesitamos que a PAC recoñeza a



93

titularidade compartida e que reparta as axudas ao 50 % entre ambos os dous membros da parella».

Batería de emendas para reivindicar que o futuro da UE depende tamén dun mundo rural vivo e dinámico

A principios de outubro de 2018 rexistramos unha batería de emendas para incidir nos informes de opinión que a Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural achegou á Comisión de Asuntos Económicos e Monetarios para a elaboración do Informe Anual sobre a política de competencia (2018/2102(INI)



94

e á Comisión de Asuntos Constitucionais para o seu informe sobre a situación do debate sobre o futuro de Europa (2018/2094(INI). Nas propostas de modificación presentadas Lidia Senra reivindicou que «o futuro da Unión depende tamén dun mundo rural vivo e dinámico», cualificando de «urxencia» que a política agraria e alimentaria europea «responda ás necesidades do conxunto da sociedade», apostando con determinación por unha transición cara a un modelo de produción agro-ecolóxico, o único modelo capaz de contribuír ao arrefriamento do planeta e ao mantemento do campesiñado.

Apelou tamén ao mantemento dun campesiñado forte na UE para garantir unha xestión eficaz do territorio, loitar contra o cambio climático, preservar a auga potábel e para avanzar cara ao dereito á Soberanía Alimentaria é preciso contar con moitas labregas e labregos producindo alimentos en todo o territorio da Unión. Insistiu tamén en que as medidas que se teñen que aplicar para garantir un modelo de produción campesiño na UE teñen que incluír iniciativas lexislativas «que poñan fin á discriminación das labregas» –como por exemplo no referente á titularidade das explotacións agrarias– e, loxicamente, unha viraxe das políticas que implique dunha vez por todas «situar prezos agrícolas remuneradores no corazón da política agraria común». Nesta mesma liña, instou á Comisión e aos Estados membro a «potenciar e promover os mercados locais e de proximidade e a transformación de produtos agrícolas a pequena escala». Precisamente cuestións referidas ao marco económico que rexe a actividade agraria na UE foron as especificadas nos engadidos propostos ao proxecto de opinión a achegar ao informe sobre competencia, nas que instamos á Comisión e aos Estados membro a modificar as normas «para permitir que se poidan fixar prezos mínimos para os produtos agrícolas mediante negociación colectiva». Para iso, reivindicamos que se lle dean competencias ás organizacións interprofesionais «para negociar prezos mínimos en orixe para os produtos agrícolas».

Renunciar a unha PAC adaptada á realidade galega é renunciar ás nosas competencias como País: condenamos o desleixo do Conselleiro do Medio Rural no Consello de Ministro da UE.

O 16 de outubro de 2018 trasladamos a través dunha nota de prensa a crítica á posición anunciada polo Conselleiro do Medio Rural durante o Consello de Ministros da UE celebrado o día anterior. Senra acusou o representante da Xunta de Galicia de «desleixo e abandono» das súas responsabilidades, xa que «precisamente el debería preocupar das particularidades implícitas



no desenvolvemento de políticas agrarias para Galiza; e obviamente negar que estas existen e decantarse por unha PAC 2020 que considere o Estado como un todo homoxéneo é absurdo. Aínda non se deu conta da importancia que ten a agricultura no noso país, economicamente e tamén para a ordenación do noso territorio e a conformación da nosa identidade como pobo? O goberno dun país non pode renunciar a plasmar a súa propia política agraria e deixala diluída nunha posición estatal. Isto é renunciar ás competencias que ten o Goberno galego». Se é inevitábel a elaboración dun plan estratéxico para a Política Agraria Común (PAC), abondou a eurodeputada, «non é realista acordar un plan estratéxico estatal». En todo caso, o que precisaríamos sería «un plan estratéxico galego, pero feito co sector agrícola e gandeiro do País e non feito por unha consultora contratada pola Xunta ou polo Ministerio que siga o mesmo ou semellante esquema».

Delegación da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do PE a Bulgaria

A finais de outubro de 2018 Lidia Senra participou nunha misión da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo a Bulgaria para coñecer de primeira man o seu sector agro-alimentario. A delegación parlamentaria entrevistouse co Ministro de Agricultura, Alimentación e Silvicultura, Rumen Porodzanov; a Viceministra de

Agricultura, Alimentación e Silvicultura, Verginiya Krasteva; integrantes da Asemblea Nacional da República de Bulgaria; membros da Comisión de Agricultura, incluída a súa presidenta, Tsveta Karayancheva; organizacións non gobernamentais; representantes da Academia Búlgara de Agricultura e persoas expertas en distintos sectores produtivos. **95**

Senra ultima as emendas que presentará a principios de decembro aos regulamentos da PAC 2021-2027

Na tarde do sábado 10 de novembro Lidia Senra, acompañada pola economista da súa equipa, Ana Rodríguez Vázquez, e polo concelleiro de Por Chantada, Antom Fente Parada, deu unha charla sobre Política Agraria Común (PAC) no Centro Cultural Recreativo de Chantada. O obxectivo foi abordar o futuro da PAC e as novas orientacións e novidades que estaban nese momento enriba da mesa nas institucións. Ao poder interésalle que as políticas europeas nunca estean no centro do debate, porque así unha vez que xa estean aprobadas non haberá volta atrás. Consciente disto, Senra convocou esta reunión como parte da súa estratexia para levar o debate da PAC a Galiza.

Batería de medidas para unha PAC que sitúe o campesiñado e a natureza no centro

Na sesión da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural celebrada o 21 de novembro abordáronse varios informes relativos a distintos aspectos da Política Agraria Común (PAC) que se vai pór en práctica a partir do 2021. Lidia Senra, coordinadora do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) nesta comisión, tomou a palabra no punto adicado ao establecemento de normas con relación á axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membro no marco da política agrícola común financiada a cargo do Fondo Europeo de Garantía (FEAGA) e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEDER), presentando unha batería de medidas para situar o campesiñado e a natureza no centro da nova política agro-alimentaria europea que se vai pór en práctica a partir de 2021: «Nós reiteramos que as políticas agro-alimentarias europeas deberían ser repensadas no seu conxunto. Se queremos resultados distintos aos actuais, debemos pór en práctica un novo modelo de Política Agraria Común», enmarcou. Apelando a unha mellor distribución dos orzamentos públicos, Senra destacou que a garantía de prezos

que cubran os custos de produción e remuneren o traballo labrego ten que estar no núcleo da nova PAC. «O campesiñado non quere ser un sector subvencionado, quere vivir con dignidade da venda dos seus produtos, os alimentos». Outra modificación da actual aplicación orzamentaria da PAC debería abordar a cuestión da incorporación da mocidade á actividade agraria. «Estamos a falar do futuro da produción da alimentación na UE, pero tamén do futuro do medio rural europeo. As axudas á incorporación teñen que concederse de xeito anticipado, non poden seguir adicándose de xeito moi importante a pagar os xuros bancarios, como está a pasar actualmente». A eurodeputada galega tamén subliñou na súa intervención apostar pola eliminación dos dereitos históricos e o establecemento de topes para as axudas que sexan máis baixos que a proposta actual, máis claros e de cumprimento obrigado. «Propomos un sistema de topes organizado en 3 categorías: alta montaña, zonas desfavorecidas e resto de zonas». Ademais, abondou, a nova PAC debería establecer mecanismos fortes para garantir que as axudas só son concedidas a explotacións que están desenvolvendo modelos produtivos que claramente están orientados a preservar o medio e a loitar contra o quecemento global. «Todo o que estea fóra de aí non debería recibir axudas públicas da PAC», aseverou Senra. «O que queremos é unha verdadeira redistribución das axudas, de tal xeito que as perciban só as labregas e labregos. Neste sentido imos presentar emendas para achegar unha definición de «agricultor/a xenuíno/a» que realmente se axuste ao campesiñado.» **96**

A PAC debería ser unha ferramenta de defensa dos bens comúns e da xustiza social e ambiental

Lidia Senra participou na xornada «Bens comúns e xustiza ambiental. Os retos para Europa e para as autoridades locais», convocada o 5 de febreiro de 2019 polas tamén eurodeputadas do GUE/NGL Eleonora Forenza (L'Altra Europa con Tsipras) e Lynn Boylan (Sinn Féin) no PE, co obxectivo de contribuír ao relanzamento de políticas de preservación dos bens comúns e a procura da xustiza ambiental en Europa. A denuncia da crecente capitalización e privatización de moitas das cuestións que até o día de hoxe considerabamos como bens ou servizos públicos –tales como a auga, a educación, a saúde ou a cultura– foi o nexo de unión entre os catro paneis desenvolvidos. A través da súa participación na mesa adicada ao rol das políticas agrarias nesta loita, Senra destacou a importancia de que a propia Política Agraria Común funcione como «unha ferramenta a través da cal poder avanzar na xustiza social e ambiental e na conservación e recuperación dos bens comúns». **97/98**



Verde Nórdica (GUE/NGL) na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural, a través dunha nota de prensa.

Denunciamos que a nova PAC «reverdeceu» o seu vocabulario para disimular a continuidade das políticas agro-industriais que están a destruír o medio rural europeo

A Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural aprobou o 2 de abril de 2019 as regras para o Establecemento de normas de axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membro no marco da Política Agrícola Común (plans estratéxicos da PAC) e financiar o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). A coordinadora do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) nesta Comisión, Lidia Senra, votou en contra deste Regulamento ao considerar que non só non evoluciona nin se adecúa aos retos actuais, senón que nin tan sequera introduce ningún tipo de modificación que apunte unha mínima vontade de mudar as políticas que teñen levado ao continuo peche de explotacións agrarias no territorio europeo ao longo destes anos. «Este Regulamento é especialmente importante para as labregas e labregos, xa que regula os pagamentos directos ás persoas agricultoras e as claves para o financiamento de todo o relacionado co desenvolvemento rural. Está claro que en tanto que fixa criterios económicos, é importante para todas as persoas que se adican á actividade agraria, pero de xeito específico para o campesiñado, xa que ao seren o elo máis feble da cadea, a aproximación a unha perspectiva que fomentase a produción de alimentos en base a pequenas e medianas explotacións con modelos agrarios sostíbeis tería contribuído a frear a súa desaparición e, ao mesmo tempo, facer fronte a dúas das cuestións polas que a UE di estar máis preocupada: o despoboamento do rural e o quecemento global. O fondo non cambia. Só cambian as palabras: agricultor/a activo/a, bioeconomía, economía circular, ecoesquemas... Reverdeceron o vocabulario para vestir as mesmas políticas agro-industriais destrutoras do medio rural europeo, mantendo o apoio á agricultura intensiva, os pagamentos por hectárea ou a gandaría contaminante como a do modelo COREN en Galiza; non vai ser unha Política Agraria Común máis ecolóxica. Ademais, a nivel de desenvolvemento político esta nova PAC vai ser complicada, porque a UE adoptou unha posición en que estipula cales son os obxectivos a acadar e logo cada Estado vai ter que buscar como chegar», explicou Senra a través dunha nota de prensa.



Criticamos a falta de determinación da UE para establecer unha Directiva que remate cos abusos na cadea alimentaria

O Parlamento Europeo aprobou o 12 de marzo de 2019 unha proposta de Directiva para regular as denominadas «prácticas comerciais desleais» nas relacións existentes na cadea de subministración alimentaria. Porén, se ben este texto recoñecía a existencia de prácticas abusivas ao longo da cadea de produción, supuxo un indignante exemplo máis de como as institucións europeas, logo de aceptar asumir as inxustas asimetrías de poder implícitas na liberalización comercial, conclúen aprobando un posicionamento feble que en termos reais non muda a situación actual. «Votamos en contra deste informe non só porque non vai ao fondo real do problema, senón tamén porque non estamos dispostas a avala co noso voto un texto que pode dar a entender que se está a abordar esta problemática con eficacia. O traballo para rematar cos abusos das grandes distribuidoras e conglomerados agro-industriais está aínda por facer. Os problemas de ter convertido a alimentación nun negocio como outro calquera van moito máis aló, e as institucións europeas sábeno, pero non o queren afrontar porque seguen protexendo os intereses das grandes empresas en lugar dos dereitos da cidadanía», argumentou desde Estrasburgo Lidia Senra, coordinadora do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda

Rematar coa discriminación das cotas pesqueiras

En xullo de 2017, durante a presidencia de Estonia no Consello da UE, Lída Senra tomou a palabra na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo e dirixiuse ao ministro de Medio Ambiente, Siim Valmar Kiisler, para reclamar que nas negociacións para a repartición dos TAC de 2018 se abordase dunha vez por todas, e con criterios transparentes, a repartición xusta das posibilidades de pesca.

Iniciativas para que a UE revise o sistema de cotas e a etiquetaxe, e poña en valor os circuitos curtos

Lída Senra foi a responsábel dentro do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) para o seguimento do informe Optimización da cadea de valor no sector pesqueiro da Unión. Durante as súas intervencións na Comisión de Pesca chamou a atención sobre o feito de que a optimización da cadea de valor pesqueira ineludiblemente ten que centrarse en mellorar a situación das persoas que traballan no mar pescando ou mariscando, así como a vida nas vilas e aldeas costeiras e a calidade dos ecosistemas mariños. Dentro dos aspectos para revisar, fixo fincapé no sistema da repartición das cotas pesqueiras, dado o seu impacto na renda final das persoas que traballan no mar e nas economías das vilas mariñeiras. Tamén puxo sobre a mesa a importancia de pór en valor todos os beneficios asociados ao establecemento de circuitos curtos de comercialización e ao abastecemento de comedores públicos, como os das escolas ou os dos hospitais, cos produtos locais da pesca e do marisqueo. Finalmente a Comisión de Pesca do Parlamento Europeo incorporou ao informe sobre Optimización da cadea de valor no sector pesqueiro nove emendas a favor da pesca local e artesanal impulsadas por Lída Senra. Froito do traballo de consultas co sector artesanal galego, entre elas atópase o fomento da cooperación entre o sector público e o sector pesqueiro mediante a subministración

a establecementos públicos –tales como escolas e hospitais– con produtos procedentes da pesca local, unha das reivindicacións históricas dos traballadores e traballadoras da frota artesanal, xunto coa pertinencia de que as estratexias de comercialización adaptadas ás especificidades locais inclúan a posibilidade da venda directa, emenda tamén aceptada. Outras das emendas aprobadas instou a pór en marcha unha etiquetaxe do peixe, tanto fresco como transformado, na cal se indique claramente a orixe do produto; así como a posta en marcha de programas de formación e concienciación nas escolas e institucións sobre a importancia do sector e do consumo local de peixe. A nivel de articulación do sector pesqueiro, a comisión de Pesca tamén deu o visto bo á proposta de Senra de que se rebaxen os mínimos de produción esixidos para entrar nas Organizacións de Produtores, favorecendo deste xeito a entrada de pequenos/as produtores/as, así como que as axudas concedidas para mellorar a seguridade e a hixiene a bordo non entren en concorrencia competitiva e se doten dun maior orzamento dedicado ao sector artesanal. A eurodeputada galega conseguiu tamén introducir unha crítica explícita á falta de execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, ao terse aprobado a emenda na cal solicitou a aplicación dun maior nivel de control e transparencia ás administracións pertinentes, así como unha mellor xestión das partidas.

Esiximos á CE que as artes menores sexan prioritarias na repartición da cota da xarda

En outubro do 2017, ao saber que se estaba barallando a baixada nun 20% das posibilidades de pesca da xarda para o 2018 no Atlántico Nororiental, alertamos publicamente a través dun comunicado de prensa de que esa decisión ía supor unha seria ameaza para a supervivencia da frota de artes menores galega que pesca esta especie nas costas do Atlántico e do Cantábrico. Esta baixada foi froito do acordo asinado o día 11 dese mesmo mes en Londres pola UE, Noruega e as Illas Feroe para a xestión da xarda. Denunciamos unha vez máis que a frota artesanal sae ano tras ano mal parada dunha distribución que beneficia as frotas máis grandes.

Condenamos a discriminación da pesca artesanal e de baixura na repartición de TACs por parte da UE

A repartición dos Totais Admisíbeis de Capturas (TAC) para 2018 das especies pesqueiras do Atlántico e do Mar do Norte, acordado o 13 de outubro de 2017 en Bruxelas, constituíu unha mostra máis do desleixo da UE cara á frota artesanal, de baixura e de pequena escala, que cada ano ten máis comprometido o seu futuro debido precisamente a topes de capturas cada vez máis exiguos malia que é este segmento da frota o que xera máis emprego nas vilas costeiras. Denunciámolo a través dun comunicado de prensa a través do cal urximos a revisar o chamado principio de estabilidade relativa, un criterio moi pouco transparente que consolida a inxustiza na repartición de TAC conforme a capturas históricas e que aboca todo un sector á ruína. Reivindicamos tamén que a frota artesanal e de baixura é a máis selectiva e medioambientalmente sustentábel, polo que é totalmente inxusto que cada decembro reciba a mala noticia dun novo recorte na repartición de TAC.

Esiximos que a pesca con electricidade siga prohibida na UE e non admita ningunha excepción

Presentamos emendas á proposta realizada pola Comisión Europea (CE) sobre medidas técnicas de pesca que o Parlamento Europeo (PE) votou o 16 de xaneiro de 2018 en sesión plenaria en Estrasburgo. O texto da CE abría a porta ao uso da corrente eléctrica nas redes do arrastre, unha práctica prohibida que as institucións europeas veñen tolerando por medio de cuestionábeis excepcións nos arrastreiros holandeses que operan no Mar do Norte. Finalmente foi aprobada unha proposta de Regulamento sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas que incorporou emendas relativas á prohibición total, sen excepcións, da pesca con impulsos eléctricos. Lidia Senra xa presentara emendas en novembro de 2017 opóndose a estas excepcións cando o informe foi debatido na Comisión de Pesca do PE –da cal forma parte en representación do GUE/NGL–, reiterando que o uso da electricidade «debe seguir, como até agora, prohibido nas augas comunitarias e, en todo caso, no que se debería avanzar é en pór fin ás excepcións actualmente vixentes».

Unha lexislatura en pé de loita pola supervivencia do xeito

No ano 2014, a posibilidade de prohibición da pesca con redes de deriva alertou o sector pesqueiro artesanal do xeito. Lidia Senra, unha das responsábeis do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) na Comisión de Pesca, realizou unha intervención en outubro dese mesmo ano para chamar a atención ás eurodeputadas/os desa Comisión sobre o carácter artesanal do xeito, propondo que o regulamento «non prohiba as artes de pesca artesanais e tradicionais», e subliñando que esta arte emprega un tipo de rede «pequena, respectuosa e selectiva, que apenas produce capturas accidentais, con barcos de un ou dous tripulantes e da cal, en Galiza, dependen arredor dun milleiro de familias».

Así mesmo, procedeu a rexistrar inmediatamente unha pregunta parlamentaria dirixida á Comisión Europea (CE) na cal consultaba á CE pola súa opinión ao respecto da pertinencia de excluír o xeito desta prohibición. En xaneiro de 2015 o Comisario Vella confirmou na súa resposta que, se ben inicialmente a prohibición abranguíu todas as redes de deriva, a CE estaba mantendo contactos para «debater a repercusión desta decisión». Finalmente, grazas á mobilización do sector, no ano 2015 a Comisión Europea afirmou renunciar ao veto. No obstante, a eurodeputada galega Lidia Senra, que ao longo destes anos foi seguindo moi de preto as negociacións do texto deste informe a través da súa participación Comisión de Pesca, considerou que esta posición non estaba a ficar suficientemente clara na proposta de regulamento de medidas técnicas que se veu negociando durante a lexislatura, polo cal en novembro de 2017 dirixiuse directamente ao Comisario de Pesca Karmenu Vella a través dunha carta, consultando: «pode a CE asegurar que na actual proposta e, máis especificamente, no Anexo VII relativo ás augas do sur, estase a protexer o emprego da rede de deriva coñecida como «xeito»?». Na resposta trasladada a Senra o 22 de decembro de 2018 Vella argumentou que dado que a rede do xeito non supera o quilómetro de lonxitude, non se vía afectada pola prohibición de empregar redes de máis de 2,5km recollida na proposta de regulamento; sinalando que, ademais, na mesma tampouco figura a sardiña como unha das especies prohibidas para este tipo de arte. Non obstante «o comisario non contestou exactamente ao que lle estabamos preguntando, aludiu á lonxitude da rede e non á dimensión da malla en si», reflexionou a eurodeputada galega. Ademais, alertou a través dunha nota de prensa, «no texto aprobado, no anexo VII, parte B, que afecta as augas suroccidentais, non vexo reflectida a rede do xeito». Así, o feito de que non fosen incorporadas no seu momento nin as emendas presentadas neste sentido pola propia Lidia

Senra, nin a presentada por outro dos relatores para incluír a especificación do uso de mallas de menos de 40mm para a pesca da sardiña, motivou que Senra se abstivera este martes na votación do informe pese a incorporar cuestións positivas –nomeadamente as emendas para garantir a prohibición da pesca con impulsos eléctricos–. «Para nós a protección do xeito é unha cuestión fundamental, afecta directamente máis dun milleiro de familias galegas, así como á economía de moitas das nosas vilas mariñeiras e aldeas costeiras, ademais de constituír unha das nosas expresións tradicionais e formar parte da nosa cultura e identidade como pobo galego», defendeu en xaneiro de 2018 durante a sesión plenaria do Parlamento Europeo. «Por iso hoxe mesmo rexistramos unha nova pregunta parlamentaria á CE, para que manifeste dunha vez por todas se pode garantir que o xeito está protexido nesta proposta. Estamos dispostas a presionar todo o que sexa preciso, a preguntar cantas veces sexa necesario para aclarar a ambigüidade da posición da Comisión Europea ao respecto do xeito».

Despois da aprobación da proposta de regulamento deron inicio as negociacións tripartitas entre o Parlamento, a Comisión e o Consello para fixar un texto normativo definitivo. O informe Conservación dos recursos pesqueiros e protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas foi aprobado no mes de abril de 2019, durante o último pleno da lexislatura, incluíndo a seguinte nota a pé de páxina: «Para as sardiñas, pódese empregar un tamaño de malla inferior a 40 mm». Valoramos moi positivamente a salvagarda do xeito neste regulamento despois de case cinco anos de loita en distintos ámbitos, mais pensamos que o texto aprobado non recolle medidas específicas de protección e defensa da pequena pesca para que os traballadores e traballadoras da pesca artesanal e de pequena escala poidan seguir vivindo do seu traballo.

Impulsamos unha xuntanza de representantes do sector pesqueiro artesanal co equipo de traballo do Comisario europeo de Pesca

A iniciativa da eurodeputada galega Lidia Senra, integrante da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo en representación do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), tivo lugar o 20 de febreiro de 2018 unha reunión entre representantes do sector pesqueiro artesanal e a Comisión de Pesca da Comisión Europea (CE). O obxectivo principal desta xuntanza foi pór enriba da mesa o impacto dos Totais Admisíbeis de Capturas



(TAC), as cotas e a obriga de desembarque na pesca artesanal. Quixemos garantir que a voz do sector da pesca artesanal chegase directamente ás persoas que integran o equipo de traballo do Comisario de Pesca, Karmenu Vella, e á Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesqueiros, coa idea de que se traballamos para que a CE faga excepcións coa pesca artesanal

nos TAC, cotas e desembarque avanzaremos moito para tentar garantir o seu futuro. O Patrón Maior da Confraría de Cangas, Francisco Javier Costa García; o mariñeiro de pesca costeira José Andrés Pousada Pérez; e a Secretaria da Federación de Cofradías de Asturias, María José Rico Fernández, puxeron enriba da mesa problemas concretos que revelaron a Helene Clark, Maja Kirchner –ambas as dúas da Dirección de Política Pesqueira, Atlántico, Mar do Norte, Mar Báltico e Rexións Ultraperiféricas– e Barbara Focquet –responsábel da coordinación das negociacións relativas aos TAC e cotas no Gabinete do Comisario de Pesca Karmenu Vella– a total falta de adaptación da Política Pesqueira Común (PPC) á realidade da pesca artesanal. **99 a 102**

O PE recolle a nosa demanda de proporcionar produtos da pesca local e artesanal nos hospitais e escolas

O 25 de abril de 2018 a Comisión de Pesca do Parlamento Europeo aprobou un informe titulado «Optimización da cadea de valor no sector pesqueiro» que incorporou nove emendas a favor da pesca local e artesanal impulsadas pola eurodeputada galega Lidia Senra, quen ademais foi a responsábel do seguimento deste texto para todo o Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL). Froito do traballo de consultas co sector artesanal galego, entre as emendas aprobadas figuraron o fomento da cooperación entre o sector público e o sector pesqueiro mediante a subministración a establecementos públicos –tales como escolas e hospitais– con produtos procedentes da pesca local, unha das reivindicacións históricas dos traballadores e traballadoras da frota artesanal xunto coa pertinencia de que as estratexias de comercialización adaptadas ás especificidades locais inclúan a posibilidade da venda directa, emenda tamén aceptada. Outras das achegas presentadas por Senra e aprobadas pola Comisión de Pesca do PE instan a pór en marcha unha etiquetaxe do peixe, tanto fresco como transformado, na cal se indique claramente a orixe do produto; así como a posta en marcha de programas de formación e concienciación nas escolas e institucións sobre a importancia do sector e do consumo local de peixe. Para avanzar neste sentido solicitou tamén que a Comisión Europea realice un estudo sobre o impacto das importacións de peixe na pesca local, emenda que tamén foi incorporada ao texto da proposta de informe. A nivel de articulación do sector pesqueiro, a comisión de Pesca tamén deu o visto bo á proposta de Senra de que se rebaixen os mínimos de produción esixidos para entrar nas Organizacións de Produtores, favorecendo deste xeito a entrada de pequenos/as

produtores/as, así como que as axudas concedidas para mellorar a seguridade e a hixiene a bordo non entren en concorrencia competitiva e se doten dun maior orzamento dedicado ao sector artesanal. A eurodeputada galega conseguiu tamén introducir unha crítica explícita á falta de execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, ao terse aprobado a emenda na que solicitou a aplicación dun maior nivel de control e transparencia ás administracións pertinentes, así como unha mellor xestión das partidas.

Coloquios en Cangas, Cambados e Rianxo para informar e debater sobre o futuro do xeito e da pesca artesanal galega na UE

Durante o verán de 2018, alertados por Lidia Senra, varios concellos aprobaron mocións municipais en apoio ao xeito e a favor de presionar á Xunta e ao Estado español para que se preocupen por estas cuestións. Na liña de seguir chamando a todo o sector a informarse e a mobilizarse en Galiza para facer forza e poder blindar o xeito e reforzar a pesca artesanal nas políticas pesqueiras, no mes de setembro iniciamos unha xeira de encontros baixo o título ‘O futuro do xeito e da pesca artesanal galega na Unión Europea’. Nestes espazos informamos sobre as negociacións que se estaban levando a cabo nese momento nas institucións europeas e que afectaban a arte pesqueira do xeito, que a Comisión Europea xa tentou prohibir no ano 2014 e que nese momento, cando se estaba tratando o novo Regulamento sobre a Conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas, non estaba garantido que se fose manter a dimensión da malla actual. Tamén se abordou a modificación do Regulamento de Control que estaba debatendo o Parlamento Europeo e Resolucións aprobadas polo Parlamento Europeo que afectaban o noso sector pesqueiro. O Salón de Plenos do Concello de Cangas acolleu o primeiro dos coloquios o venres 14 de setembro. Canda a eurodeputada galega interviron o patrón maior da Confraría de Cangas, Javier Costa; a 2ª tenente de alcalde e concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local por Asemblea pola Unidade (ASpUN), Ánxela Vizoso Marcos; e o 3º tenente de alcalde e concelleiro de Facenda, Urbanismo e Patrimonio por Alternativa Canguesa de Esquerdas (ACE), Mariano Abalo Costa. O segundo dos encontros tivo lugar en Cambados uns días despois, o 21 de setembro, e canda Lidia Senra contou coa participación do concelleiro e terceiro tenente de alcalde de Cambados, Constantino Cordal. Seguidamente convocamos en Rianxo, o 5 de outubro, acompañadas polo coordinador de Rianxo en Común, Julio Alcalde. **103/105**



Senra pide á CE a carta coa que o Estado español xustifica a discriminación de Galiza na repartición de cotas

O Artigo 17 da Política Pesqueira Común (PPC) establece que ao asignar as posibilidades de pesca os Estados deben aplicar criterios transparentes e obxectivos, incluídos os de carácter medioambiental, social e económico, como por exemplo o impacto da pesca. Porén a pesca artesanal galega está a ser discriminada na repartición de cotas fixada polo Estado español. O 28 de novembro de 2018 diriximos unha carta ao Comisario Europeo de Pesca, Karmenu Vella, solicitando coñecer os argumentos cos cales o Estado español está a xustificar esta situación. A orixe desta misiva remóntase a xaneiro de 2016, cando a eurodeputada galega dirixiu unha pregunta escrita á

Comisión Europea denunciando un desequilibrio na distribución de cotas de xarda no Estado español para o caladoiro do Cantábrico e Noroeste que discriminaba a frota galega. A Comisión de Pesca respondeu un par de meses despois afirmando que estaba a realizar un seguimento da aplicación do Artigo 17 do Regulamento da PPC polos Estados membros, que lles ía dirixir unha carta e que unha vez obtidos os datos trasladaría a información solicitada. Á vista de que non se proporcionaban estes datos, en setembro deste mesmo ano Lidia Senra insistiu novamente a través dunha nova pregunta escrita. Na resposta da Comisión de Pesca, emitida no mes de novembro, o ente comunitario reiterou a relevancia que a UE lle concede ao Artigo 17 da PPC e explicou que se tiña aberto un diálogo co Estado co fin de clarificar o posíbel incumprimento da lexislación comunitaria, materializándose este no envío dunha carta. Despois de analizar a resposta das autoridades españolas, sinalou a CE, concluíuse que non se detectou ningún incumprimento pola súa parte en relación coa aplicación do Artigo 17 e, polo tanto, o arquivo pechouse en maio de 2018. «Non é de recibo que unha solicitude de información, máxime cando as repercusións no sector da pesca artesanal poden ser tan relevantes, sexa pechada en falso deste xeito. O proceder tanto da Comisión de Pesca como do Estado español foi, canto menos, opaco, por non dicir que coas súas evasivas e pouca concreción das súas respostas parecen querer conseguir que nos aburramos de preguntar. Na carta de hoxe solicitámoslle textualmente «o envío dunha copia desa carta e da resposta do Estado español a ese procedemento, así como o resto dos documentos do expediente»–expuxo Senra–.

Demandamos unha vez máis á Comisión Europea que a pesca artesanal fiquen fóra do novo Regulamento de control

O 29 de xaneiro de 2019 reunímonos con Laurence Cordier, asesora legal da Unidade de Control da Pesca e Inspeccións da Comisión Europea, co obxectivo de intercambiar impresións con relación á proposta de modificación do Regulamento de Control da Pesca presentado pola CE e trasladarlle a nosa opinión ao respecto antes da votación da mesa durante a sesión plenaria de abril. Lidia Senra, que foi a responsábel para o GUE/NGL do seguimento do informe da Comisión de Pesca da Eurocámara, explicou á representante da CE que a proposta de Regulamento sobre o que se estaba a traballar non estaba adaptada en absoluto á pesca artesanal. Entre outros aspectos, a aplicación de certas medidas técnicas, como a incorporación tecnolóxica, implican aínda unha maior burocratización,



moi dificilmente asumíbel polos barcos pequenos: «A conclusión é clara. Só hai dúas opcións: ou retirar a pesca artesanal desta proposta de modificación do Regulamento de Control ou incluír nel medidas específicas, traballadas co sector, que teñan en conta a realidade da pesca artesanal. Porque, tal e como está a día de hoxe a proposta de modificación do Regulamento, só poderíamos apoialo se a pesca artesanal e de pequena escala fican excluídas da súa aplicación», expuxo a eurodeputada galega neste encontro coa Comisión. **106**

Alertamos de que a aprobación do acordo pesqueiro UE-Marrocos incorre en riscos xurídicos

O 12 de febreiro de 2019, a través dunha rolda de prensa conxunta co Ministro delegado para Europa do Frente Polisario, Mohamed Sidati, Lidia Senra, responsábel para o Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica do seguimento do Acordo de colaboración de pesca UE-Marrocos polo Parlamento Europeo ese mesmo día, denunciou algunhas das principais claves da estratexia política a través da cal tanto Marrocos como a UE buscaron agochar baixo cobertura institucional o espolio dos recursos do pobo saharauí. «O GUE/NGL sempre se pronunciou en contra dos acordos comerciais UE-Marrocos porque inclúen ilegalmente os territorios ocupados do Sáhara Occidental. Cómpre lembrar

que o Artigo 73 da Carta de Nacións Unidas reconece o dereito dos pobos dos territorios non autónomos á soberanía permanente sobre os seus recursos», situou Senra nesta comparecencia. Marrocos non ten soberanía sobre o Sáhara Occidental, polo cal «nin este país nin a UE poden tomar decisións sobre un territorio que non lles pertence», reiterou. «Consideramos que isto é un roubo, estamos falando dun acordo onde a UE e Marrocos pretenden repartir o botín procedente do espolio do pobo saharauí. O pobo saharauí non deu en ningún momento consentimento, e se a UE quere pescar nas augas do Sáhara Occidental ten que negociar co Frente Polisario, que é o seu lexítimo representante. Paréceme perverso que a maioría do Parlamento Europeo dera o seu consentimento a este acordo sabendo que é contrario á legalidade internacional e a inseguridade xurídica na cal poden estar os barcos da UE». Mohamed Sidati, pola súa banda, agradeceu o apoio de Senra e do GUE/NGL e fixo fincapé no feito de que «os acordos comerciais e de pesca UE-Marrocos son ilegais, e significan que a UE vai seguir coa súa política de negación do pobo saharauí e de espolio dos seus recursos naturais. Hoxe a UE ao votar estes acordos está a ser parte do problema, non parte da solución, xa que está a reforzar a ocupación marroquí do Sáhara Occidental». O Ministro da Fronte Polisario para a UE recordou que o Tribunal de Xustiza da UE expresou claramente que os acordos comerciais que afectan os recursos do pobo saharauí só poden ser válidos se o propio pobo saharauí expresa o seu consentimento a través do seu representante lexítimo, o Frente Polisario. «A Comisión Europea durante estes meses tentou lexitimar o acordo sosténdoo nun groseiro armazón de falsas consultas», denunciou. Este acordo abrangue case exclusivamente as augas saharauís, xa que como sinalou o propio Tribunal de Xustiza da UE na sentenza de xaneiro de 2018, o 91,5% das capturas dos barcos europeos estase facendo en augas saharauís. «A UE non só está a incumprir as decisións do seu propio tribunal, senón a incumprir un dos principais principios do dereito internacional que establece a soberanía do pobo saharauí. Coa súa actitude fai prevalecer a lóxica da forza en detrimento dos principios que presidiron a súa fundación. Estes acordos son operacións para esquilar os nosos recursos. Francia e España capitanean este roubo. A nosa mensaxe á opinión pública europea e á comunidade internacional é que teñen que ser moi conscientes de que estes acordos lexitiman a ocupación saharauí do noso país e vulneran o dereito fundamental do noso pobo á autodeterminación», expresou o Ministro delegado para Europa do Frente Polisario. **107**

Lidia Senra, entre os 70 eurodeputados/as que asinaron unha carta dirixida á UEFA e á FIFA contra o sexismo no fútbol

Máis de setenta eurodeputadas e eurodeputados asinaron en xullo de 2017 unha carta conxunta dirixida a Aleksander Ceferin, Presidente da Unión de Asociacións Europeas de Fútbol (UEFA), e a Gianni Infantino, Presidente da Federación Internacional de Fútbol Asociación (FIFA). Como membros do Parlamento Europeo amosaron a súa fonda preocupación con respecto ás numerosas expresións de sexismo, discurso do odio e violencia de xénero que acontecen durante os partidos de fútbol. Instaron ao presidente da UEFA e ao da FIFA a que, como responsábeis das principais institucións futbolísticas, denuncien pública e firmemente todos os casos de sexismo e poñan fin de forma urxente á tolerancia institucional contra o sexismo e a violencia contra as mulleres.

Esiximos á Comisión Europea unha Directiva comunitaria contra a violencia machista

O 12 de setembro de 2017 o Parlamento Europeo votou a favor da adhesión ao Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul). Lidia Senra aproveitou a súa quenda de intervención durante esta sesión plenaria para urxir á Unión Europea a pór en marcha unha Directiva europea para reforzar a loita contra a violencia machista. Pidiu tamén que os Estados membro leven a cabo unha avaliación en profundidade que revele que é o que non está a funcionar na aplicación das leis contra a violencia, xa que moitas veces a vontade recollida en convenios como o de Istambul, malia seren asumidos polos Gobernos, non alcanzan a efectividade á que aspiran, e puxo como exemplo o caso de Juana Rivas. Neste senso, a eurodeputada galega reiterou unha vez máis que é imprescindible que todas aquelas persoas que teñen a responsabilidade de implementar a



lexislación contra a violencia machista contén cunha formación fonda e específica en materia de xénero, xa que é o único xeito de que o machismo non se introduza tamén na propia aplicación das leis. **108**

Presentación da campaña galega «En Negro Contra as Violencias Machistas» no Parlamento Europeo

A campaña galega En Negro Contra as Violencias Machistas, posta en marcha en 2015 polo Concello de Santiago, e á cal hai adheridos arredor dun cento de concellos de toda Galiza e varios milleiros de establecementos de todo tipo, foi presentada en novembro de 2017 no Parlamento Europeo por unha delegación formada por case medio cento de representantes de entidades locais e provinciais integradas na campaña. Concelleiras e concelleiros, responsábeis municipais de Centros de Información ás Mulleres e técnicas locais de Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Muros, Salceda de Caselas, Rianxo, Ribadeo, Fisterra, Val do Dubra, Lugo, Ames, Cerdido, Ortigueira, As Pontes, Cambre e Becerreá foron recibidas pola presidenta e o vicepresidente da Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero (FEMM) do Parlamento



Europeo, a lituana socialista Vilija Blinkeviciute e o portugués membro do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) João Pimenta Lopes, respectivamente. Á xuntanza tamén asistiron ademais da propia Lidia Senra, que exerceu de anfitrioa, o eurodeputado socialista galego José Blanco e a eurodeputada asturiana, membro do GUE/NGL, Ángela Vallina. **109 a 112**



Chamamos a analizar e debater os avances e eivas do empoderamento das mulleres na esquerda

O sábado 11 de novembro de 2017 realizamos no Salón de Plenos do Concello de Cangas a xornada «O empoderamento das mulleres na esquerda política social», co obxectivo de debater e analizar os avances que ten logrado o empoderamento das mulleres na esquerda nas últimas décadas, pero tamén para prestarlle moita atención ás eivas. Entre outras cousas, denunciámos que, a pesar de que na teoría as organizacións políticas e sociais de esquerda defenden a igualdade e a loita contra o machismo, a realidade é que na maioría dos casos continúan a ser os homes os que ocupan os postos de maior responsabilidade, exercen de portavoces e toman a maioría das decisións. Ademais de Lidia Senra, participaron como relatoras a deputada de En Marea no Congreso do Estado español Alexandra Fernández e a concelleira de Marea Marín Sandra Pesqueira. As tres representantes políticas expuxeron a súa visión e as experiencias vividas día a día no desenvolvemento das súas funcións na mesa titulada «Mulleres implicadas política e socialmente fronte ao machismo diario que continúa a imperar na maioría de organizacións de esquerda», moderada por Margarida López Barreiro, concelleira de Marea de Vigo. O panel «A raíz da violencia machista. Como se desenvolve e como se nos conta a historia» contou coa participación da profesora, feminista e activista nacionalista galega Encarna Otero e Asunción Bernárdez Rodal, profesora da Complutense de Madrid autora de numerosos traballos de análise da violencia machista nos medios de comunicación e no cinema. A membro de Alternativa Canguesa de Esquerdas, Andrea Bernárdez, moderou o debate. **113 a 116**





117



119



118



120

Sae á luz a publicación «O feminismo, imprescindible para construír outra Europa»

A través dunha rolda de prensa presentamos en marzo de 2018 a publicación «O feminismo, imprescindible para construír outra Europa». Lidia Senra estivo acompañada nesta presentación pola concelleira de Marea Marín, Sandra Pesqueira, e a Coordinadora da Asociación Galega contra o Maltrato a Menores (AGAMME), Estrela Gómez Viñas. A publicación recolle textos das relatoras que participaron nas xornadas de formación para mulleres «O feminismo, imprescindible para construír outra Europa» –organizadas tamén por Senra o 18 e 19 de novembro de 2016 no Centro Cívico A Ponte de Ourense–, e na xornada «O nesgo machista na aplicación das políticas: O caso da xustiza», convocada pola eurodeputada galega no Parlamento Europeo o 18 de novembro de 2015. O libro está dispoñíbel xa en aberto na súa versión dixital na propia web de Lidia Senra e contou cunha tiraxe inicial de 1.500 exemplares impresos que se distribuíron de xeito gratuito por toda Galiza. **117/118**



121



122

Galiza presente no Foro Feminista do GUE/NGL no Parlamento Europeo

Por iniciativa de Lidia Senra, vinte e catro mulleres pertencentes a diferentes colectivos que loitan polos dereitos das mulleres en Galiza desprazáronse a Bruxelas para participar, do 6 ao 8 de marzo de 2018, nas actividades do Foro Feminista 'Feminismo sen fronteiras' que organiza este ano o Grupo Parlamentario Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL). Concelleiras como Sandra Pesqueira (Marea Marín) ou Margarita López (Marea Vigo), así como integrantes de Alternativa Canguesa de Esquerdas, da Marcha Mundial das Mulleres na Galiza, de SOS Racismo, da Marea Feminista de Vigo, de Andaina Mulleres, do Grupo de Traballo en Igualdade do Colexio Profesional de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia «Fiadeiras», de Anova Ourense, da Confederación Intersindical Galega (CIG), do colectivo Arente do Chan, do proxecto Buserana e do Sindicato Labrego Galego (SLG) formaron parte deste grupo. A delegación galega intercambiou experiencias con representantes chegadas de Polonia, Alemaña, Ucraína, Grecia ou Italia de #MeToo, o coñecido movemento internacional que leva unha década denunciando a través das redes sociais casos de abuso e acoso machista. Un dos coloquios centrouse na importancia de lograr a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres e nenas no medio rural. Nel interviron como relatoras a propia Lidia Senra; a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG), Isabel Vilalba; a responsábel do GUE/NGL na Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero, Ángela Vallina; a directora do Instituto Universitario UC3M de Estudos de Xénero do Estado español, Rosa San Segundo; a directora da Fundación de Estudos, Acción y Participación Social (FEDAEPS, Ecuador), Irene León; a presidenta da Asociación de Mulleres Vítimas da Esterilización Forzada en Chumbivilcas (Perú), Inés Condori; e a membro da organización labrega Ecumenical Association for Sustainable Agriculture and Rural Development (ECASARD, La Vía Campesina África), Gladys Serwaa, de Ghana. **119 a 122**

Participamos na folga feminista convocada o 8 de marzo de 2018

O 8 de marzo de 2018 secundamos a convocatoria de Folga Feminista. Senra comunicou o día anterior que participaría nesta convocatoria «porque queremos que se apliquen as leis de igualdade desde unha perspectiva non machista; porque queremos rematar coa violencia machista; porque queremos



acabar coa fenda salarial, coa fenda das pensións tamén; porque queremos corresponsabilidade nos coidados; porque queremos que se aplique a lei de titularidade compartida nas explotacións agrarias; e porque as mulleres queremos poder vivir a nosa vida con tranquilidade e sen violencias machistas».

Participación na 62ª Sesión da Comisión da Condición Xurídica e Social das Mulleres da ONU en Nova York

Lidia Senra participou en Nova York na 62ª Sesión da Comisión da Condición Xurídica e Social das Mulleres da Organización das Nacións Unidas (ONU) realizada en marzo de 2018 en Nova York. Esta sesión tivo como tema principal as mulleres e nenas que habitan nas zonas rurais. Senra, coordinadora do seu grupo parlamentario na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural desde o inicio de lexislatura, é tamén a responsábel a nivel do Parlamento Europeo da transversalización da perspectiva de xénero neste comité para o período 2014-2019. Ademais das iniciativas levadas a cabo neste sentido tanto a través da Comisión de Agricultura como da sesión plenaria, así como das achegas realizadas a outras comisións, no ano 2017 a eurodeputada galega foi correlatora dunha resolución do Parlamento Europeo que abordou de xeito específico o papel das mulleres nas zonas rurais. **123**

Denunciamos as consecuencias que lexislar «por e para as multinacionais» ten nas mulleres a nivel global

Reunido en sesión plenaria en Estrasburgo, o Parlamento Europeo aprobou en marzo de 2018 un informe que recoñeceu o impacto diferenciado que os acordos de liberalización comercial dos cales fai parte a UE están a ter nas mulleres. A eurodeputada galega Lidia Senra, responsábel a nivel do Parlamento Europeo da transversalización da perspectiva de xénero na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural –da que é coordinadora para o Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL)–, apoiou co seu voto este informe e tomou a palabra durante o debate do mesmo para enmarcar que os acordos comerciais polos que apostan as grandes potencias como a UE «son unha coartada para lexitimar a imposición do modelo capitalista neoliberal, que ten graves consecuencias sociais, especialmente para as mulleres». Senra chamou a atención sobre cuestións concretas como as consecuencias directas da capitalización da natureza que se atopa tras moitos destes acordos comerciais, a cal provoca «un significativo aumento da violencia nas zonas rurais, que se materializa en desaloxos forzosos, militarización, violencias sexuais...». A eurodeputada galega do GUE/NGL tamén foi crítica coa interesada hipocrísia das grandes potencias, quen non dubidan en botar man de cartos públicos para tentar disimular a gravidade das consecuencias destes acordos. «Logo as propias institucións que, como a UE, aproban acordos lesivos para a sociedade, tentan parchear con cartos o que destrúen con políticas, como vimos por exemplo hai apenas un par de semanas co caso das mulleres afectadas polo peche de varias empresas do téxtil na comarca de Ordes», exemplificou.

«É urxente rematar coa ‘cultura da violación’ e garantir a perspectiva de xénero nos e nas profesionais da xustiza»

Lidia Senra aproveitou unha das súas quendas de intervención durante a sesión plenaria do Parlamento Europeo do mes de maio de 2018 para chamar a atención sobre a grande indignación social que espertou a sentenza que reduciu a abuso o brutal ataque sexual realizado durante as Festas de San Fermín (2016) por cinco individuos que se autodenominaron «manada». «Non foi abuso. Foi violación», reiterou Senra na Eurocámara. Cualificou a sentenza de «machista» e alertou do «duro golpe» que asesta ás mulleres, «ao

noso dereito a sentirnos libres, ao noso dereito a non ser violadas nin atacadas sexualmente». «É urxente rematar coa ‘cultura da violación’ e garantir a perspectiva de xénero en todas as persoas que teñen que aplicar as leis». Senra, responsábel a nivel de todo o Parlamento Europeo da transversalización da perspectiva de xénero na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural, apelou a «non permitir que haxa profesionais na xustiza sen formación en perspectiva de xénero para abordar as cuestións que están directamente relacionadas coas mulleres». Por último, como xa ten reiterado ao longo desta lexislatura, a eurodeputada galega exhortou unha vez máis á Comisión Europea a pór en marcha unha Directiva para loitar contra a violencia machista e adoptar esta liña de traballo como unha prioridade das institucións comunitarias.

A produción de enerxía á conta da deforestación ou o acaparamento de terras non pode ser considerada «limpa»

En novembro do ano 2016 a Comisión Europea adoptou un paquete legislativo centrado no que deu en denominar «enerxía limpa». En xaneiro de 2018 o Parlamento Europeo debateu e votou as propostas legislativas referidas á Promoción da utilización de enerxía renovábel, eficiencia enerxética e gobernanza da coñecida como «Unión da Enerxía».

Lidia Senra, que previamente presentara emendas neste sentido para seren incorporadas aos informes relativos a enerxías renovábeis e de gobernanza enerxética, lembrou a través dun comunicado de prensa que a Unión Europea debe en todo caso «decidir se realmente aposta por este tipo de enerxía de xeito colectivo, ou se cada Estado membro vai legislar en función da forza que en cada territorio fai o *lobby* das empresas eléctricas», un dos máis potentes do mundo e tamén un dos sectores que máis habitualmente incorpora ás súas filas persoas que antes ocuparon cargos políticos que lle permitiron legislar precisamente sobre ese sector. Apostou polo establecemento dun sistema de apoios públicos para proxectos de pequena dimensión, tales como comunidades de propietarias/os, particulares, colectivos veciñais, aldeas, pequenas ou medianas explotacións agrogandeiras e empresas, administracións públicas ou organismos e organizacións sociais.

Esiximos a retirada do proxecto de alta tensión da REE en Arbo e que a CE faga cumprir as normas de transparencia e información

En febreiro de 2018 Lidia Senra interveu na Comisión de Peticións do Parlamento Europeo para solicitar que se mantivese aberta a investigación solicitada pola Plataforma de afectados pola Liña de alta tensión de



Arbo (AALAT), arroupada no Parlamento Europeo tamén pola concelleira e concelleiro da Agrupación de Electores de Arbo, Fabiola Durán e Florencio Gago, que se desprazaron a Bruxelas o día en que esta solicitude foi tratada na Comisión de Peticións. O denominado Proxecto de Interconexión Eléctrica do Norte de España-Portugal contempla no seu trazado orixinal liñas de moi alta tensión pasando pegadas ás casas e leiras da veciñanza, a unha distancia de apenas seis metros. Celeste Pedrosa en representación da AALAT, reiterou ás eurodeputadas e eurodeputados e ao representante da Comisión Europea presente na reunión da Comisión de Peticións, as numerosas irregularidades das que adoecía este proxecto transfronteirizo promovido por Red Eléctrica Española (REE) e a portuguesa Red Eléctrica Nacional. A presidenta da Comisión de Peticións, a sueca Cecilia Wikström, afirmou que seguirían «presionando» á Comisión Europea para que se coñeza a avaliación de impacto do proxecto, así como ás autoridades españolas e lusas a través do envío de sendas cartas reiterando o seguimento da Comisión de Peticións.

En febreiro de 2017, a Dirección Xeral de Enerxía trasladara a Senra nunha xuntanza que o proxecto inicial fora modificado pero, malia que desde entón tentamos saber cal é exactamente o trazado, non foi posíbel acadar esta información. Como mostra das sorprendentes trabas existentes para coñecer que é o que realmente quere facer Red Eléctrica Española no concello de Arbo, ao relato xa exposto por Celeste Pedrosa durante a súa intervención, Senra engadiu o periplo interinstitucional

da súa propia solicitude de información realizada en calidade de eurodeputada: «Ao fío da denuncia da veciñanza aberta na Comisión de Peticións do PE, en febreiro de 2017 reunímonos coa Comisión Europea para obter máis información, e dixéronnos que tiñamos que dirixirnos ao Ministerio. Pedímoslle entón á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do MAPA unha copia íntegra do expediente do proxecto. En abril responderon que debíamos solicitala a través da Representación Permanente de España na UE, quen pecharon o bucle remitindo a nosa solicitude de novo á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do MAPA que, á súa vez, tivo a desvergoña de dicirnos que a información tiña que ser solicitada a través da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo». **124/125**

Cualificamos de «chantaxe» o anuncio de peche de Alcoa e advertimos: se marcha, que devolva os cartos

Ante a nova de que a empresa de capital estadounidense ALCOA ameazaba –outra vez– con pechar instalacións en Galiza e noutras partes do Estado, desde Bruxelas a eurodeputada galega Lidia Senra instou á Unión Europea e aos Estados membro a que, en base ás súas respectivas competencias, «non consintan nin unha soa chantaxe por parte destas grandes empresas, nin coa enerxía, nin coa fiscalidade, nin con ningunha outra cousa». A través dun comunicado de prensa emitido o 17 de outubro demandou a posta en marcha das medidas precisas para que sexa garantido o mantemento de todos os postos de traballo e que, no caso de que esta grande corporación teime en operar os centos de despedimentos anunciados, «tanto a Xunta como o goberno do Estado esixan a devolución de todos os beneficios e diñeiro público que percibiu esta empresa, e que o invistan en xerar postos de traballo para as persoas que ten empregadas na actualidade. É intolerábel que un dos argumentos desta empresa sexa o custo da enerxía cando, entre outros privilexios, até o ano 2008 esta multinacional pagaba unha tarifa especial, máis baixa –que logo pagabamos todas e todos nós nas nosas facturas–, e posteriormente estivo cobrando cartos públicos a través do que poderíamos considerar como subvencións encubertas, tales como o denominado «servizo de interrompibilidade». Tendo en conta o trato privilexiado do que vén disfrutando esta multinacional estadounidense, non sorprende que durante o primeiro trimestre deste mesmo ano os seus beneficios se dispararan un 50%, acadando os 182 millóns de euros. Asemade, a eurodeputada lembrou tamén que circunstancias como esta, en que «unha

empresa ten o poder de intimidar gobernos a nivel municipal, galego e estatal, tomando ás traballadoras e traballadores como reféns, son unha cara máis das consecuencias das políticas de privatización», en alusión ao feito de que a estadounidense ALCOA se asentou en Galiza a través da concesión de INESPAL (Industria Española del Aluminio) en 1998.

A xestión pública e democrática é fundamental para acadar un sector enerxético xusto

No marco da sesión plenaria do mes de novembro de 2018 procedeuse á aprobación de tres informes de especial relevancia en materia de xestión enerxética na UE, ao abordar precisamente a cuestión da eficiencia, a promoción de fontes renovábeis e a propia gobernanza do que se está a denominar como «A Unión da Enerxía», un dos dez obxectivos principais establecidos en 2014 polo presidente da Comisión Europea, Jean Claude Juncker, en consonancia co expresado tamén por Donald Tusk, Presidente do Consello Europeo. Lidia Senra, que durante esta lexislatura estivo a facer un seguimento exhaustivo desta liña de traballo, amosou en reiteradas ocasións a súa preocupación pola deriva neoliberal que o ente comunitario estivo imprimindo a unha cuestión básica para a calidade de vida da cidadanía e tan directamente relacionada co empobrecemento das clases populares europeas como é a enerxía. Na votación pronunciouse en contra dos tres informes. «A enerxía debe considerarse un ben público e un sector estratéxico. Polo tanto, o control e xestión pública e democrática é un requisito fundamental para garantir un sector enerxético social, mais sustentábel e xusto. Non obstante o modelo de Unión Enerxética que se está a pór enriba da mesa avanza en dirección contraria. Ademais non ten en consideración que o desenvolvemento dos proxectos de enerxías renovábeis se faga respectando a paisaxe, o medio ambiente e os asentamentos das poboacións no medio rural, como están pondo en evidencia os proxectos de eólicos na comarca de Ordes ou Cabana de Bergantiños, Laxe e tantos outros aos que a cidadanía está a facer fronte no noso País», alertou a deputada galega a través dunha nota de prensa na cal tamén criticou que estes informes non cuestionasen en absoluto o actual modelo de desenvolvemento e de consumo altamente dilapidador de enerxía. Denunciou que ademais estes informes estableceron excepcións que permiten que as grandes empresas sigan a facer negocio á costa das necesidades da poboación. Senra reiterou tamén que o control e xestión pública e democrática son requisitos fundamentais para garantir un sector enerxético social, máis sustentábel e xusto.

Políticas económicas



Reivindicamos que se poña fin á obsolescencia programada

Na sesión plenaria de xullo de 2017 votamos a favor do «Informe sobre unha vida útil máis longa para os produtos: vantaxes para os consumidores e as empresas», un importante punto de partida para iniciar un camiño que é imprescindible transitar: o camiño do decrecemento, porque o planeta ten límites. No debate previo á votación Lidia Senra tomou a palabra para denunciar que é unha realidade que os produtos non están fabricados para durar e que a obsolescencia programada é cada vez máis evidente. Tamén reclamou que se activen os mecanismos necesarios para pór fin á obsolescencia programada, instando á UE a esixir calidade e durabilidade dos produtos, e garantir e promover a reparación dos mesmos.

Denunciamos que a OMC usurpa a soberanía dos pobos, os dereitos das persoas e vulnera as leis de protección da Natureza

O 15 de novembro de 2017 o Parlamento Europeo aprobou unha resolución ao respecto do papel da Unión Europea no cumio da Organización Mundial do Comercio (OMC) que tería lugar uns meses máis tarde, do 10 ao 13 de decembro en Buenos Aires (Arxentina). Lidia Senra opúxose co seu voto á aprobación deste texto, e denunciou que a OMC non é máis que «un instrumento do neoliberalismo» do que esta ideoloxía económica capitalista está a se servir para afondar no desregulamento dos mercados e das producións, así como na privatización a nivel global. «A través da OMC e dos acordos de libre comercio, as grandes corporacións están tratando de usurpar a soberanía dos pobos, minando a capacidade dos gobernos democraticamente elixidos para tomar medidas legislativas que podan protexer os dereitos da poboación e do medio ambiente fronte aos abusos das multinacionais», denunciou tamén a eurodeputada galega. **126**

Oposición ao tratado de libre comercio UE-Australia e UE-Nova Zelandia

Durante o debate da Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo para o establecemento dun proxecto de opinión vinculado ao tratado comercial UE-Nova Zelandia–Australia que tivo lugar o 31 de agosto de 2017, Lidia Senra tomou a palabra para alertar das repercusións negativas que este tipo de acordos teñen para as pequenas e medianas produtoras e produtores, así como para a pequena e mediana empresa local. Reiteramos tamén que estes tratados comerciais inflúen moi negativamente no quecemento global, xa que poñen innecesariamente en circulación mercadorías ao longo do planeta que xa están dispoñíbeis localmente.

«Nos negocios entre empresas e Gobernos no marco do capitalismo neoliberal, os pobos sempre perden»

En febreiro de 2018 fixémonos eco da información publicada polo medio de comunicación galego Praza Pública ao respecto do desvío por parte do Goberno da Xunta de Galicia de 400.000 euros de fondos destinados á investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+I) para financiar a demanda interposta pola empresa mineira Edgewater contra o Estado español pola paralización da explotación que Xunta e empresa pretendían chantar en Corcoesto. Este movemento vén sumarse ás cantidades xa desviadas para tal efecto nos últimos anos, como os 150.000 euros de parte do orzamento destinado a axudas para pagar a luz no ano 2016. Segundo revelaron as investigacións deste medio de comunicación, até esa data o custo para o erario público galego cífrase, polo menos, en máis de medio millón de euros. «Nos negocios entre empresas e Gobernos no marco do capitalismo neoliberal, os pobos sempre perden», advertiu a eurodeputada galega Lidia Senra a través dun comunicado de prensa.



«As regras de xogo están feitas á medida dos grandes capitais e da connivencia governamental: se a mina de Corcoesto chega a ir adiante a poboación sería a máxima prexudicada. Como a mobilización cidadá logrou parala, agora a empresa quere cobrarse os beneficios á custa dos cartos públicos que os propios gobernos galego e español desvían para tal efecto.»

Organizamos en Santiago unha xornada sobre os Fondos Europeos en Galiza para o período 2021-2027

A Aula 2 da Facultade de Filosofía de Santiago de Compostela (Praza de Mazarelos) acolleu o 10 de marzo de 2018 unha xornada sobre os 'Fondos europeos en Galiza para o 2021-2017', un evento aberto organizado pola eurodeputada galega Lidia Senra no cal participaron como relatores o catedrático de Economía Aplicada da USC Xavier Vence; o asesor do Grupo Municipal de Compostela Aberta Javier Vázquez Lamas; e a economista Ana María Rodríguez. **127**

Denunciamos que os orzamentos da UE apoian a lóxica capitalista de concentración da riqueza

O Parlamento Europeo aprobou o 14 de marzo un informe no que avanzou as súas primeiras recomendacións para o Marco Financeiro Plurianual (MFP) da UE a aplicar a partir do ano 2020, e un segundo texto no cal abordaba posíbeis modificacións do actual sistema de obtención de recursos propios. Lidia Senra abstívose na votación destes informes. «Estamos en contra de que se reduzan os orzamentos públicos, xa que son imprescindíbeis para desenvolver políticas públicas fortes», explicou, «pero tampouco podemos votar a favor do xeito en que se están a empregar estes

cartos. Estamos en contra de cuestións recollidas expresamente no texto, como o aumento do gasto militar e, en xeral, botamos en falta unha reflexión de fondo sobre a orientación do orzamento comunitario», abondou. Lonxe da narrativa coa que se tenta a miúdo presentar a Unión Europea como un proxecto baseado nun mecanismo de solidariedade entre os Estados membro, a eurodeputada galega puxo o foco na conformación da UE como un axente político que fai uso de contrapartidas económicas para favorecer mudanzas que deterioran os tecidos produtivos favorecendo o control dos recursos por parte de grandes capitais. «Como xa vimos por exemplo na década dos 80 e 90 en Galiza, os fondos europeos non se destinan a acadar o desenvolvemento dos países da periferia económica europea, senón que son empregados precisamente para dismantelar os seus sectores produtivos, como pasou no noso País co financiamento do cese anticipado das explotacións agrarias, despece de barcos pesqueiros ou o dismantelamento da industria naval».

«Deixen de empregar os cartos da cidadanía para machacar as vítimas das súas políticas económicas»

Após a comparecencia do Presidente da Comisión Europea (CE), Jean Claude Juncker, e do Comisario de Programación Financeira e Orzamentos, Günther Oettinger, para presentar durante o inicio da sesión plenaria de maio de 2018 do Parlamento Europeo algunhas das claves do Marco Financeiro Plurianual (MFP) da UE para o período 2021-2027, Lidia Senra reiterou a través dun comunicado de prensa as súas críticas a unha proposta orzamentaria que «visibiliza a tendencia da UE a reforzar a industria militar e a inaceptábel actual política de migración, en detrimento do fortalecemento dunha Europa social, tanto a nivel interno como de política exterior». O feito de que as dúas novas categorías orzamentarias creadas se correspondan precisamente coas epígrafes «Seguridade e Defensa» e «Migración e Protección de Fronteiras», veu corroborar, xunto coa proposta da CE de aumentar o gasto en industria armamentística até os 2.000 millóns de euros e as tropas da axencia FRONTEX de 1.200 a 10.000 efectivos, a utilización dos cartos da cidadanía europea para dar unha resposta militar ás graves consecuencias que as políticas económicas neoliberais están a ter para a cidadanía e o medio ambiente a nivel global.

Senra impulsa a participación de 24 representantes da política local galega na xornada internacional REALPE 2018

Un total de 24 concelleiras, concelleiros e alcaldes de 16 concellos galegos participaron na edición anual do encontro internacional sobre políticas públicas locais a nivel europeo REALPE, celebrada en Bruxelas o 27 de xuño de 2018. O Grupo da Esquerda Unitaria Europea/ Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), do cal forma parte a eurodeputada galega Lúcia Senra, convocou unha vez máis este encontro da Rede Europea de Autoridades Locais Progresistas (REALPE) co obxectivo de fortalecer e visibilizar o desenvolvemento de políticas públicas de esquerdas na Unión Europea. Participaron nesta xuntanza internacional as e os edís locais Constantino Cordal Rodríguez (concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Terceira Idade e tenente de alcalde; Somos Cambados), Óscar Carrete Lage (concelleiro e voceiro do C@urel Vivo), María del Carmen Moreira Martínez (concelleira do Grupo Municipal Marea Pontevedra), Félix Domínguez Cortiñas (alcalde do concello de Manzaneda), Manuel Álvarez Groba (concelleiro da Agrupación de Electores de Arbo), Ángela Vizoso Marcos (concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local de Cangas), Tomás Hermelo Álvarez (concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade de Cangas), María Chao Martínez (concelleira de Xunt@ por As Pontes), Jorge Vázquez Rodríguez (concelleiro de Son de Trives), Mar Blanco Casais (concelleira do Movemento Veciñal Estradense Móvete), Xurxo Charlín Trigo (voceiro municipal e concelleiro de Economía e Facenda de Somos Cambados), José Enrique Oubiña





Lago (tenente de alcalde e concelleiro de Obras, Vías, Urbanismo, Terceira Idade, Asuntos sociais e Sanidade de Ribadumia), Fabiola Durán Pedrosa (concelleira da Agrupación de Electores de Arbo), José Luís Piñeiro García (alcalde da Pobra do Caramiñal), Rosario Varela Fernández (concelleira de Turismo e Igualdade da Pobra do Caramiñal) e Marcos David Besada Pérez (alcalde de Salceda de Caselas). Canda estes cargos electos, participaron tamén nesta edición da rede REALPE Rodrigo Márquez Rincón (voceiro municipal de En Marea en Ponte Caldelas), Iolanda Pérez Docampo (exconcelleira de Vivenda e Rehabilitación en Ourense), Alfredo Benigno González García (exprimeiro tenente de alcalde e exconcelleiro de Corcubión), Alejandro Sánchez Vidal (extenente de alcalde e exconcelleiro en Ourense), María Teresa Brey Eyo (integrante de Móvete, A Estrada), Ana María Costa Rodríguez (responsábel da Área Administrativa, Económica e Feminismo de Son de Trives), María Dolores Caramés (convocadeira da Marea Cidadá de Noia) e Jorge Lorenzo Vila (Laza). Nesta edición do REALPE representantes locais de distintos países da UE estruturaron a posta en común experiencias arredor de tres eixos principais: a xestión de fondos europeos; a igualdade territorial e o acceso aos servizos públicos para todas as persoas –abordando especificamente o dereito á auga e tamén a situación no medio rural– e o despoboamento. **128 a 131**



Denunciamos que austeridade e fascismo son as dúas caras da mesma moeda: as políticas da UE alimentan a extrema dereita

A finais de setembro de 2018 o Grupo da Esquerda Verde Nórdica/Esquerda Unitaria Europea (GUE/NGL) convocou unhas xornadas de formación en Nápoles co obxectivo de coñecer de primeira man proxectos alternativos construídos directamente desde as bases sociais para mudar a cidade. Os debates centráronse en propostas para facer fronte ao desemprego e á precariedade e en analizar a actual ofensiva de privatización de servizos e capitalización do que até agora eran dereitos sociais na UE. As deputadas e deputados do GUE/NGL tamén mantiveron reunións con traballadores e traballadoras sociais e profesorado, que ao tempo que deron conta das súas experiencias a pé de rúa situaron a importancia da educación

pública e da cultura como ferramenta estratéxica para o desenvolvemento e a inclusión social. **132/133**

«Os números están claros: hai riqueza abondo para vivir con dignidade, só hai que repartíla mellor»

O Parlamento Europeo debateu en sesión plenaria a principios de outubro de 2019 as claves para o establecemento dunha renda mínima na UE. Entre outras consideracións, na súa intervención Lidia Senra defendeu que se realmente a UE quere apostar por un modelo social que elimine ou, canto menos, mitigue a cada vez máis crecente desigualdade económica nos Estados membro, cómpre apostar xa por unha batería de medidas que aborde esta situación: «Reducir a xornada laboral; repartición do traballo; salarios dignos; prezos agrarios remuneradores; pensións de xubilación dignas garantidas polos orzamentos públicos; servizos públicos gratuítos e de calidade; políticas para garantir o dereito a unha vivenda digna e a prezos asumíbeis; pór fin á fraude e á evasión fiscal e establecer a Renda Básica Universal para garantir que ningunha persoa sexa condenada a vivir na pobreza ou a aceptar empregos absolutamente precarizados». No noso país, segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), catro de cada dez fogares galegos teñen dificultades para chegar a final de mes. Segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE), o 19% dos fogares do Estado están en risco de pobreza. Ademais, subliñou a galega, «esta pobreza ten rostro de muller, de persoa nova, de crianza, de persoa xubilada e de persoas desempregadas. É hora de reverter esta situación. Os números están claros: hai riqueza abondo para vivir con dignidade, só hai que repartíla mellor».

«Con esta Europa non hai paz. Non ao gasto militar», xornada en Compostela

A vicepresidenta da Subcomisión de Seguridade e Defensa do Parlamento Europeo e eurodeputada do Die Linke alemán, Sabine Lösing, foi convidada pola súa compañeira galega dentro do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), Lidia Senra, a ofrecer o 8 de novembro de 2018 no Salón de Graos da Facultade de Políticas da Universidade de Santiago de Compostela (USC) a charla-coloquio titulada «Con esta Europa non hai paz. Non ao gasto militar», presentada polo catedrático de Economía Aplicada na USC, Xavier Vence. Este evento tivo lugar ao tempo que a negociación do Marco Financeiro Plurianual da UE para o período



2021-2027. Sabine Lösing era nese momento a vicepresidenta da Subcomisión de Seguridade e Defensa do Parlamento Europeo e unha grande experta neste tema. Durante a charla ofreceu unha visión crítica coas decisións que está a tomar a UE ao respecto dun maior gasto en militarización. **134 a 136**

Senra critica en Viena a responsabilidade da UE na destrución dos dereitos humanos e sociais

O Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) levou adiante en novembro de 2018 en Viena nunha xornada de traballo conxunto con representantes de partidos e organizacións da esquerda austríaca, país que ostentaba naquela altura a presidencia do Consello Europeo. Un primeiro panel analizou as claves do auxe das forzas políticas da extrema dereita e das políticas contra as persoas migrantes, un segundo bloque centrouse nos dereitos das traballadoras e traballadores e a loita polas políticas sociais. Xunto con Lidia Senra, participaron neste espazo Markus Stromeier, da Federación de Sindicatos Austríacos ÖGB; Can Gülcü da UNDOK, organización que apoia ás persoas que traballan en Austria sen documentos informándoas dos seus dereitos; Katerina Anastasiou, activista polos dereitos das persoas migrantes e Herbert Fuxbauer, do Partido Comunista de Austria.

Na súa intervención a eurodeputada galega criticou duramente a liña política da UE, subliñando que «mentres moitas persoas teñen esperanzas en que a UE vai defender os dereitos das traballadoras e traballadores, as institucións europeas fan todo o contrario, impondo reformas que destrúen os dereitos laborais ou, como estamos a ver nestes últimos meses, tratando de debilitar os sistemas públicos de pensións». Senra lembrou tamén que as institucións comunitarias son cómplices do deterioro dos sistemas públicos de saúde, como aconteceu coa imposición do copagamento sanitario no Estado español. **137**



O auxe da extrema dereita é un fenómeno global que responde ás necesidades do capitalismo

En xaneiro de 2019 o Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) desenvolveu en Nicosia (Chipre) unhas xornadas formativas coordinadas polo partido chipriota das traballadoras e traballadores AKEL. Ademais de cuestións específicas relativas á actual situación do que se deu en chamar «problema chipriota» –actualmente 40.000 militares turcos ocupan o 37% do territorio chipriota e 1/3 da súa poboación, 170.000 persoas aproximadamente, é refuxiada–, ou aquelas relacionadas coa situación no Medio Oriente e no Mediterráneo oriental, esta xuntanza tivo como obxectivo afondar noutras claves a abordar como grupo político de esquerdas desde o Parlamento, avanzando en análises de cuestións como o auxe da extrema dereita en Europa. Precisamente durante a tarde de onte tivo lugar o panel dedicado a abordar esta situación, integrado polo eurodeputado grego Dimitris Papadimoulis, o académico Nikos Trimiklimiotis e o científico político Giorgos Charalambous. Este espazo foi introducido e moderado por Lidia Senra, quen quixo salientar na súa intervención que «a problemática do auxe da extrema dereita non é exclusiva da Unión Europea», pondo como exemplo a actual situación no Brasil baixo a presidencia de Jair Bolsonaro, que cualificou de «tremendamente negativa e preocupante». Abondando

na análise das circunstancias que están a dar pé ao fortalecemento das forzas políticas máis reaccionarias, Senra chamou a reflexionar sobre como estas favorecen a sinerxía sistémica de afondamento nas desigualdades, presente a nivel global: «O capitalismo precisa neste momento de gobernos autoritarios para continuar co seu proceso de concentración da riqueza». **138/139**

Temos que conseguir que os avances institucionais en materia de igualdade cheguen á vida real

O Parlamento Europeo aprobou o 15 de xaneiro dous informes a través dos cales achegou unha análise sobre algunhas das desigualdades presentes entre homes e mulleres, presentando iniciativas para facerlles fronte. O primeiro dos informes aprobado centrouse especificamente na integración da perspectiva de xénero no Parlamento Europeo, onde aínda que existen tendencias positivas, resta moito traballo por facer. Exemplificado no propio texto, as cifras de altos cargos –direccións xerais e direccións intermedias– revelan que as persoas elixidas para ocupar estas posicións na Eurocámara no ano 2016 foron homes nun 89% dos casos, un 67% en 2017. O segundo dos informes cinguiuse á promoción da aplicación de políticas fiscais que axuden a avanzar na eliminación da discriminación estrutural que afecta ás mulleres. O texto destacou a persistencia da infrarrepresentación das mulleres no ámbito laboral na UE, ao que se engade unha fenda salarial media do 16%. Recalcou a importancia de abordar a fenda de xénero neste eido, xa que só deste xeito se poderá rematar coa discriminación de xénero presente nas pensións de xubilación, de media un 40% máis baixas para as mulleres en toda a UE, situación que reflicte a acumulación da desigualdade estrutural padecida ao longo de toda a vida laboral das mulleres. Este informe recolleu ademais unha cuestión da que moi poucas veces se fala na UE, que son os nesgos implícitos nas políticas, neste caso nas fiscais. «Temos que pór sobre a mesa a realidade de que moitas veces desde as institucións estanse a desenvolver medidas de xeito teoricamente igual para homes e mulleres, pero que ao interactuar coa realidade de cada Estado, teñen un impacto de xénero diferente. Ese é un dos motivos polos que é tan importante que as persoas que traballan na elaboración de políticas públicas, así como aquelas que o fan en eidos fundamentais para toda a sociedade, como poden ser a Sanidade ou a Xustiza, contén con formación continua en perspectiva de xénero», reiterou Senra. Sen embargo, malia os aspectos positivos dos informes aprobados polo Parlamento Europeo, no proceso de pór fin ao machismo estrutural sistémico as

institucións a todos os niveis deben facer autocrítica. «A miúdo estamos aprobando medidas para avanzar na igualdade entre mulleres e homes que finalmente non están a ter un impacto axeitado na sociedade, no mundo real. Sen embargo o que estamos a ver son retrocesos. Aínda está por resolver que haxa verdadeira xustiza na sentenza contra os violadores da Manada. Temos que conseguir que os avances institucionais cheguen á vida real», advertiu a eurodeputada galega.

Xuntanza con Pedro Sánchez durante a sesión plenaria do PE en Estrasburgo

A sesión plenaria de xaneiro de 2019 acolleu a intervención do Presidente do Goberno español, Pedro Sánchez Pérez-Castejón, seguido dun debate estruturado coas eurodeputadas e eurodeputados sobre o futuro da Unión Europea e un posterior encontro breve coas eurodeputadas e eurodeputados e membros das delegacións de todos os grupos políticos do Estado español. No marco do discurso desenvolvido por Sánchez nestes contextos, Lidia Senra, a teor das alusións realizadas polo Presidente do Goberno ao Marco Financeiro Plurianual (MFP) da UE e á necesidade da existencia de orzamentos realistas que garantan o desenvolvemento de políticas fundamentais da UE como por exemplo a PAC, replicou emprazándoo a ser coherente con ese posicionamento tamén a nivel de política do Estado: «nós tamén esperamos que o Goberno español non consolide orzamentos de terceira e modifique a súa posición con respecto aos orzamentos do Estado para Galiza». Con respecto aos demais puntos recollidos nos discursos de Sánchez na Eurocámara, para Senra, «o futuro de Europa pasa, necesariamente, pola implementación de políticas que garantan unha vida digna ao conxunto da sociedade, dentro e fóra da UE». Para iso, abondou, é preciso elaborar unha folla de ruta «que tome como obxectivo garantir a xustiza económica, apostando por medidas socioeconómicas que impliquen a repartición da riqueza e eviten que ningunha persoa viva en situación de pobreza»; así como avanzar na «implementación dunha renda básica universal e medidas que aseguren salarios dignos para as traballadoras e traballadores» e pór en marcha medidas concretas para avanzar na consecución da soberanía alimentaria «apoiando a agricultura labrega e a pesca a pequena escala».

REALPE 2019: Unha trintena de representantes levan as experiencias da política municipal galega ao Parlamento Europeo

Case unha trintena de representantes da política municipal galega acudiron en febreiro de 2019 ao Parlamento Europeo convidados por Lidia Senra para participar no Encontro anual da Rede Europea de Autoridades Locais Progresistas (REALPE), organizado polo GUE/NGL baixo o título ‘Vivenda, progreso social e derrota ao fascismo. Comunidades locais para outra Europa’. A delegación galega estivo integrada polos alcaldes de Salceda de Caselas, A Pobra do Caramiñal e Manzaneda (Marcos Besada, Xosé Lois Piñeiro e Félix Domínguez, respectivamente), así como o tenente de alcalde de Ribadumia, Enrique Oubiña; o concelleiro de Economía e Facenda de Cambados, Xurxo Charlín; a concelleira de Salceda de Medio Ambiente, Deportes, Xuventude, Voluntariado, Participación cidadá e Novas Tecnoloxías, Carla Pérez; o concelleiro de Benestar, Igualdade e Participación Veciñal en Teo, Ignacio Iglesias Villar; a concelleira das Pontes, María Chao; os de Xunqueira de Ambía, Sonia Vidal e Eladi Cid; a de Vilanova de Arousa, Elena Cores; a de Lugo, Cristina Pérez Herráiz; os de Arbo, Manuel Álvarez e Baltasar Vallejo; a de Pontevedra, María del Carmen Moreira; o de Trives, Jorge Vázquez; ou o do Courel, Óscar Carrete. Tamén viaxarán o voceiro de En Marea Ponte Caldelas, Rodrigo Márquez; a membro da Coordinadora da Marea de Noia, Consuelo Martínez; o extenente de alcalde de Corcubión, Alfredo González; os membros da Coordinadora de Alternativa Canguesa de Esquerdas, Andrea Martínez e Xurxo González; a membro da Comisión de Garantías de En Marea e responsábel da secretaría de Coordinación de Gañemos Vilanova, Concepción Rodríguez; o coordinador local de Sarria En Marea, Iván López; a coordinadora de Municipalismo e extensión territorial de En Marea, coordinadora tamén do grupo municipal de Ames Novo, Ana Seijas; a membro de Son de Trives, Ana García; a exconcelleira de Vivenda de Ourense, Iolanda Pérez; e o deputado de En Marea no Parlamento Galego, Davide Rodríguez Estévez. O Encontro articulouse arredor de distintos paneis de debate e coloquios. O primeiro deles tivo lugar baixo o título ‘Vivenda social e especulación’. Nel interveu a edil das Pontes María Chao, que explicou a situación que se vive en Galiza, apostando por defender o acceso a unha vivenda digna para todas as persoas como un dereito humano. Ao día seguinte celebrouse o panel ‘Facéndolle fronte ás desigualdades e propagación do fascismo en toda Europa, a visión progresista das nosas comunidades locais’. Nel participou o edil de Teo Ignacio Iglesias, que se centrou en explicar e denunciar a situación que



se estaba a vivir no seu concello a raíz do proxecto de instalar unha planta de tratamento de residuos na antiga canteira de Casalonga. Tamén participou o tenente de alcalde de Ribadumia, Enrique Oubiña, quen realizou unha intervención centrada na importancia de loitar por uns salarios dignos que permitan unha vida digna para todas as persoas en calquera punto da UE. As demais persoas chegadas desde Galiza interviñeron tamén desde o público para trasladar as súas experiencias. As conclusións xerais do encontro REALPE correron nesta edición a cargo de Lidia Senra. **140 a 143**



Rexeitamos unha xestión de fondos europeos que segue relegando a segundo plano ás persoas e ao medio ambiente

O 13 de febreiro de 2019 o Parlamento Europeo aprobou a proposta de Regulamento do Parlamento

Europeo e do Consello polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, así como as normas financeiras para eses Fondos e para o Fondo de Asilo e Migración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento

de Xestión das Fronteiras e Visados. Lidia Senra opúxose co seu voto a este informe ao considerar que, malia que finalmente foi suprimida a proposta da Comisión de poder retirar fondos a aqueles Estados que non cumpran coa denominada condicionalidade macroeconómica ou macrocondicionalidade –é dicir, co que as premisas capitalistas neoliberais europeas consideran unha «boa» gobernanza económica–, o informe non reflicte o cambio de orientación nas políticas de desenvolvemento europeas que unha situación de urxencia social como a actual requiren.

«Non hai un cambio claro na orientación dos fondos, non hai un cambio claro para apoiar os sectores produtivos do País, non hai un cambio claro para apoiar as pequenas empresas, non hai un cambio claro para apoiar os sistemas públicos de saúde ou o ensino», incidiu Senra.

A articulación dos fondos no marco das normas financiarías establecidas neste informe, en tanto que absolutamente continuístas das premisas neoliberais da UE continúan «minguando o público para seguir engordando os intereses do capital, como sucederá, por exemplo, co produto paneuropeo de pensións individuais que se acaba de acordar nas negociacións tripartitas».

Oposición ao acordo UE-Singapur. A loita contra os privilexios lexislativos das multinacionais continúa

Con 436 votos a favor e 203 en contra, o Parlamento Europeo aprobou o 13 de febreiro de 2019 o Acordo Marco de Colaboración e Cooperación UE-Singapur, un novo tratado de liberalización comercial negociado con todo o escurantismo do que foron capaces e que redundará na falta de control e regulamentación das actividades das grandes corporacións, incidindo na desprotección dos dereitos humanos, sociais e medioambientais.

Un dos aspectos máis preocupantes deste acordo é precisamente que volve darlle validez ao establecemento dun mecanismo privado de resolución de controversias entre os Estados e aquelas empresas que consideren que non están a obter os beneficios económicos cos que contaban. «Estas estratexias, baseadas en protexer o enriquecemento das empresas por riba de calquera outra cousa, teñen un impacto directo na poboación. En Galiza, por exemplo, temos que ter en conta que o Estado español está a día de hoxe denunciado nun tribunal de arbitraje privado pola empresa mineira canadense Edgewater porque as mobilizacións sociais paralizaron a mina que querían explotar en Corcoesto. No caso de que Edgewater gañe e o Estado teña que pagarlle unha compensación millonaria –a base de cartos públicos,



aínda por riba–, como responderán os gobernos a seguinte vez que a sociedade loite por paralizar outro destes proxectos destrutores?», apuntou a eurodeputada galega do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GEU/NGL), Lidia Senra. «Sen embargo, a batalla non está perdida, se hai parlamentos dos Estados membros que o rexeitan, o acordo UE-Singapur non poderá ir para adiante. A sociedade ten que ser consciente de que a mobilización é a clave para poder informar canta máis xente mellor das implicacións que ten tanto o acordo como, en si mesma, a arquitectura xurídico-económica que este tipo de acordos están a construír e que preferencian o enriquecemento duns poucos por riba dos dereitos humanos, sociais e medioambientais».

Lidia Senra participa en Barcelona nun acto da Marea Pensionista e nunha xornada do Procés Constituent

Lidia Senra viaxou o 22 de febreiro de 2019 a Barcelona para participar nun acto organizado pola Marea Pensionista de Catalunya e pola Coordinadora Estatal pola Defensa do Sistema Público de Pensións para presentar o libro 'O futuro das pensións. Galiza, Estado español e Europa'. Senra estivo acompañada na mesa de relatores polo avogado laboralista e socio cooperativista de Col·lectiu Ronda, Miguel Arenas, así como pola economista e catedrática xubilada da Universitat Autònoma de Barcelona, Miren Etxezarreta. Ao día seguinte Lidia Senra interveu nas xornadas organizadas polo Procés Constituent no barrio barcelonés de Poble Sec baixo o título de 'Europa. Al servei dels Pobles o del Capital? Quina sobirania ens queda?', xunto aos economistas Sergi Cutillas, Arcadi Oliveres e Josep Lluís Notivoli. **144**



145



146



147



148

Xornada «Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: privados? Sociais?» en Santiago de Compostela

É posíbel que a propiedade pública, social e común, substitúa á propiedade privada capitalista en sectores económicos clave como son as finanzas, a enerxía, a terra, os coidados, a información e os datos? Esta foi a cuestión central ao redor da cal xiraron as xornadas que tiveron lugar no Salón de Actos da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela os sábados 30 de marzo e 6 de abril de 2019, organizadas en colaboración co economista e membro do Consello das Mareas Xabier Pérez Davila. O sábado 30 tiveron lugar 4 coloquios. O primeiro deles, titulado ‘Enerxía: É posíbel a transición a un sistema descentralizado baseado en enerxías renovábeis?’ contou coa participación de Margarita Mediavilla Pascual, profesora da Escola de Enxeñarías Industriais e membro do Grupo de Enerxía, Economía e Dinámica de Sistemas da Universidade de Valladolid, e Xoán Doldán, decano da Facultade de Económicas da USC. Seguidamente, no espazo titulado ‘Propiedade da terra e soberanía alimentaria’ interviñeron como relatores Xoán Carlos Carreira Pérez, doutor e enxeñeiro agrónomo, profesor da USC retirado; Marina dos Santos, membro da Dirección Nacional do Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra (MST); e a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG), Isabel Vilalba. Durante a tarde tivo lugar o coloquio ‘Finanzas: Privadas ou Públicas’, con Ricardo G. Zaldívar, doutor en Economía e excoordinador de ATTAC no Estado español, e Adrián Dios, doutor en Economía, investigador na USC e membro da Coordinadora de En Marea. Esta xornada finalizou co coloquio sobre ‘Economía de coidados: Conceptos e debates’, coa participación de Mertxe Larrañaga Sarriegui, profesora de Economía Aplicada na Universidade do País Vasco; e a deputada de En Marea no Parlamento Galego, Paula Vázquez Verao. O sábado 6 de abril deu comezo co panel ‘Os nosos datos, son propiedade común?’, no que interviñeron Ekaitz Cencela Rodríguez, xornalista e autor do libro ‘Despertar do soño tecnolóxico’ e Lidia Senra. Seguidamente desenvolveuse a mesa ‘Romper co consenso, planificación para unha economía socialista’, con William Paul Cockshott, profesor de Computing Science na Universidade de Glasgow, e Xabier Pérez Davila. Unha publicación compilou as intervencións realizadas ao longo desta xornada. **145 a 148**



149

Lidia Senra vota contra o Produto Paneuropeo de Pensións Individuais: «É un insulto para a maioría social»

«O Produto Paneuropeo de Pensións Individuais (PEPP) é un insulto á clase traballadora, un insulto á mocidade precaria, un insulto ás mulleres, un insulto a tantas e tantas persoas que non teñen emprego. Creo firmemente que para realmente garantir sistemas públicos de pensións e pensións dignas temos que votar non a este PEPP e pornos a traballar noutro tipo de medidas e nun regulamento que axude os Estados a fortalecer os sistemas públicos de pensións e a ter pensións dignas. O noso futuro, o feito de que na vellez teñamos unha vida digna, non pode depender de se as persoas temos capacidade de aforro ou non. Paréceme unha falta total de ética que se destine diñeiro público, que se establezan vantaxes fiscais, para apoiar este PEPP. Vaise traspasar diñeiro público ás arcas do negocio de quen vai vender estes produtos privados. Intolerábel». Así o manifestou a eurodeputada Lidia Senra o 4 de abril no pleno da Eurocámara durante o debate previo á votación sobre a Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre un PEPP. Malia a aprobación deste texto con 338 votos a favor, 143 en contra e 139 abstencións, a eurodeputada chamou a continuar combatendo o PEPP na rúa e nas institucións. Resaltou tamén a grande importancia da campaña #NonPEPP #NoPEPP posta en marcha pola Coordinadora Estatal pola Defensa do Sistema Público de Pensións e o Movemento Galego pola Defensa das Pensións Públicas (MODEPEN). **149**

Xestión territorial



Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra; Heitor Picallo Fuentes, enxeñeiro e investigador, membro da Plataforma pola Recuperación do Patrimonio Termal de Cuntis e Caldas de Reis; Telma Lago Rodríguez, da cooperativa Nosa Enerxía; Antonio Costa, presidente da Asociación Irmandade Illa de Tambo; e Xesús Rodríguez Castro, presidente da Asociación Umia Vivo. O despoboamento no rural, a xestión dos recursos hidrolóxicos, enerxéticos e o abandono do patrimonio arqueolóxico foron algúns dos principais temas de debate. **150 a 152**

Xornada «A Xestión Sustentábel do Territorio» en Pontevedra

O 8 de xullo organizamos, xunto con Anova Terra, Irmandade Illa de Tambo, Colectivo pola Defensa do Patrimonio A Forneiriña, Umia Vivo e Plataforma pola Defensa do Patrimonio Termal, a xornada «A xestión sustentábel do territorio: Debate para avanzar en Galiza e en Europa». Ademais da eurodeputada Lidia Senra, a xornada contou coas intervencións de Pedro Mota e Costa, chegado de Portugal, docente de Ensino Superior e asesor de Xestión Autárquica e Finanzas Locais; Eduardo José Corbelle Rico, enxeñeiro de Montes e profesor universitario de Enxeñaría Agroforestal no Campus de Lugo; Belén Fervenza, responsábel do sector de horta, froita e flor do Sindicato Labrego Galego (SLG); María Ángeles Ríos Pintos, da

Xornada 'Acceso aos servizos básicos: Un dereito imprescindible para un rural vivo en Europa' en Santa Cruz de Ribadulla (Vedra)

O 26 de maio organizamos na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla (Concello de Vedra) a xornada «Acceso aos servizos básicos: Un dereito imprescindible para un rural vivo en Europa», concibida como un chamamento a toda a sociedade para animar a que se reclame como dereito imprescindible poder ter un acceso óptimo aos servizos básicos no rural galego. Na sesión da mañá tivo lugar o panel «O acceso a servizos básicos como poden ser o transporte público, internet e Correos. Análise da deficiente situación actual nos concellos de Vedra e Boqueixón. Como organizarse para defendelos e



Enerxética da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e deseñadora do Plan de Actuación de Enerxía Sustentábel (PAES) do concello de Vedra; e Maja Gilbert, membro do Partido da Esquerda sueca e do Consello do Condado na rexión de Dalarma, en Suecia, onde está en marcha o proxecto *Fibre to the Village*, que estimula as comunidades a establecer as súas propias redes de internet nos municipios. O profesor na Universidade de Vigo David Formoso moderou esta parte. **153 a 155**



Urximos á UE a desenvolver as medidas de protección para as zonas rurais e montañosas

En outubro de 2018 o Parlamento Europeo aprobou unha proposta de resolución para abordar as necesidades específicas das zonas rurais, montañosas e remotas; porén Lidia Senra abstívose no seu voto ao considerar que non recollía un verdadeiro compromiso de actuación por parte das institucións comunitarias. As montañas desempeñan un papel fundamental na subministración de auga doce no planeta e tamén xogan un papel importantísimo a nivel de biodiversidade, pero malia que a UE reconece que as zonas rurais, montañosas e remotas constitúen o 80% do territorio, concentran máis da metade da poboación (o 57%) e representan o 46% do valor bruto engadido, «en moitas zonas da Unión Europea as montañas e as persoas que viven nelas están totalmente abandonadas; as administracións públicas, como no caso galego, case non dedican recursos para o desenvolvemento e conservación destas áreas e consenten todo tipo de agresións ambientais que contaminan, teñen fortes impactos na paisaxe e expulsan as persoas», denunciou intervindo na Eurocámara. Senra reivindicou un compromiso real por parte da UE coas zonas rurais, montañosas e remotas: «O despoboamento destas áreas é alarmante. Manter e conservar todo o que dan as montañas á sociedade só será posíbel con actuacións políticas decididas que fomenten un desenvolvemento da actividade agraria baseada no modelo agroecolóxico e con fortes apoios para a instalación das persoas nestas actividades. É urxente blindar os servizos públicos de calidade, gratuítos e accesíbeis para todas as persoas». Ante a Comisaría Europea de Política Rexional, Corina Crețu, a eurodeputada galega criticou tamén a falta de acompañamento con medidas reais que desenvolvan os textos cargados de boas intencións que as institucións comunitarias dedican a estas áreas. «En maio de 2016 aprobamos neste Parlamento unha resolución sobre a política de cohesión nas rexións montañosas da UE. A min gustaríame saber se a Comisión e os Estados están a pór en práctica algunha das súas recomendacións», cuestionou Lidia Senra.



recuperalos». Nela interviron como relatores, ademais da propia Lidia Senra, veciña do concello de Vedra, o concelleiro Non Adscrito en Vedra Roberto Castro Rocamonde e o concelleiro da Agrupación Veciñ@s de Boqueixón Xavier Canabal Fernández. María del Carmen Soutullo Carolo, concelleira en Boqueixón, tamén foi a encargada de introducir e moderar. A seguir tivo lugar un relatorio a cargo de Jorge Duarte, concelleiro de Santiago responsábel de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais, que explicou «O novo plan de transporte para Santiago e comarca». A concelleira na Estrada polo Movemento Veciñal Estradense (MÓVETE), Mar Blanco Casais, foi a moderadora. A xornada pechou coa mesa «O rural vivo é posíbel. Exemplos de interese na xestión de servizos básicos de concellos galegos e doutras partes de Europa», na cal interviron o alcalde de Manzaneda, Félix Domínguez; María Ángeles López Agüera, directora do mestrado de Enerxías Renovábeis e Sustentabilidade

A saúde debe primar sobre o comercio interno. A CE debe eliminar o cambio de hora

O Parlamento Europeo aprobou o 8 de febreiro de 2018 unha Resolución sobre as disposicións sobre o cambio de hora de verán. A eurodeputada galega Lidia Senra, quen votou a favor deste informe, interveu en representación do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/ Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) durante o debate previo á votación para sinalar que, até o de agora, ningún dos moitos estudos científicos existentes ten demostrado efectos positivos do cambio de hora; pola contra, subliñou, «hai estudos que fan referencia a impactos negativos sobre a saúde, de xeito significativo na calidade do sono, así como na agricultura ou a seguridade viaria». Tamén se dirixiu á Comisaria de Transporte, Violeta Bulc, representante da CE neste debate, para solicitar a modificación da Directiva actual «para deixar sen efecto a harmonización e que non se proceda ao cambio de verán. Eu recoméndolle á Sra. Comisaria que aplique o principio de precaución en favor da saúde». **156**

«Mulleres e Saúde», xornada en Vigo

O 15 de decembro de 2018 estaba prevista no Salón de Actos do Museo de Arte Contemporáneo (MARCO) de Vigo a realización dunha xornada aberta a todas as persoas interesadas en abordar o tratamento médico das mulleres, a violencia que se dá neste eido e a discriminación de xénero no campo médico e da investigación. Malia contar coa confirmación do MARCO e discurrir na súa organización previa de igual xeito que calquera das demais xornadas realizadas nesta lexislatura, o luns 10 de decembro a oficina de Lidia Senra en Galiza recibiu un correo en que se notificaba a suspensión desta xornada por parte do Museo de Arte Contemporánea. No comunicado de prensa que emitimos ao respecto denunciámos que, o feito de que as presións exercidas por un medio de comunicación sobre un Concello deriven en que este obrigue un museo a cancelar unha xornada informativa sobre saúde e mulleres, constitúe unha grave vulneración do dereito á liberdade de expresión impropia dunha democracia. Tamén aclaramos que era falso que a xornada «Mulleres e Saúde» fose unha xornada antivacinas. Como indicaba



o seu título, era unha xornada centrada en analizar aspectos referidos especificamente coa saúde das mulleres. Explicamos que a relatora convidada para falar sobre a vacina do papiloma, Alicia Capilla, é unha nai que vacinou a súa filla con esta vacina, polo que resulta obvio que non se trata dunha persoa que estea en contra das vacinas. A vacina do papiloma só se aplica a mulleres, ese foi o motivo polo cal a palestra foi incluída na xornada «Mulleres e saúde».

Finalmente, o día programado, a xornada tivo lugar no Café de Catro a Catro de Vigo. «As mulleres non podemos permitir que se nos vete o acceso a espazos públicos para reunírnos, falar e debater. Tampouco podemos consentir que se intente tutelarnos e dicírnos do que debemos ou non debemos tratar para poder tomar as nosas propias decisións con respecto á saúde. Debemos defender a liberdade de expresión», reivindicou Lidia Senra na apertura da mesma. A europarlamentaria asegurou non entender a polémica que se levantou na última semana ao respecto desta xornada. «A partir de manipulacións e de mentiras construíuse unha narrativa que nada ten que ver coa xornada e é lamentábel que o Concello de Vigo decidira censurar esta xornada nun espazo público. Como deixemos avanzar este tipo de narrativas, como non reaccionemos como sociedade e como demócratas, chegarán novas censuras, e quen sabe se tamén ilegalizacións, e o futuro será moi triste. Estamos ante unha situación moi grave e lamentábel». A eurodeputada dixo non ter nada que ocultar, reiterou que esta non é unha xornada antivacinas e animou a facer debate e a non calar nada: «Aquí non se veta a liberdade de expresión de ninguén», exclamou. Tamén agradeceu a todas as persoas que asistiron (ao redor dun cento durante todo o día), a pesar da polémica suscitada, e defendeu a necesidade de abordar a saúde das mulleres desde unha perspectiva de xénero, algo que non é habitual e porén é fundamental. «A ciencia debe avanzar para mellorar a nosa saúde e benestar e isto só será posíbel de se realizar a través das fendas que introduce a dúbida», concluíu. A primeira mesa da xornada, titulada 'O tratamento médico das mulleres',



foi introducida pola concelleira de En Marea en Vigo, Margarida López Barreiro, quen aproveitou para animar «á loita pola liberdade das mulleres para poder expresarnos». «Quero expresar o meu malestar e indignación porque estamos sendo vítimas dun abuso de poder do Concello de Vigo e iso non ten nome. Non podemos permitir que volvan acontecer accións

deste tipo e que a liberdade de expresión, algo que nos custou tanto conseguir, se nos negue», advertiu. Tomou de seguido a palabra María Luísa Lores, radióloga e presidenta da Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, que ten estudada a medicalización e a calidade de vida das mulleres galegas. Lores comezou amosando a súa sorpresa ante a polémica xerada esta semana pola xornada. «É a primeira vez desde o inicio da miña vida profesional que vetan unha xornada na que participo», dixo, para advertir que «a saúde é nosa».

Pola súa banda, Carmiña Mosqueira, médica-epidemióloga especialista en saúde pública, reiterou que «é fundamental fomentar o coñecemento das mulleres, con información científica e independente, para tomar as nosas propias decisións». Alicia Capilla, presidenta da Asociación de Afectadas pola Vacina do Papiloma Humano, agradeceu a «valentía e coherencia política» de Lidia Senra por seguir adiante coa xornada «a pesar da polémica previa xerada». «Se todos os políticos do noso país tiveran a súa coherencia e determinación, outro galo cantaría», dixo, lembrando que durante estes últimos dez anos, «houbo políticos que intentaron axudarnos e ao botárselle o *lobby* farmacéutico enriba recuaron». Capilla comezou a súa intervención aclarando que «nós non somos un movemento antivacinas, xa que as nosas fillas vacináronse. É obvio que se fomos antivacinas non o terían feito». A valenciana explicou que o que pide a súa asociación é aplicar o principio da precaución e que se estableza a moratoria na aplicación da vacina, como fixo Xapón, para investigar as afeccións producidas en algunhas persoas. Así, denunciou a situación de desamparo na que se atopan as vítimas. Na mesa da tarde abordouse o tema da violencia obstétrica, da man de Elena Gil, co-coordinadora galega de O Parto é Noso, e Iria Pinheiro, nai e actriz, protagonista de 'Anatomía dunha serea' de Chévere Berberecheira. Gil defendeu que só a muller pode saber o que é o mellor para ela e o seu bebé e defendeu que, con información, as mulleres tomen as súas decisións. «Debemos reclamar o dereito a decidir e a ser informadas», dixo. Na mesma liña, Iria Pinheiro explicou o seu caso concreto durante o embarazo e parto, asegurando que a día de hoxe non se sente vítima, senón vitoriosa tras toda a violencia que sufriu. «O meu parto foi como unha violación observada», describiu, sinalando a necesidade de facer visíbeis e públicas este tipo de situacións para poder atallalas. Nos días seguintes á realización da xornada, dúas das relatoras, Luisa Lores (Radióloga, Master en Xestión e Economía da Saúde) e Carmen Mosqueira (Médica-Epidemióloga, especialista en Saúde Pública), emitiron un escrito en que trasladaron as súas consideracións ao respecto do veto do Concello de Vigo. **157 a 160**

O proceso de autorización do glifosato está totalmente en dúbida. Esiximos a súa retirada

Logo da controvertida ampliación no ano 2017 da utilización do glifosato comercializado pola transnacional agro-farmacéutica Monsanto por outros 5 anos máis, e da preocupación suscitada pola constatación do coñecemento dos efectos nocivos do glifosato na saúde por parte da Monsanto xa desde a década de 1980, en febreiro de 2018 o Parlamento Europeo decidiu crear o Comité Especial sobre o Procedemento de Autorización da Unión para os Praguicidas (PEST) para elaborar un informe con recomendacións para mellorar o procedemento de autorización da UE no referente a praguicidas. O informe Procedemento de autorización da Unión para os praguicidas foi aprobado polo PE na sesión plenaria de xaneiro de 2019. Avogou polo establecemento de mecanismos que garantan que o procedemento de aprobación de praguicidas da UE sexa máis transparente e independente, facéndose eco das dúbidas xeneralizadas existentes con respecto á independencia, obxectividade e transparencia das avaliacións referidas ás substancias activas e aos produtos fitosanitarios na UE. A través dun comunicado de prensa, a coordinadora do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural, Lúdia Senra, valorou esta posición do PE como «un paso positivo e importante», pero advertiu «agora toca realizar un seguimento exhaustivo de cara a confirmar se se van pór en marcha as recomendacións feitas no informe, nomeadamente cuestións claras e concretas como que a Comisión e os Estados membro deixen de permitir a utilización de produtos fitosanitarios nos espazos públicos en xeral e, de xeito específico, nos parques e xardíns públicos, campos de deporte e áreas de recreo, escolares e de xogo infantil, así como nas inmediacións dos centros de asistencia sanitaria». Coa aprobación deste informe, o PE pediu á Comisión e aos Estados membro que garantan unha avaliación das substancias activas e produtos fitosanitarios independente, obxectiva e transparente; que vele pola aplicación plena e uniforme dos criterios de exclusión por razón de perigo das sustancias activas que sexan mutáxenas, canceríxenas ou tóxicas para a reprodución ou que presenten propiedades de alteración endócrina, e que apliquen debidamente o principio de precaución, adoptando incluso medidas provisionais de risco para garantir un elevado nivel de protección da saúde humana. Ao tempo que foi aprobado este informe, o Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) deu a coñecer os resultados dunha investigación impulsada pola eurodeputada Anja Hazekamp que revelou que o

German Federal Institute for Risk Management (BfR), encargado de investigar os efectos do glifosato na saúde, copiou o 50.1% da súa avaliación de seguridade –500 páxinas aproximadamente– de estudos realizados pola propia Monsanto, co agravante de que procesos xudiciais como os postos en marcha nos EEUU están confirmando a manipulación que a empresa realiza destes datos.

Lúdia Senra coincidiu coa súa colega Hazekamp en que a decisión de renovar a licencia do glifosato tomada polo German Federal Institute for Risk Management (BfR), a EFSA (European Food Safety Authority) e a Comisión Europea co consentimento da maioría dos Estados membro, «baseouse en estudos dúbidosos, manipulados e patrocinados pola propia Monsanto», polo que «a UE debe actuar con responsabilidade e activar o antes posíbel mecanismos de suspensión da aplicación e venda deste veneno. É urxente. Non só estamos a falar dunha situación que afecta á saúde de 500 millóns de persoas e ao medio europeo, se non que a Monsanto está actuando con impunidade ao longo de todo o planeta».

A reutilización de augas no actual modelo industrial é un risco para as persoas e o medio

O 12 de febreiro de 2019 o Parlamento Europeo aprobou en sesión plenaria un informe sobre a proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo aos requisitos mínimos para a reutilización da auga. Lúdia Senra interveu durante a sesión plenaria para chamar a atención sobre o feito de que esta proposta, lonxe de romper as dinámicas industriais hexemónicas que precisamente están a provocar a contaminación das augas e as secas, propón dar respostas que, novamente, pasan por enriquecer as grandes empresas privadas. «Unha vez máis pido a este Parlamento que vaia máis aló de medidas que só supoñen parches. Temos que apostar por un modelo de desenvolvemento non contaminante, e con menor consumo de auga, tanto na industria como no turismo, na agricultura ou na gandaría. Non podemos continuar coa lóxica de agochar no medio rural e na terra os residuos urbanos. Xa coñecemos, por exemplo, os graves impactos dos lodos de depuradora na saúde das persoas e no medio. O que botamos na terra volve logo a nós a través dos alimentos, da auga, do aire... Non podemos esquecerlo.» Se ben Senra subliñou non estar en contra do principio de reutilización da auga, si puxo sobre a mesa as patentes carencias da proposta aprobada. «O informe reconece que hai augas que non van poder ser utilizadas para regar determinados cultivos porque poden supor un risco para a saúde. Entón, como se vai evitar que esas



augas que se van empregar para regar outro tipo de cultivos non contaminen os acuíferos?», cuestionou ao Comisario Europeo de Medio, Asuntos Marítimos e Pesca, Karmenu Vella, presente no hemiciclo. **161**

Defendemos no PE a apertura dunha comisión de investigación sobre os riscos das próteses mamarias

A Comisión de Peticións do Parlamento Europeo debateu o 11 de abril tres solicitudes sobre próteses mamarias e os seus efectos na saúde das mulleres, destacando o escándalo da fraude das próteses PIP (Poly Implants Prothèses), que deu lugar á PIP Action Campaign. As peticionarias denunciaron que as institucións europeas non teñen investigado os riscos para a saúde asociados aos implantes de mama, máis aló do escándalo concreto das próteses PIP. Demandaron que as persoas que van ser sometidas a unha intervención cirúrxica para implantar próteses mamarias dispoñan de información científica abondo para tomar una decisión informada. As mulleres



afectadas explicaron tamén que as compañías aseguradoras están tentando eludir a cobertura das consecuencias médicas da aplicación deste tipo de próteses. En representación do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), Lidia Senra tomou a palabra para expresar o seu apoio ás peticionarias e mulleres afectadas e insistiu na importancia do consentimento informado, «así como o dereito a toda a información relativa a riscos, rastrexabilidade das próteses mamarias e alternativas dispoñíbeis». Senra lembrou tamén que, por iniciativa do GUE/NGL, a Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero, o Parlamento Europeo aprobou en sesión plenaria en febreiro deste mesmo ano unha resolución sobre os Desafíos políticos e estratexias contra os tipos de cancro que afectan as mulleres e as súas comorbilidades. Este informe recolle expresamente que cada ano milleiros de mulleres reciben próteses mamarias por cuestións médicas e/ou estéticas sen que se teñan tido en conta os riscos nin proporcionado información axeitada. Subliña tamén a necesidade de estender as investigacións máis aló dos implantes PIP e alerta de que actualmente as empresas fabricantes de implantes mamarios non PIP non están a proporcionar a debida información sobre a composición e efectos adversos do xel de silicona empregado pola industria farmacéutica. Salienta tamén que varios informes teñen establecido un vínculo directo entre o uso de implantes de silicona e o linfoma anaplásico de grandes células, un tipo pouco frecuente de linfoma no Hodgkin que ten provocado, como mínimo, 14 mortes entre os máis de 409 casos rexistrados. «Esta petición ten que ficar aberta e o Parlamento ten que pór en marcha con carácter prioritario unha comisión de investigación que analice o impacto dos implantes de silicona na saúde das mulleres nada máis comece a vindeira lexislatura». Ambas solicitudes realizadas por Lidia Senra, concordantes co solicitado polas peticionarias, foron aceptadas pola Comisión de Peticións. **162**

Lidia Senra reclama na CE que se garantan os dereitos das traballadoras e traballadores do Banco Santander e Popular

En xullo de 2017 a eurodeputada Lidia Senra rexistrou un documento escrito dirixido á Comisión Europea (CE), interesándose pola situación laboral dos traballadores e traballadoras do Banco Popular e do Banco Santander, a raíz da operación levada a cabo a principios de xuño dese ano na cal o Banco Santander mercou o Banco Popular ao Mecanismo Único de Resolución Europeo (MUR) por un euro ante o risco de que este segundo non tivese liquidez suficiente para atender a súa clientela. A Xunta Única de Resolución, pertencente ao MUR, fixo pública esta decisión o 7 de xuño, nunca antes tomada en Europa, o que supuxo o fin do Banco Popular tras o seu desastre bolsista, esixíndolle ao Santander ampliar capital en 7.000 millóns de euros para cubrir o capital e as provisións requiridas para reforzar o balance do Popular.

O Estado español insiste en atrasar o acceso á xubilación dos mariñeiros e mariñeiras

En setembro de 2017 denunciámos que unha nova circular publicada polo Instituto Social de la Marina (ISM) continuaba sen aplicar o coeficiente redutor do 0,40 aos empregados e empregadas de arrastreiros e palangreiros conxeladores. A través dun comunicado de prensa esiximos ao Goberno español que deixase de atrasar a idade de acceso á xubilación malia negar, en reiteradas ocasións, que isto fose suceder.

Esiximos verdadeiras solucións políticas á situación do sector téxtil galego, non parches

O pleno do Parlamento Europeo aprobou o 1 de marzo de 2018 activar o denominado Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) para 303 persoas despedidas de 5 empresas do sector téxtil na comarca de Ordes: Caramelo, Confecciones Deus, Deus Creaciones, Shivshi e Viriato. Lidia Senra, se ben votou a favor desta asignación de 720.000 euros –dedicada principalmente a obradoiros, orientación laboral e complementos económicos–, chamou a facer unha reflexión sobre a interesada instrumentalización implícita na activación deste tipo de medidas por parte da Unión Europea. «Cómpre ter en conta que estes 720.000 euros son, unha vez máis, un parche económico co cal a UE pretende eludir a súa verdadeira responsabilidade, que é a elaboración de políticas socioeconómicas que precisamente deberían ter impedido que se chegase á situación de destrución destes 303 postos de traballo na comarca de Ordes», denunciou. «É necesario un cambio radical na orientación das axudas, combinado con medidas políticas de fondo, como a relocalización da produción e o regulamento dos mercados».

Interna- cional

Apoiamos o Acordo de Diálogo Político e de Cooperación entre a Unión Europea e Cuba

Durante o debate que tivo lugar durante a sesión plenaria do mes de xullo de 2017 a respecto do Acordo de Diálogo Político entre a Unión Europea e Cuba, Senra destacou o apoio do GUE/NGL ao acordo UE-Cuba, valorando que é un paso cara á normalización das relacións e remata coa Posición Común de 1996 da UE contra Cuba. Non obstante, o voto do grupo foi en contra da resolución proposta polo Parlamento Europeo, marcadamente inxerencista. «Arranxemos primeiro a nosa casa, miremos cara á vulneración dos Dereitos Humanos que se está a dar na UE. No Estado español hai sindicalistas encarcerados por exercer o dereito a manifestarse; póñense trabas e impedimentos ás persoas xornalistas; o Delegado do Goberno en Galiza reconece que controlan, fan seguimento e investigan persoas que asisten regularmente a manifestacións. Isto é unha vulneración do dereito de expresión e manifestación, por non falar xa da Lei Mordaza, amplamente cuestionada, ou das políticas de austeridade que vulneran o dereito á saúde, á ensinanza ou á vivenda, e atacan os dereitos sociais e laborais. E, a pesar de todo isto, que está a acontecer no Estado español e na UE... Aínda nos atrevemos a dar leccións de Dereitos Humanos aos demais?», criticou a deputada galega. **163**

Xornada internacional «Reflexións, experiencias e desafíos da esquerda»

O venres 15 de setembro de 2017 organizamos na Facultade de Filosofía de Santiago de Compostela un coloquio internacional co obxectivo de analizar diferentes experiencias vividas pola esquerda nos últimos tempos, aprender delas e reflexionar sobre os desafíos aos que se enfronta a día de hoxe, con especial preocupación por



como pór fronte aos impactos da globalización e desde unha perspectiva de clase e feminista.

Baixo o título «Reflexións, experiencias e desafíos da esquerda» participaron o sociólogo portorriqueño, membro fundador de Europa Decolonial, Ramón Grosfoguel; a Comandante Guerrilleira nicaraguana, presidenta tamén da Fundación Popol Na, Mónica

Baltodano; ou a activista do Movemento Autónomo de Mulleres de Nicaragua e membro do Foro de Mulleres para a integración Centroamericana e do Caribe, Haydee Castillo. A voz galega das relatoras puxérona, ademais da propia Lidia Senra, a mestra, feminista e activista social Lupe Ces. Todo o coloquio foi moderado polo autor do blog O Funambulista Coxo, o vigués David Rodríguez. **164 a 166**



Participamos en Haití na 34ª Sesión da Asemblea Parlamentaria Paritaria África-Caribe-Pacífico-UE

Lidia Senra desprazouse a Porto Príncipe (Haití) en decembro de 2017 para participar nunha nova edición da Asemblea Parlamentaria Paritaria África-Caribe-Pacífico-UE, da cal é integrante en representación do GUE/NGL. Como tema principal abordouse a necesidade de desenvolver estratexias para mellorar a resiliencia fronte á mudanza climática e ás catástrofes naturais nos países da zona ACP. **167**



Exhortamos á UE a abandonar o seu enfoque inxerencionista e a respectar os criterios de xustiza social e sustentabilidade

En xaneiro de 2018 Lidia Senra, integrante da Asemblea Paritaria África-Caribe-Pacífico (ACP) e a Unión Europea, interveu durante a sesión plenaria do Parlamento Europeo no marco do debate ao respecto da situación en Kenya para esixir á Alta Representante, Federica Mogherini, que a UE «abandone dunha vez por todas o enfoque inxerencista e eurocéntrico» e respecte que os recursos dedicados ao desenvolvemento sexan destinados a actuacións neste sentido, «seguindo estritamente criterios de sustentabilidade e xustiza social, e nunca empregados baixo posicionamentos militares, como vergoñentamente está a suceder co Fondo Europeo de Desenvolvemento».





165

Lidia Senra participou nunha delegación do GUE/NGL para coñecer a realidade cubana

A eurodeputada galega, representante do GUE/NGL na Asemblea Paritaria da Unión Europea para África-Caribe-Pacífico (ACP), participou en febreiro de 2018 nunha delegación do GUE/NGL a Cuba composta por nove eurodeputadas e eurodeputados. Mantiveron xuntanzas coa Asemblea Nacional de Poder Popular (ANPP); co Presidente da Comisión de Asuntos Xurídicos e Constitucionais da ANPP, o deputado José Luis Toledo; con representantes do Ministerio de Relacións Exteriores; co Presidente da Comisión de Saúde da Asemblea Nacional; con representantes do Ministerio de Cultura e a Comisión de Educación, Cultura, Ciencia, Tecnoloxía e Medio; e de organizacións civís. Visitaron tamén Cardiocentro William Soler e o Centro Nacional de Cuba para a Educación Sexual. **168**

Participamos en Varsovia en xornadas de debate coa esquerda polaca

En outubro de 2018 deputadas e deputados do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) desprazáronse a Varsovia para participar nunha reunión con forzas da esquerda co obxectivo de achegarse ao contexto polaco previo ás eleccións locais, estatais e europeas. Debateron sobre como facer fronte ao fortalecemento da extrema dereita na UE, claves relacionadas cos dereitos das mulleres e o feminismo, a loita contra o racismo e a xenofobia ou os dereitos laborais. Lidia Senra foi responsábel de coordinar a mesa de debate «Os dereitos das traballadoras e traballadores nun contexto de desigualdades económicas e

sociais. O caso de Polonia», na que participaron a presidenta do GUE/NGL, a alemá Gabi Zimmer (Die Linke); Piotr Ostrowski, Vicepresidente da All-Poland Alliance of Labour Union (OPZZ); e Dorota Koszal, da alianza de partidos de esquerda RAZEM. **164**

Condenamos o apoio do PE ao golpe de Estado en Venezuela e pedimos respecto ao dereito internacional

O Parlamento Europeo aprobou o 31 de xaneiro de 2019 unha resolución na que os grupos socialista (S&D), popular (PPE), liberal (ALDE) e conservador (ECR) renunciaron a respectar os principios máis básicos da democracia, atacando a soberanía de Venezuela a través do recoñecemento dun presidente autoproclamado fóra do marco constitucional. Diante desta decisión, a eurodeputada Lidia Senra reiterou a través dun comunicado de prensa a enérxica condena do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) «tanto á autoproclamación de Guaidó como á estratexia a través da cal se está a pretender lexitimar unha intervención estranxeira en Venezuela apoiada por Estados Unidos e o denominado Grupo de Lima». Ademais, a eurodeputada galega do GUE/NGL dirixiu ese mesmo día unha pregunta escrita á Alta Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade e Vicepresidenta da Comisión Europea, Federica Mogherini, expresando a súa crítica á posición totalmente inxerencista adoptada pola Unión Europea. Senra, asinante da moción presentada polo GUE/NGL –e que finalmente non foi votada ao ser aprobada en primeiro lugar a proposta polos grupos conservadores–, declarou «desde o GUE/NGL rexeitamos a tentativa de golpe de Estado en Venezuela, exiximos o fin da inxerencia internacional e dicímoslle á UE que o petróleo é do pobo venezolano, e que querer manter o nivel de vida dos máis ricos de Europa non lles dá dereito a apoiar o golpe, nin a atacar o pobo de Venezuela, nin a roubarlle os seus recursos. Non máis sangue por petróleo», declarou Lidia Senra a través dunha nota de prensa. **169**



Lidia Senra participa en Bucarest na Asemblea Paritaria ACP-UE como representante do GUE/NGL

En representación do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), en marzo de 2019 a eurodeputada galega Lidia Senra participou en Bucarest na 37ª sesión da Asemblea Paritaria da Unión Europea e os países de África, Caribe e Pacífico (Asemblea Paritaria UE-ACP). Os debates xiraron ao redor dos retos e desafíos relativos ao Estado de dereito en Europa e nos países ACP, a situación das negociacións post-Cotonou e o balance realizado pola Comisión Europea, os posibles impactos do Brexit no acordo de asociación UE-ACP, a incompatibilidade do actual modelo económico co quecemento global, o papel das fontes de enerxía renovábeis nun posíbel desenvolvemento sustentábel dos países ACP, a redución do número global de crianzas sen escolarizar ou a posibilidade da posta en práctica dun Pacto Mundial sobre Migración. Debateuse tamén unha resolución de urxencia sobre crimes ambientais. **170/171**

PREGUNTAS PARLAMENTARIAS

Do 21 de xuño de 2017

ao 16 de abril de 2019

MEDIO AMBIENTE / AUGAS/ MINAS/ ESPECIES INVASORAS

- Verteduras no río Pesqueiras, O Saviñao
- Verteduras de augas residuais, Xunqueira de Ambía
- Verteduras de auga sen depurar ao río Tea
- Verteduras incontroladas en Grixoa
- Medidas para a erradicación da praga do xacinto de auga no curso do Guadiana
- Estación depuradora de augas residuais da Illa de Ons
- Niveis de cadmio nos fosfatos procedentes dos territorios ocupados do Sáhara Occidental
- Parque Nacional das Illas Atlánticas
- Posíbel planta asfáltica en Xinzo de Limia
- Consumo de auga na planta asfáltica de Xinzo
- Parque eólico Pena Forcada-Catasol II no municipio de Laxe
- Parque eólico de Mouriños
- Proxectos de parques eólicos na comarca de Ordes
- Mina de Touro e contaminación da auga
- Desbordamento dunha balsa mineira en Touro
- Fomento empresarial incompatíbel coa Directiva 2014/52/UE
- Xestión de residuos asfálticos
- Xestión de residuos asfálticos en Cabanas
- Depósitos de lindano en Torneiros
- Transvasamento do río Verdugo
- Ditame científico que confirma distintas especies de Eucalyptus como exóticas invasoras
- Certificacións forestais en Galiza
- Incumprimentos da normativa ambiental nunha canteira de áridos en Galiza
- Incineración de residuos e por un ar limpo en Andalucía
- Proxecto para instalación de residuos orgánicos en Teo
- Investigación mineira nos fondos mariños
- Violacións sistemáticas da lexislación da Unión por parte da Administración de minas de Galiza
- Funcionamento da estación depuradora de augas residuais de Sarria
- Incompatibilidade da lexislación medioambiental da UE coa redución de multas a empresas mineiras
- Incumprimento da transposición da Directiva 2014/52/UE por parte do Estado español
- Problema de eucaliptos na Laracha
- Depuración de augas residuais na EDAR dos Praceres
- Proxecto de novo emisario submarino en Praceres
- Herba do coitelo e herba da pampa na Lanzada (Sanxenxo)
- Financiamento de proxectos mineiros que incumpren a normativa da Unión Europea mediante a iniciativa Materias Primas do Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía
- Danos na contorna da praia da Lanzada

PESCA E MARISQUEO

- Protección efectiva do xeito
- Avaliación do Acordo de colaboración no sector pesqueiro entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos por parte da DX MARE
- Criadeiro de moluscos de Noia
- Aplicación do Artigo 17 da PPC por parte do Estado español

SERVIZOS PÚBLICOS

- Graves deficiencias no servizo galego de emerxencias
- Xestión da loita contra incendios en Galiza
- Loita contra os incendios mediante a recuperación do medio rural

DEREITOS HUMANOS E SOCIAIS

- Violación dos dereitos de A.M.P.
- Visitas a presos na Lama (Galicia)
- Torturas e malos tratos continuos na prisión de Teixeiro
- Presas galegas en réxime de dispersión
- Rexistros corporais nas prisións
- Accións policiais contra o referendo catalán
- Detencións de altos cargos do Goberno da Generalitat
- Estado español: ameaza de detención de 712 alcaldes cataláns elixidos democraticamente
- Violencia empregada pola policía española en Catalunya
- Violación da independencia xudicial no Estado español e do Artigo 47 da Carta dos Dereitos Fundamentais-Violación dos Artigos 6, 47, 48 e 49 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e da Directiva (UE) 2016/343
- Cadea perpetua do profesor G. N. Saibaba
- Retirada de minas nos bosques europeos
- Redución do financiamento dos EE. UU. ao OOPS
- Uso indebido da orde de detención europea por parte do Estado español
- Establecementos autorizados pola Unión con sede no Sáhara Occidental

- Ameaza á liberdade de expresión no Estado español
- Violación da liberdade de expresión no caso contra Carlos Santiago
- Pazo de Sober e fondos europeos
- Apoloxía do franquismo e Pazo de Meirás
- Liberdade de expresión no Estado español
- Sentenza contra «La Manada»
- Artistas presos no Estado español
- Censura da publicación La Directa a presos
- Apoio a Rianxo en contra do Estado de Israel
- Pluralismo na CRTVG
- Deterioro e uso partidista da CRTV
- Vulneración da Directiva 2010/13/UE e dos dereitos á liberdade de información, pluralidade, obxectividade e imparcialidade da Corporación RTVG
- Vivendas sociais de A Patiña (Cambre)
- Penalización da axuda humanitaria
- Seguridade das vacinas
- Loita contra a Sensibilidade Química Múltiple
- Seguimento da aplicación da Directiva 2012/29/UE sobre menores
- Posición da Unión Europea ante o golpe de Estado en Venezuela
- Falta de accesibilidade en Abeledo
- Criminalización da axuda humanitaria: bloqueo do barco humanitario Proactiva Open Arms
- VP/HR - Asasinato de Dilma Ferreira, do MAB (Brasil)
- Violacións de dereitos humanos no Brumadinho (Brasil)
- A alimentación animal forzada

XESTIÓN **TERRITORIAL,** **PATRIMONIO E** **INFRAESTRUTURAS**

- Concentración parcelaria no Valdoviño
- Estado da Ponte Vella de Monforte de Lemos
- Reiterados fallos na central nuclear de Almaraz
- Declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural (BIC)
- Comisión rogatoria dirixida á Axencia Ferroviaria Europea
- Seguimento dos fondos FEDER para o Parque de Aventura en Laza
- Obras do AVE sobre o río Támega
- Obras no castelo-fortaleza de Monterrei
- Aparcamento no Castro de Benquerencia (Barreiros)
- Deterioro no Castro de Chavaga (Monforte de Lemos)
- Estado das negociacións relativas a un acordo xuridicamente vinculante sobre bosques en Europa
- Nova terminal portuaria na Enseada de San Simón

POLÍTICAS **ECONÓMICAS**

- Resolución do Banco Popular
- O rebusco en Estremadura
- Tributación das axudas á instalación de agricultores e agricultoras
- Consideración fiscal dos dereitos de pagamento básico e único
- Incentivación pola Comisión da transferencia de recursos públicos á economía financeira especulativa

LEXIS- LATURA 2014-2019

Resumo cronolóxico de actividades

GALIZA

- Congreso «Ruptura Democrática, procesos constituíntese patriarcado». 7, 8 e 9 de novembro de 2014 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Iniciativa sobre a «Renda Básica». 14 e 15 de novembro de 2014 en Santiago de Compostela e Teo (A Coruña).
- Xornadas «As áreas de alta montaña na Unión Europea. Unha perspectiva desde a esquerda». 8 febreiro e 1 marzo de 2015 en Becerreá (Lugo).
- Iniciativa «A auga: un dereito humano». 6 de xuño de 2015 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Conferencia «A crise do sector lácteo no contexto europeo e internacional». 4 de setembro de 2015 en Teo (A Coruña).
- Conferencia «A crise do sector lácteo no contexto europeo e internacional». 25 de setembro de 2015 na Coruña (A Coruña).
- Conferencia «A crise do sector lácteo no contexto europeo e internacional». 9 de outubro de 2015 en Vigo (Pontevedra).
- Iniciativa «Pesca e acuicultura en Galiza no contexto da Política Pesqueira Común: retos e propostas de futuro». 6 e 7 novembro de 2015, Cangas do Morrazo (Pontevedra).
- Conferencia «A crise do sector lácteo no contexto europeo e internacional». 13 de novembro, Lugo.
- Xornadas «A Esquerda europea: garante dos dereitos das persoas fronte ás políticas de austeridade». 21 de novembro de 2015 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Iniciativa «A historia da Europa decolonial e os pobos sen estado». 19 e 20 de febreiro de 2016 na Coruña (A Coruña).
- Xornadas «As figuras de protección ambiental para as áreas de montaña na Unión Europea». 16 de abril de 2016 en A Pobra de Trives (Ourense).
- Iniciativa «Presente e futuro enerxético para Galiza no contexto Europeo». 23 de abril de 2016 na Estrada (Pontevedra).
- Conferencia «A débeda pública. Impacto do memorando da UE». 21 de maio de 2016 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Xornadas «A polución mariña na pesca e no marisqueo». 4 de xuño de 2016 en Ferrol (A Coruña).
- Conferencia «Os incendios forestais na UE: o negocio do lume». 1 de outubro de 2016 en Ourense (Ourense).

- Iniciativa «A privatización dos sistemas sanitarios na Unión Europea». 28 e 29 de outubro de 2016 en Vigo (Pontevedra).
- Iniciativa «Feminismo: esencial para construír unha outra Europa». 18 e 19 de novembro de 2016, Ourense (Ourense).
- Conferencia «A Vía Nova: un camiño europeo». 29 de abril de 2017 en Bande (Ourense).
- Xornadas «Políticas da UE para o desenvolvemento das áreas de alta montaña». 6 de maio de 2017 na Pobra do Brollón (Lugo).
- Xornadas «Pola liberdade d'expressión saharauis». 1 de xullo de 2017 en Sarria (Lugo).
- Iniciativa «Xestión sustentábel do territorio: avanzando en Galiza e Europa». 8 de xullo de 2017 en Pontevedra (Pontevedra).
- Conferencia «Reflexións, experiencias e desafíos para a esquerda». 15 de setembro de 2017 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Iniciativa «O empoderamento das mulleres na esquerda política e social: análises, avances, retos». 11 de novembro de 2017 en Cangas do Morrazo (Pontevedra).
- Visita a Estremadura e reunión con colectivos sociais. 2 e 3 de novembro de 2017.
- Seminario de análise política «Pensando o Estado na Europa do século XXI». 17 e 18 de novembro de 2017 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Conferencia «A mina de Touro: un problema de todos». 2 de decembro de 2017 en Boqueixón (A Coruña).
- Conferencia «A mina de Touro: un problema de todos». 13 de xaneiro de 2018 no Pino (A Coruña).
- Seminario «Movementos feministas en Ecuador e en Galiza: unindo loitas». 9 de marzo de 2018 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Presentacións do libro «Feminismo: imprescindible para construír outra Europa». Abril, maio e setembro de 2018 en Chantada (Lugo), Vigo (Pontevedra), A Estrada (Pontevedra), Ferrol (A Coruña) e Pontedeume (A Coruña).
- Iniciativa «Impacto da futura PAC nas áreas de montaña». 12 de maio de 2018 en Laza (Ourense).
- Xornadas «Acceso aos servizos básicos: un dereito esencial para as zonas rurais en Europa». 26 de maio de 2018 en Vedra (A Coruña).
- Seminario de análise política «O Estado español e as nacións sen estado». 1 e 2 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Conferencia «Os incendios forestais na UE: alternativas de protección». 9 de xuño de 2018 en Monforte de Lemos (Lugo).
- Conferencia «O futuro do xeito e da pesca artesanal galega na UE». 14 de setembro de 2018 en Cangas do Morrazo (Pontevedra).
- Conferencia «O futuro do xeito e da pesca artesanal galega na UE». 22 de setembro de 2018 en Cambados (Pontevedra).

- Iniciativa «O futuro das pensións: Galiza, Estado español, Europa».28 e 29 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Conferencia «O futuro do xeito e da pesca artesanal galega na UE».5 de outubro de 2018 en Rianxo (A Coruña).
- Conferencia «Con esta UE non hai paz: non ao gasto militar!».8 de novembro de 2018 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Presentación plataforma «Por un sur de Lugo libre de eucaliptos».9 de novembro de 2018 en Monforte de Lemos (Lugo).
- Conferencia «A PAC: novas orientacións e novidades».10 de novembro de 2018 en Chantada (Lugo).
- Xornada «Mulleres e saúde». 15 de decembro de 2018 en Vigo (Pontevedra).
- Presentacións libro «O futuro das pensións: Galiza, Estado español, Europa» en Lugo (Lugo) e Cangas do Morrazo (Pontevedra) en decembro de 2018. Presentacións en Vigo (Pontevedra), A Estrada (A Coruña), A Coruña (A Coruña), Pontevedra (Pontevedra), Barcelona (Barcelona) e Ferrol (A Coruña) de xaneiro a marzo de 2019.
- Xornada «O auxe do fascismo». 15 e 16 de marzo de 2019 na Coruña (A Coruña).
- Iniciativa «Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: economía no século XXI».30 de marzo de 2019 en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Iniciativa II «Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: economía no século XXI». 6 de abril de 2019 en Santiago de Compostela (A Coruña).

PARLAMENTO EUROPEO (BRUXELAS)

Máis de 500 persoas participaron en delegacións galegas ao Parlamento Europeo en Bruxelas para achegar e visibilizar as súas denuncias.

- No ano 2014: 55 persoas vinculadas a loitas na defensa da terra e o territorio.
- No ano 2015: 12 representantes das traballadoras e traballadores das empresas Lantero e Cleanet; 25 representantes do sector leiteiro; 11 persoas vinculadas á defensa das áreas de montaña; 19 persoas vinculadas á loita polos dereitos das mulleres; 18 persoas de colectivos que loitan contra a contaminación das augas.
- No ano 2016: 7 integrantes de SOS Panadeira; 24 participantes na xornada «Afrontando retos para a supervivencia das abellas en Europa»; 15 participantes na xornada «Defensa e protección da pesca artesanal e a pequena escala»; 63 participantes na xornada «A situación da cultura galega».
- No ano 2017: 13 participantes na xornada «Soberanía alimentaria dentro da nova Política Agraria Común»; 29 participantes no REALPE 2017; 25 integrantes da campaña En Negro contra as Violencias Machistas; 32 participantes na xornada «Defensa do patrimonio galego fronte á eucaliptización».
- No ano 2018: 28 participantes na xornada «Xubilación en tempos de austeridade. Cal será o futuro do noso sistema de pensións? »; 24 participantes no Foro Feminista; 31 participantes na xornada «Unha PAC para o campesiñado e a cidadanía»; 24 participantes no REALPE 2018.

- No ano 2019: 25 participantes no REALPE 2019; 15 mozos e mozas; 15 integrantes da delegación «Aire, auga e terra limpas, para Galiza e para toda Europa».

ACTIVIDADE PARLAMENTARIA

- Durante a lexislatura 2014-2019 Lidia Senra Rodríguez foi a coordinadora do Grupo da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural e, a nivel de todo o Parlamento Europeo, responsábel do seguimento da aplicación da perspectiva de xénero nesta comisión. Tamén foi representante do GUE/NGL na Delegación da Asemblea Parlamentaria Paritaria África, Caribe, Pacífico e Unión Europea e suplente na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo.
- Realizou máis de mil intervencións (orais e escritas) nos debates das sesións plenarias do Parlamento Europeo. Dirixiu á Comisión Europea e ao Consello Europeo máis de 300 preguntas escritas, así como 18 interpelacións orais á Comisión Europea. Impulsou, xunto con outras deputadas e deputados, 76 propostas de resolución. Foi correlatora dun informe sobre o papel das mulleres nas zonas rurais, relatora alternativa en 11 informes da Comisión de Agricultura e da Comisión de Pesca e en 13 informes de opinión. Presentou unha proposta de resolución individual sobre a anexión das augas territoriais do Sáhara Occidental por parte do Reino de Marrocos. Editou 4 publicacións: *Presente e futuro enerxético de Galiza no contexto europeo* (2016),

O feminismo, imprescindible para construír outra Europa (2018), *O futuro das pensións. Galiza, Estado español e Europa* (2018), *Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: Privados? Sociais? A economía no século XXI* (2019) e tres boletíns recompilatorios da súa actividade como parlamentaria (2016, 2017 e 2019).

Os datos da actividade desenvolvida pola eurodeputada Lidia Senra durante a lexislatura 2014-2019 poden ser consultados nas páxina web do Parlamento Europeo (http://www.europarl.europa.eu/meps/pt/125049/MARIA+LIDIA_SENRA+RODRIGUEZ/home), así como na súa propia páxina web (<https://lidiasenra.gal>) e redes sociais (<https://www.facebook.com/LidiaSenraRodriguez> e <https://twitter.com/lidiasenra>).



Lidia Senra Rodríguez

Deputada no Parlamento Europeo

OFICINA EN GALIZA
Rúa do Hórreo, 60. Entrechán.
Santiago de Compostela

OFICINA EN BRUXELAS
Parlamento Europeo,
WIB 02M025, Rua Wiertz, 60.
1047, Bruxelas (Bélxica)

TELÉFONOS
Lidia Senra:
0034 609 845 861

Oficina Bruxelas:
0032 228 474 14

Comunicación Bruxelas:
0034 698 108 434

Oficina Galiza:
0034 881 817 443 /
0034 698 120 268

Comunicación Galiza:
0034 698 144 067

www.lidiasenra.gal

 LidiaSenraRodriguez

 @LidiaSenra

 @AGEuropa

 AGE en Europa